



H2040
BelénRubio

**PROGRAMA DE
GOBERNO
2026-2032**

**PROGRAMA DE GOBERNO PARA A
UNIVERSIDADE DE VIGO
2026-2032**

Horizonte 2040

Belén Rubio



Este programa de goberno foi elaborado polo equipo de H2040 para concorrer ás eleccións á Reitoría da Universidade de Vigo que se celebran en maio de 2026.

As propostas xorden da escoita e as reunións previas programadas con centros, grupos, colectivos, representantes e persoas da Universidade entre novembro de 2025 e abril de 2026.

Vigo, 14 de abril de 2026



Índice

<i>Presentación</i>	
Son Belén Rubio, e preséntome á Reitoría da Universidade de Vigo	15
O proceso	
<i>Antes de comezar...</i>	
Como fixemos este programa	
Como estruturamos este programa	17
O programa	21
0. Obxectivos.	21
01. Calidade	21
02. Excelencia	21
03. Competitividade	21
04. Estabilidade.	21
05. Benestar e desenvolvemento das persoas	21
06. Innovación, eficiencia e transformación dixital	22
07. Comunicación	22
08. Internacionalización	22
09. Desconcentración	22
10. Impacto social	22
BLOQUE H. As persoas	23
H1. PDI.	25
Persoal Docente e Investigador	
1. CARREIRA ACADÉMICA E INVESTIGADORA	26
<i>1.1. Estabilización, promoción e remuda</i>	26
<i>1.1.1. Reducir o desequilibrio entre ámbitos (Plan Equilibra)</i>	26
<i>1.1.2. Reforzar e axilizar a política de estabilización do profesorado</i>	26
<i>1.1.3. Transformación e promoción do profesorado</i>	26
<i>1.1.4. Melloras na situación do profesorado</i>	27
<i>1.2. Remuda xeracional (Plan REXE-PDI)</i>	27
<i>1.3. Internacionalización</i>	28
<i>1.4. Acollida, formación e desenvolvemento</i>	28



2. PLANIFICACIÓN E DEDICACIÓN DOCENTE	29
2.1. <i>Deseño, implantación e xestión académica</i>	29
2.2. <i>Recoñecemento da actividade docente</i>	30
3. CONDICIÓNS DE TRABALLO, SAÚDE E BENESTAR	30
4. INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA	31
4.1. <i>Apoio á investigación</i>	31
4.2. <i>Transferencia e impacto</i>	31
H2. PTXAS.	
Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos	32
1. CARREIRA PROFESIONAL	32
1.1. <i>Estabilización, profesionalización e remuda (Plan REXE-PTXAS)</i>	32
1.2. <i>Promoción, formación e desenvolvemento</i>	33
1.3. <i>Organización e xestión laboral</i>	33
2. DESEMPEÑO PROFESIONAL	34
2.1. <i>Conciliación, benestar e clima laboral</i>	34
2.2. <i>Igualdade, diversidade, sostibilidade e internacionalización</i>	34
2.3. <i>Formación, dixitalización e modernización</i>	34
2.4. <i>Comunicación e participación</i>	34
H3. PI/PAI.	
Persoal Investigador / Persoal de Apoio á Investigación	36
1. ESTRUTURA E CONDICIÓNS LABORAIS	36
1.1. <i>Recoñecemento dun novo colectivo</i>	36
1.1.1. <i>Estruturación e recoñemento do PI e do PAI</i>	36
1.1.2. <i>Desenvolvemento da carreira investigadora e captación do talento</i>	36
1.2. <i>Mellora das condicións laborais</i>	37
2. FORTALECEMENTO E APOIO Á INVESTIGACIÓN	37
2.1. <i>Estruturación da investigación</i>	37
2.2. <i>Excelencia investigadora</i>	38
2.3. <i>Integración, formación e proxección internacional</i>	38
H4. EST.	
Estudantando	40
1. DOCENCIA INNOVADORA E PARTICIPATIVA	40
1.1. <i>Titulacións</i>	40
1.2. <i>Campus e centros</i>	40
1.3. <i>Carreira e vida universitaria</i>	41



2. ACCESO Á UNIVERSIDADE	42
2.1. Captación de estudando	42
2.2. Axudas e bolsas	42
3. DIVERSIDADE, INCLUSIÓN, LIBERDADE E RESPECTO	43
3.1. Universidade inclusiva e diversa	43
3.2. Benestar social, físico, mental e emocional	43
4. FORMACIÓN INTEGRAL	44
4.1. Competencias e formación ao longo da vida	44
4.2. Actividades culturais e de lecer	44
5. PARTICIÓN, REPRESENTACIÓN E ASOCIACIONISMO	45
5.1. Participación na Universidade e nos centros	45
5.2. Asociacionismo	45
6. EMPREGABILIDADE E EMPRENDEMENTO	46
6.1. Presenza na carreira académica	46
6.2. Incorporación ao mercado laboral	47
7. INTERNACIONALIZACIÓN E MOBILIDADE	47
7.1. Facilitación da mobilidade	47
7.2. Internacionalización	48
8. PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES	48
8.1. Integración do programa	48
8.2. Investigación	49
8.3. Mobilidade	49

BLOQUE 20. LIÑAS ESTRATÉXICAS 51

20 liñas estratéxicas 53

Liña estratéxica 1. Gobernanza e participación	57
Medida 1. Gobernanza para as persoas	57
Medida 2. Planificación estratéxica da Universidade	57
Medida 3. Gobernanza Participativa	57
Medida 4. Transparencia e rendición de contas	58
Medida 5. Simplificación administrativa	58
Medida 6. Dixitalización da xestión universitaria	59
Medida 7. Coordinación institucional	59
Medida 8. Cultura institucional baseada nos datos	59
Medida 9. Integridade institucional e boas prácticas	60
Medida 10. Avaliación e mellora continua	60
Medida 11. Sistema de enquisas de calidade	61
Liña estratéxica 2. Xestión e organización administrativa	63
Medida 1. Modernización da estrutura organizativa	63
Medida 2. Profesionalización e desenvolvemento do PTXAS	63
Medida 3. Simplificación administrativa e mellora procedemental	63
Medida 4. Dixitalización da xestión universitaria	64
Medida 5. Gobernanza administrativa e coordinación institucional	64



Medida 6. Cultura de calidade na xestión	64
Medida 7. Xestión baseada en datos	64
Medida 8. Formación e capacitación do PTXAS	65
Medida 9. Benestar laboral e organización do traballo	65
Medida 10. Transparencia, integridade e servizo público	65
Liña estratéxica 3. Política de persoal docente e investigador	67
Medida 1. Planificación estratéxica e cadro de persoal	67
Medida 2. Estabilización, promoción e carreira académica	67
Medida 3. Atracción, retención e desenvolvemento do talento	68
Medida 4. Recoñecemento da docencia, a investigación e a transferencia	68
Medida 5. Formación permanente e innovación docente	69
Medida 6. Condicións laborais, conciliación e benestar	69
Medida 7. Simplificación administrativa e mellora da gobernanza do PDI	70
Liña estratéxica 4. Estudantado e vida universitaria	71
Medida 1. Equidade, apoio económico e igualdade de oportunidades	71
Medida 2. Benestar integral, saúde e calidade de vida	71
Medida 3. Vida universitaria, participación e asociacionismo	72
Medida 4. Experiencia académica e desenvolvemento integral	73
Medida 5. Servizos ao estudantado e transformación dixital	73
Medida 6. Infraestruturas, espazos e mobilidade	73
Medida 7. Inclusión, diversidade e atención á comunidade estudiantil	73
Liña estratéxica 5. Igualdade, diversidade, inclusión e saúde no traballo	75
Medida 1. Igualdade de xénero e universidade feminista	75
Medida 2. Prevención da violencia e garantía de convivencia	75
Medida 3. Atención á diversidade e inclusión	76
Medida 4. Accesibilidade universal e inclusión efectiva	76
Medida 5. Cultura institucional e inclusiva	77
Medida 6. Prevención de riscos laborais	77
Liña estratéxica 6. Oferta académica e titulacións	79
Medida 1. Planificación estratéxica da oferta académica	79
Medida 2. Actualización e mellora continua dos plans de estudio	80
Medida 3. Diversificación de formatos e modalidades docentes	80
Medida 4. Formación permanente e aprendizaxe ao longo da vida	80
Medida 5. Internacionalización da oferta académica	80
Medida 6. Conexión coa empregabilidade e o tecido socioeconómico	81
Medida 7. Calidade, avaliación e mellora de títulos	81
Medida 8. Xestión eficiente de apoio ás titulacións	81
Liña estratéxica 7. Calidade	83
Medida 1. A calidade como eixe de gobernanza	83
Medida 2. Sistema institucional de calidade harmonizado	83
Medida 3. Calidade na docencia	83
Medida 4. Calidade na investigación e a transferencia	84
Medida 5. Calidade nos servizos de mellora procedemental	84
Medida 6. Mellora do sistema de enquisas de e calidade	85
Medida 7. Cultura de calidade participativa	85



<i>Medida 8. Recoñecemento de boas prácticas</i>	85
<i>Medida 9. Modelo de calidade orientado a resultados</i>	86
<i>Medida 10. Sistema integrado de xestión documental e de actas</i>	86
Liña estratéxica 8. Innovación docente	87
<i>Medida 1. Estruturación e apoio á innovación docente</i>	87
<i>Medida 2. Proxección externa e cooperación en innovación docente</i>	87
<i>Medida 3. Formación e cultura da innovación docente</i>	87
<i>Medida 4. Desenvolvemento de modelos docentes innovadores</i>	88
<i>Medida 5. Innovación baseada en simulación e tecnoloxías inmersivas</i>	88
<i>Medida 6. Dixitalización e intelixencia artificial na docencia</i>	89
<i>Medida 7. Recoñecemento institucional da innovación docente</i>	89
Liña estratéxica 9. Captación, permanencia e éxito do estudantado	91
<i>Medida 1. Estratexia de captación e orientación universitaria</i>	91
<i>Medida 2. Acollida, transición e integración no sistema universitario</i>	91
<i>Medida 3. Permanencia, seguimento e prevención do abandono</i>	92
<i>Medida 4. Éxito académico e mellora do rendemento</i>	92
<i>Medida 5. Flexibilidade, conciliación e adaptación de traxectorias</i>	92
<i>Medida 6. Empregabilidade e conexión co mundo profesional</i>	93
Liña estratéxica 10. Empregabilidade e orientación profesional	95
<i>Medida 1. Orientación integral do estudantado</i>	95
<i>Medida 2. Mellora da empregabilidade a través da formación práctica</i>	95
<i>Medida 3. Programa de prácticas de inserción laboral</i>	96
<i>Medida 4. Relación co tecido produtivo e profesional</i>	96
<i>Medida 5. Mentorización, redes profesionais e comunidade Alumni</i>	97
<i>Medida 6. Empregabilidade global e formación ao longo da vida</i>	97
Liña estratéxica 11. Investigación	99
<i>Medida 1. Desburocratización dos procesos vinculados á investigación</i>	99
<i>Medida 2. Operativa e dotacións de apoio á investigación</i>	99
<i>Medida 3. Incentivación e recoñecemento da investigación</i>	100
<i>Medida 4. Atracción e fomento do talento investigador</i>	101
<i>Medida 5. Retención do talento</i>	102
<i>Medida 6. Bibliotecas universitarias e Ciencia Aberta</i>	102
<i>Medida 7. Internacionalización da investigación e captación de fondos</i>	103
Liña estratéxica 12. Transferencia e valorización do coñecemento	105
<i>Medida 1. Estruturación da transferencia</i>	105
<i>Medida 2. Fomento de transferencia e colaboración co tecido</i>	105
<i>Medida 3. Difusión, visibilidade e transferencia social</i>	106
<i>Medida 4. Internacionalización da transferencia</i>	107
<i>Medida 5. Protección e valorización do coñecemento</i>	107
Liña estratéxica 13. Internacionalización	109
<i>Medida 1. Cooperación internacional e posicionamento global</i>	109
<i>Medida 2. Internacionalización na docencia e da oferta académica</i>	109
<i>Medida 3. Mobilidade internacional inclusiva e de calidade</i>	110
<i>Medida 4. Competencia lingüística e internacionalización na casa</i>	110
<i>Medida 5. Atracción do talento e comunidade internacional</i>	111



Liña estratéxica 14. Cooperación universitaria ao desenvolvemento	111
<i>Medida 1. Integración da cooperación e dos ODS na universidade</i>	113
<i>Medida 2. Proxectos de cooperación e transferencia para o desenvolvemento sostible</i>	113
<i>Medida 3. Transformación social, dereitos humanos e inclusión</i>	114
<i>Medida 4. Fomento da participación e cultura de cooperación</i>	114
<i>Medida 5. Xestión, avaliación e integración institucional</i>	114
Liña estratéxica 15. Financiamento e sostibilidade económica	115
<i>Medida 1. Diversificación de fontes de financiamento</i>	115
<i>Medida 2. Planificación estratéxica e transparencia financeira</i>	116
<i>Medida 3. Sostibilidade económica e medioambiental</i>	117
<i>Medida 4. Relacións institucionais e posicionamento estratéxico</i>	117
<i>Medida 5. Estratexia, planificación e universidade do futuro</i>	118
Liña estratéxica 16. Infraestruturas e campus	121
<i>Medida 1. Planificación estratéxica das infraestruturas universitarias</i>	121
<i>Medida 2. Renovación, ampliación e adecuación das infraestruturas</i>	121
<i>Medida 3. Humanización e mellora dos espazos universitarios</i>	122
<i>Medida 4. Modernización tecnolóxica e adaptación de espazos docentes</i>	122
<i>Medida 5. Desenvolvemento de infraestruturas para a vida universitaria</i>	123
<i>Medida 6. Conectividade, mobilidade e integración coa contorna</i>	123
<i>Medida 7. Desenvolvemento do campus con identidade e especialización</i>	124
Liña estratéxica 17. Transformación dixital	125
<i>Medida 1. Infraestrutura dixital e gobernanza da IA</i>	125
<i>Medida 2. Desenvolvemento de ferramentas finalistas</i>	125
<i>Medida 3. Impulso á innovación dixital interna</i>	126
<i>Medida 4. Implantación responsable da intelixencia artificial</i>	126
<i>Medida 5. Formación e competencias dixitais en IA</i>	127
Liña estratéxica 18. Sostibilidade	129
<i>Medida 1. Eficiencia enerxética e transición cara enerxías renovables</i>	129
<i>Medida 2. Mobilidade sostible</i>	130
<i>Medida 3. Sostibilidade na actividade académica</i>	130
<i>Medida 4. Investigación e innovación para a sostibilidade</i>	130
<i>Medida 5. Cultura ambiental e implicación da comunidade universitaria</i>	131
Liña estratéxica 19. Comunicación	133
<i>Medida 1. Plan de comunicación da Universidade de Vigo</i>	133
<i>Medida 2. Mellora da comunicación interna</i>	134
<i>Medida 3. Reforzo da estrutura de comunicación da UVigo</i>	135
<i>Medida 4. Estratexia de marca, cultura e reputación institucional</i>	136
<i>Medida 5. Comunicación científica e transferencia</i>	136
<i>Medida 6. Estratexia dixital e redes sociais</i>	137
<i>Medida 7. Relación da sociedade e os medios</i>	138
<i>Medida 8. Comunicación orientada a estudantado e captación de talento</i>	138
<i>Medida 9. Cultura institucional da comunicación</i>	139



Liña estratéxica 20. Extensión universitaria e normalización lingüística	141
<i>Medida 1. Inclusión real</i>	141
<i>Medida 2. Mellora da accesibilidade física e en liña</i>	142
<i>Medida 3. Infraestruturas deportivas e actividades de lecer</i>	142
<i>Medida 4. Fomento e consolidación na cultura do voluntariado</i>	143
<i>Medida 5. Marco estratéxico de acción cultura l</i>	144
<i>Medida 6. Programa Universitario de Maiores</i>	144
<i>Medida 7. Normalización Lingüística e promoción do galego</i>	145

Bloque 40. Compromisos	149
<i>40 compromisos</i>	151

Bloque. Campus	153
-----------------------	-----

CAMPUS DE OURENSE	155
<i>Medida 1. Gobernanza e fortalecemento institucional</i>	155
<i>Medida 2. Simplificación administrativa e transformación dixital</i>	155
<i>Medida 3. Persoal, formación e organización académica</i>	156
<i>Medida 4. Benestar, equidade e vida universitaria</i>	156
<i>Medida 5. Cultura, lingua e compromiso social</i>	157
<i>Medida 6. Inclusión, igualdade e participación</i>	157
<i>Medida 7. Infraestrutura e mellora de espazos</i>	158
<i>Medida 8. Consolidación e proxección estratéxica do Campus Auga</i>	160

CAMPUS DE PONTEVEDRA	162
<i>Medida 1. Gobernanza participativa e fortalecemento institucional</i>	162
<i>Medida 2. Persoal, formación e organización académica</i>	162
<i>Medida 3. Benestar, equidade, accesibilidade e vida universitaria</i>	163
<i>Medida 4. Infraestruturas, espazos e medios</i>	165
<i>Medida 5. Identidade e desenvolvemento estratéxico do Campus CREA</i>	166
<i>Medida 6. Integración co territorio e proxección do campus</i>	166
<i>Medida 7. Impulso á investigación no campus de Pontevedra</i>	167
<i>Medida 8. Oportunidades para o estudantando</i>	167
<i>Medida 9. Internacionalización do campus</i>	168
<i>Medida 10. A creatividade no campus</i>	168

CAMPUS DE VIGO	169
<i>Medida 1. Mobilidade e accesibilidade</i>	169
<i>Medida 2. O campus como espazo de vida</i>	169
<i>Medida 3. Sostibilidade e contorna natural</i>	169
<i>Medida 4. Infraestrutura e planificación</i>	170
<i>Medida 5. Integración coa cidade e co territorio</i>	170
<i>Medida 6. Identidade e proxección do campus</i>	171



Bloque. Centros

173

PROPOSTAS XERAIS

175

1. *Gobernanza e papel dos centros* 175
2. *Docencia e titulacións* 175
3. *Infraestruturas e espazos docentes* 175
4. *Investigación e actividade académica nos centros* 176
5. *Apoio administrativo e de xestión* 176
6. *Vida universitaria e servizos nos centros* 176
7. *Internacionalización e proxección* 176
8. *Comunicación e identidade dos centros* 176

PROPOSTAS ESPECÍFICAS

177

1. *Escola Superior de Enxeñería informática* 177
2. *Escola de Enxeñería Aeronáutica e do Espazo* 177
3. *Escola de Enxeñería Forestal* 177
4. *Escola de Enxeñería de Telecomunicación* 177
5. *Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía* 178
6. *Escola de Enxeñería Industrial* 178
7. *Facultade de Ciencias* 178
8. *Facultade de Historia* 178
9. *Facultade de Dereito* 178
10. *Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo* 178
11. *Facultade de Educación e Traballo Social* 179
12. *Facultade de Relacións Internacionais* 179
13. *Facultade de Belas Artes* 179
14. *Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte* 179
15. *Facultade de Comunicación* 179
16. *Facultade de Fisioterapia* 179
17. *Facultade de Deseño* 180
18. *Facultade de Dirección e Xestión Pública* 180
19. *Facultade de Filoloxía e Traducción* 180
20. *Facultade de Bioloxía* 180
21. *Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais* 180
22. *Facultade de Comercio* 181
23. *Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo* 181
24. *Facultade de Ciencias do Mar* 181
25. *Facultade de Química* 181



Bloque. Goberno	183
Estrutura do equipo de goberno	185
Proposta de membros do equipo de goberno	187
<i>Belén Rubio, candidata á Reitoría</i>	187
<i>María José Bravo-Bosch - Secretaría Xeral</i>	189
<i>Emma Torres Romay - Vicerreitoría de Comunicación e Normalización Lingüística</i>	191
<i>Pablo Cabanelas Lorenzo - Vicerreitoría de Economía, Estratexia e Empredemento</i>	193
<i>Eva María Lantarón Caeiro - Vicerreitoría de Estudantando e Captación</i>	195
<i>Alma Gómez Rodríguez - Vicerreitoría de Extensión Universitaria</i>	197
<i>Félix Quintero Martínez - Vicerreitoría de Infraestruturas e Sostibilidade</i>	199
<i>Iago Pozo Antonio - Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación ao Desenvol.</i>	201
<i>Javier Roca Pardiñas – Vicerreitoría de Investigación e Transferencia</i>	203
<i>Adela Sánchez Moreiras – Vicerreitoría de Profesorado, Ord. Académica e Titulacións</i>	205
<i>Luís Álvarez Sabucedo – Vicerreitoría de Transformación Dixital</i>	207
<i>Javier Rodríguez Rajo – Vicerreitoría do Campus de Ourense</i>	209
<i>Sara Domínguez Llorca – Vicerreitoría do Campus de Pontevedra</i>	211
Anexos	213
1. Relación de obxectivos e liñas estratéxicas	215
2. Relación de liñas estratéxicas con compromisos	216
3. Relación de acrónimos	217





#auniversidadedaspersonas





Presentación

Son Belén Rubio e preséntome á Reitoría da Universidade de Vigo

Semellan unhas palabras sinxelas, pero supoñen un dos retos máis importantes e emocionantes da miña vida.

*Na Universidade de Vigo afrontamos unha **ETAPA DECISIVA**. O mundo muda a unha velocidade vertixinosa e, con el, mudan tamén as demandas sociais, tecnolóxicas e ambientais que interpelan á **universidade pública**.*

*Mais onde hai **desafíos**, hai tamén oportunidades: **oportunidades** para reforzar o noso liderado académico e científico, para ampliar o noso impacto social e para consolidarnos como **motor de transformación e futuro para Galicia**.*

*O noso maior activo son **AS PERSOAS**. O PDI, o PI, o PAI, o PTXAS e o estudantado, que conforman unha **comunidade comprometida, diversa e talentosa** que nunca rexeitou a responsabilidade e o esforzo compartido.*

*Por iso, as persoas e o seu **benestar** sitúanse no centro do noso proxecto H2040, a universidade das persoas.*

*Queremos que cada membro da Universidade de Vigo sinta que a institución o acompaña, o escoita e impulsa o seu **desenvolvemento persoal, académico e profesional**.*

*A experiencia adquirida, e unha clara capacidade de renovación, permítenos formular un **MODELO DE UNIVERSIDADE** moi concreto.*

*Apostamos por unha universidade **pública, plural, feminista, inclusiva e igualitaria**, comprometida coa eliminación das desigualdades e coa promoción dunha **igualdade real e efectiva**.*

*Unha universidade que respecte e celebre a **diversidade**, que fomente os valores democráticos e que coide da súa comunidade, da súa lingua, do seu patrimonio e da súa contorna, e que constrúa **cohesión social e progreso colectivo**.*

*Os nosos valores, como H2040, supoñen formular unha serie de **RETOS E PROPOSTAS** que plasmamos no noso programa de goberno:*

***Avanzar** para anticiparnos ás demandas sociais e tecnolóxicas, reforzando a excelencia docente e investigadora.*



Innovar promovendo cambios baseados no coñecemento, impulsando a dixitalización intelixente e abrindo novos camiños de transferencia.

Colaborar contando coa sociedade e coa nosa comunidade universitaria, fortalecendo a participación, a corresponsabilidade e o diálogo permanente.

Coidar das persoas, do talento, das condicións de traballo, dos campus e do ambiente, garantindo unha universidade sostible e saudable para todos e todas.

Impulsar un modelo de gobernanza participativo, ético, transparente e eficiente, apoiado no uso estratéxico do dato e nunha sólida cultura da rendición de contas.

Consolidar un modelo de universidade moderna e áxil, capaz de responder con eficacia aos retos actuais e futuros.

Reforzar a internacionalización da universidade, abríndonos ao mundo sen perder o noso profundo arraigamento territorial, sendo un axente chave no desenvolvemento económico, social e cultural de Galicia.

Este proxecto é froito dun **PROCESO** de reflexión compartida, do diálogo e da conversa coa comunidade universitaria, e da experiencia acumulada na xestión e no coñecemento da institución.

É unha folla de ruta **ambiciosa pero realista**, pensada para ser executada con rigor, avaliación continua e compromiso colectivo.

Queremos que, cando as accións propostas sexan realidade, sintades **orgullo de pertenza**. Orgullo dunha universidade que medra, avanza, innova e coida da súa xente. Orgullo dunha Universidade de Vigo que asume con responsabilidade o seu valor público e o seu papel central na construción dun país **máis xusto, crítico e preparado para o futuro**.

Este é un camiño colectivo.

O meu equipo está preparado, comprometido e ilusionado para facer realidade a Universidade de Vigo que queremos ser en 2040 e precisamos a **colaboración e o diálogo** con todas as persoas. **Falamos?**


Belén Rubio Armesto, abril de 2026

Proceso

Como fixemos este programa

O programa que presentamos xorde dun traballo desenvolvido desde hai meses polo equipo de H2040. A recollida de información supuxo un **diálogo directo e atento** coas persoas que conforman a Universidade de Vigo.

Imaxe 1. Proceso de elaboración do Programa de Goberno 2026 de H2040



Fonte: H2040, 2026

O proceso de elaboración foi **participado, rigoroso e baseado en evidencias**. Durante os últimos meses realizamos máis de 50 reunións cos distintos colectivos da Universidade de Vigo – PDI nas súas diferentes categorías, PTXAS, PI, PAI e estudantado – co obxectivo de escoitar de xeito directo as súas necesidades, propostas e preocupacións.

Este proceso de escoita activa completouse coa análise de datos institucionais, datos procedentes do Portal de Transparencia, de programas anteriores e de documentos estratéxicos. Ademais, elaboráronse **materiais específicos** para cada colectivo co fin de identificar prioridades e desafíos concretos.

Este traballo realizouse tendo en conta o contexto actual de **reformas normativas** no sistema universitario e apoiándose na **experiencia de xestión** do equipo, o que permitiu construír un programa realista, fundamentado en datos e orientado a responder ás necesidades da comunidade universitaria.

Agradecemos a acollida recibida por parte de todos os colectivos da universidade durante este proceso.




Como estruturamos este programa

A nosa Universidade é unha **organización ampla e complexa**, na que deben terse en conta a súa grande estrutura e, sobre todo, a pluralidade de persoas con necesidades comúns pero tamén específicas. Isto implica que un programa de goberno realista, que atenda a todas esas necesidades dos diferentes colectivos, é un documento complexo.

Desde un punto de vista operativo, é preciso partir duns **obxectivos (O)** que se formulan logo do proceso de escoita e investigación, descrito no apartado anterior, e que supoñen as bases das **medidas, accións e compromisos** que se adquiren na nosa proposta.

Imaxe 2. Estrutura do programa de goberno de H2040



Para H2040 o eixe do programa son **AS PERSOAS** da Universidade, e por esa razón partimos dun **primeiro bloque (H)** no que aportamos as nosas propostas para atender as necesidades específicas das persoas que conforman a nosa Universidade. Neste apartado realízase unha enumeración xeral das **medidas** que serán descritas en detalle no seguinte apartado.

No **segundo bloque (20)** organizamos a información atendendo ás **LIÑAS ESTRATÉXICAS** que teñen que ver coas distintas funcións que cumpre a Reitoría da Universidade de Vigo, independentemente da distribución das Vicerreitorías (ver bloque V). En cada unha desas áreas deben enfrontarse retos que serán atendidos mediante **medidas e accións** específicas.



No **terceiro bloque (40)**, aportamos 40 **COMPROMISOS** concretos para a xestión da universidade prevista nos vindeiros 6 anos de mandato do equipo reitoral.

A continuación, no **cuarto bloque (Campus)**, facemos unha descrición pormenorizada das medidas formuladas para os tres **CAMPUS DA UNIVERSIDADE**, amosando as posibilidades de colaboración das distintas Vicerreitorías no deseño de espazos formativos participativos, abertos, accesibles, comprometidos e cohesionados co territorio.

Para entender a información desta proposta de programa, debemos ter en conta que o funcionamento do mesmo depende dos **CENTROS DA UNIVERSIDADE**, aos que se dedica un apartado específico no **quinto bloque (Centros)**.

Finalmente, aportamos a información sobre a estrutura deseñada para o **GOBERNO DA UNIVERSIDADE**, presentando ás persoas que presentamos para traballar nas distintas Vicerreitorías nun sexto **bloque (Goberno)** que resposta ás necesidades previstas nos obxectivos.

Do mesmo xeito, pódense consultar un apartado de **anexos** nos que sintetiza todo o documento vinculando os obxectivos coas medidas e cos compromisos, ademais de contarse cunha listaxe de acrónimos.

Toda a documentación deste programa, especialmente no referido a eses plans e accións, pode consultarse na páxina web:

<https://h2040.webs.uvigo.es/>





Programa

0. Obxectivos

O proxecto de H2040 para a Universidade de Vigo constrúese arredor dun conxunto de obxectivos que orientan as políticas e actuacións propostas neste programa. Estes obxectivos sintetizan as prioridades detectadas durante o proceso de escoita activa coa comunidade universitaria e a análise das necesidades actuais da institución, nun contexto marcado por profundas transformacións sociais, tecnolóxicas e normativas.

A través destes obxectivos definimos o **MODELO DE UNIVERSIDADE** que queremos impulsar nos vindeiros anos: **unha universidade centrada nas persoas, estable no seu desenvolvemento institucional, aberta á participación e capaz de responder aos retos do futuro.**

01. Calidade

Situar a calidade como eixe transversal da gobernanza universitaria, integrándoa en todas as políticas institucionais – docencia, investigación, transferencia e servizos – mediante sistemas de avaliación, mellora continua e participación da comunidade universitaria.

02. Excelencia

Promover a excelencia académica, científica e de xestión da Universidade de Vigo, reforzando o talento, a innovación docente, a investigación de impacto e a transferencia de coñecemento cara á sociedade.

03. Competitividade

Fornecer a capacidade da universidade para captar talento, recursos e oportunidades nunha contorna académica cada vez máis global, mellorando a súa posición en convocatorias competitivas, proxectos internacionais e alianzas estratéxicas.

04. Estabilidade

Garantir un desenvolvemento institucional sostible, baseado na estabilidade das persoas que conforman a universidade, nun financiamento sólido e nunha planificación estratéxica que permita afrontar con garantía os retos presentes e futuros.

05. Benestar e desenvolvemento das persoas

Colocar ás persoas no centro da institución, promovendo unhas condicións de traballo dignas, baseadas na conciliación, a saúde laboral, o tele-traballo, o recoñecemento profesional e as oportunidades de



desenvolvemento para todos os colectivos, reforzando o sentimento de pertenza á universidade.

06. Innovación, eficiencia e transformación dixital

Impulsar unha universidade innovadora e tecnoloxicamente avanzada, promovendo a dixitalización intelixente da docencia, da investigación e da xestión en todos os seus niveis, simplificando os procesos administrativos para garantir unha xestión máis áxil, eficiente e orientada ao servizo da comunidade universitaria.

07. Comunicación

Reforzar os mecanismos de comunicación interna e externa da universidade, promovendo a transparencia institucional, o acceso á información e unha relación máis directa coa comunidade universitaria e coa sociedade.

08. Internacionalización

Impulsar a proxección internacional da universidade mediante alianzas estratéxicas, programas de mobilidade, titulacións dobres e conxuntas e unha maior presenza global da súa actividade docente, investigadora e cultural.

09. Desconcentración

Avanzar cara a un modelo de gobernanza máis participativo e eficiente, reforzando o papel dos centros, departamentos e campus na toma de decisións e na implementación de políticas universitarias.

10. Impacto social

Reforzar o papel da universidade como motor de desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia, fortalecendo a transferencia de coñecemento, a colaboración co tecido institucional e empresarial e a participación activa na resolución dos retos da sociedade.



Bloque H. PERSOAS





PDI / PI / PAI ESTUDANTADO PTXAS

O primeiro bloque deste programa está dedicado ás persoas que conforman a nosa comunidade, cun enfoque amplo no que aportamos dereitos e condicións que posteriormente serán desenvolvidas nas liñas estratéxicas, onde aportaremos as medidas precisas:

- H1. PDI. Persoal Docente e Investigador.
- H2. PTXAS. Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos.
- H3. PI. Persoal Investigador e PAI. Persoal de Apoio á Investigación.
- H4. Estudantado da universidade (todos os niveis).





H1. PDI.

PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

1. CARREIRA ACADÉMICA E INVESTIGADORA

1.1. Estabilización, promoción e remuda

1.1.1. Reducir o desequilibrio entre ámbitos (PLAN EQUILIBRA)

Reduciremos o desequilibrio entre ámbitos reforzando a **convocatoria de prazas de axudante doutor do contrato-programa**, dirixidas a aquelas unidades docentes cun maior déficit de capacidade docente. Complementariamente, e de xeito excepcional, promoverase a incorporación de figuras investigadoras para atender necesidades docentes.

Proveremos de **postos docentes ás áreas que requiran un reforzo especial** por causas vinculadas a novas titulacións, dificultades de captación ou xubilacións imprevistas, combinando os contratos-programa coa asignación estratéxica de prazas permanentes.

Faremos procesos de **estabilización das prazas de Profesoras e Profesores Asociadas(os)**, dacordo coas condicións profesionais e de dedicación docente (disposición transitoria sétima da LOSU), de xeito dialogado cos departamentos e os actuais profesores asociados(as) LOU.

1.1.2. Reforzar e axilizar a política de estabilización do profesorado

Reforzaremos e axilizaremos a **política de estabilización do profesorado**, tanto do **profesorado axudante doutor acreditado**, como do **persoal investigador de programas de excelencia** (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, ATRAE e programas de retención), facilitando a súa consolidación en figuras permanentes ou funcionarias.

Garantiremos a **cobertura da reserva do 15 % de prazas** para persoas con certificación R3 ou I3 e a acreditación correspondente, e abriremos dúas convocatorias anuais para a transformación a PPL.

1.1.3. Apoio á transformación e promoción do profesorado

Impulsaremos a **promoción interna**, tanto a do profesorado titular a catedrático, como a do profesorado contratado doutor ou permanente laboral a titular de universidade.



Implementaremos o **Plan CONSOLIDA** para favorecer a promoción interna do **profesorado asociado acreditado**, reservando unha porcentaxe de prazas de PPL na oferta de emprego público, conforme á disposición transitoria oitava da LOSU.

1.1.4. Melloras na situación do profesorado

Negociaremos cos sindicatos o **recoñecemento dos sexenios** de investigación para o persoal investigador posdoutoral dos programas de excelencia.

Desenvolveremos un **programa de apoio á acreditación**, con asesoramento personalizado na preparación e presentación de solicitudes, priorizando ao profesorado laboral e a promoción de mulleres en áreas con baixa presenza de catedráticas.

Dotaremos ao servizo de PDI de ferramentas e recursos que permitan avanzar na **automatización dos procedementos**, con medidas e ferramentas concretas e simplificando a xestión das convocatorias, listaxes de agarda e procesos de selección.

1.2. Remuda xeracional (Plan REXE-PDI)

Desenvolveremos un **plan de remuda xeracional** (Plan REXE-PDI) baseado na análise da estrutura de idade das áreas, departamentos e centros, reforzando o contrato-programa de axudante doutor cunha planificación a curto, medio e longo prazo, orientada ás necesidades estruturais e non só ás demandas docentes inmediatas.

Nas áreas deficitarias onde non sexa posible aplicar este plan, fomentaremos **vías alternativas de incorporación**, como a mobilidade interuniversitaria ou a captación de profesorado visitante con vocación de estabilidade.

Impulsaremos un **acordo de financiamento** coa Xunta de Galicia que garanta a sostibilidade do Plan REXE e a dotación de PDI en áreas estratéxicas.

Fortaleceremos o **programa propio de investigación** como instrumento para atraer e reter talento novo, tanto nacional como internacional.

No **calculado da capacidade docente** das áreas **consideraremos como xubilado ao PDI maior de 63 anos**, favorecendo a anticipación na convocatoria de prazas.



1.3. Internacionalización

Fortaleceremos a **internacionalización do PDI**, promovendo a súa **participación en alianzas e consorcios** como ATHENA e garantindo a integración de criterios de igualdade nestes procesos.

Impulsaremos a **mobilidade internacional** do profesorado e incentivaremos a **producción científica** en colaboración internacional mediante o seu recoñecemento na avaliación investigadora.

Facilitaremos a incorporación de persoal docente e investigador internacional **reducindo a burocracia**, reforzando a Euraxess Welcome Office e desenvolvendo un Centro de Benvida.

Promoveremos **novas iniciativas de internacionalización docente**, como programas COIL, clases espello, cursos internacionais de curta duración e a participación en plataformas globais de formación en liña.

Fomentaremos a **captación de financiamento internacional e privado** para a creación de cátedras de excelencia.

Ampliaremos progresivamente a **docencia en linguas estranxeiras**, especialmente en inglés, mantendo tamén outras linguas estratéxicas.

1.4. Acollida, formación e desenvolvemento

Implantaremos un **programa integral de benvida, acollida e acompañamento** para todo o PDI que se incorpore á Universidade de Vigo.

Reforzaremos a **formación inicial do profesorado axudante doutor**, orientándoa á innovación docente e ao coñecemento dos recursos institucionais.

Impulsaremos a **formación continua do profesorado** mediante unha oferta actualizada e de calidade, que inclúa metodoloxías docentes innovadoras, uso de ferramentas dixitais e integración da intelixencia artificial na práctica docente.

Promoveremos unha **formación integral** que inclúa tamén aspectos de prevención, igualdade e diversidade.

Impulsaremos a programación da **CPFP como eixe** da formación permanente do profesorado.

Incentivaremos a **participación do profesorado** en actividades formativas, recoñecendo o seu impacto na calidade docente.



2. PLANIFICACIÓN E DEDICACIÓN DOCENTE

2.1. Deseño, implantación e xestión académica

Garantiremos unha **planificación docente equilibrada e equitativa**, adaptada ás necesidades reais das titulacións e do profesorado.

Mediremos a **saúde das titulacións** mediante a análise combinada da súa demanda, o seu rendemento e o emprego xerado.

Favoreceremos que os **centros** se presenten á **convocatoria da Xunta de Galicia** para o financiamento de **titulacións de excelencia**.

Conectaremos as titulacións co emprego e coa sociedade **mediante titulacións co-deseñadas** coas empresas, prácticas obrigatorias de calidade, e seguimento da empregabilidade real.

Elaboraremos **un mapa estratéxico de títulos** para a implantación de titulacións en **áreas emerxentes**, con **graos máis flexibles** (itinerarios personalizados), **dobres titulacións** máis accesibles e mencións virtuais que **flexibilicen a oferta formativa**.

Promoveremos **titulacións conxuntas internacionais**, especialmente no marco da Alianza Europea ATHENA e da Eurorrexión Galicia–Norte de Portugal.

Recoñeceremos os **TFG e TFM como actividade docente** a todos os efectos, incorporándoos plenamente ao POD.

Revisaremos a **organización departamental** para mellorar a eficiencia e reforzar o apoio administrativo á coordinación das titulacións.

Faremos unha **transición dialogada co colectivo de PDI** e os departamentos, para a **aplicación do Real Decreto** polo que se determinan as **especialidades de coñecemento** a efectos do establecemento dos **perfis dos concursos das prazas de PDI** e os **ámbitos de coñecemento** a efectos da adscrición dos postos de traballo do profesorado universitario, actualmente en período de exposición pública.

Facilitaremos os **procesos de acceso ao estudantado**, mellorando a preinscrición en mestrados e reforzando a competitividade da UVigo.



2.2. Recoñecemento da actividade docente

Desenvolveremos o **Plan Horizonte 70**, incentivando a permanencia do profesorado mediante recoñecementos progresivos da dedicación docente a partir dos 60 anos.

Recoñeceremos a **sobrecarga docente** derivada de grupos numerosos mediante sistemas progresivos de compensación.

Axustaremos o **recoñecemento dos cargos académicos** ao tamaño e características dos centros.

Actualizaremos a normativa para incluír **todos os cargos unipersoais de goberno** recoñecidos nos estatutos.

Recoñeceremos a **excelencia investigadora e docente** mediante sistemas transparentes, incluíndo incentivos vinculados ao programa DOCENTIA.

Crearemos un **ranking anual do PDI** mediante un sistema de puntos que valore a calidade do traballo realizado nos ámbitos docente, de investigación, de transferencia, de divulgación e de xestión (cargos académicos e outras responsabilidades) establecendo premios para os mellor valorados.

Estenderemos o recoñecemento económico dos **quinquenios** ao profesorado asociado.

3. CONDICIÓN DE TRABALLO, SAÚDE E BENESTAR

Reforzaremos o diálogo cos **órganos de representación do PDI** para mellorar as condicións laborais.

Reduciremos a carga burocrática mediante a **simplificación de procedementos** e a integración de sistemas de xestión.

Desenvolveremos **políticas de conciliación e teletraballo** con criterios claros e adaptables, incorporando protocolos de desconexión dixital.

Impulsaremos medidas para mellorar o **clima laboral e a xestión de conflitos**.

Melloraremos os espazos, equipamentos e infraestruturas de traballo, incorporando a **saúde laboral como eixe fundamental**.

Promoveremos **medidas específicas de conciliación** vinculadas á maternidade e paternidade nos primeiros anos de vida dos nenos/as incluíndo a **implantación de medidas positivas nos concursos de acceso do profesorado**.

Facilitaremos a **participación do PDI en iniciativas de transferencia**, incluíndo as spin-off.



4. INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

4.1. Apoio á investigación

Implantaremos sistemas de **avaliación automática da produción científica** e de transferencia e divulgación a través do portal científico.

Prorrogaremos as **accións estratéxicas de investigación (AEIs)** para optimizar os recursos dos grupos.

Destinaremos unha porcentaxe dos **custos indirectos** aos equipos de investigación e reforzaremos o apoio a centros colaborativos, centros CIGUS e institutos.

Apoiaremos a participación dos centros CIGUS en **convocatorias de excelencia** como María de Maeztu.

Crearemos mecanismos **de avaliación automática da produción científica** e de transferencia, revisando os criterios de avaliación para aliñalos coas principios da **Coalition for Advancing Research Assessment (CoARA)**, evitando ter que depender unicamente de indicadores bibliométricos e incorporando especificidades propias de cada ámbito científico.

4.2. Transferencia e impacto

Impulsaremos **actividades de divulgación científica e cultural** en colaboración coa UCC-i.

Fortaleceremos as **relacións máis estables coa contorna institucional e empresarial**, promovendo a transferencia de coñecemento.

Visibilizaremos a **actividade investigadora** mediante novos catálogos e ferramentas dixitais.

Promoveremos os **doutoramentos industriais** e a colaboración co tecido produtivo.

Reforzaremos a **formación en propiedade intelectual e industrial** e o uso dos servizos da OEPM.

Crearemos un **marco común de creación de spin-offs** con protocolos de axuda en cada fase.



H2. PTXAS

PERSOAL TÉCNICO, DE XESTIÓN, DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZO

1. CARREIRA PROFESIONAL

1.1. Estabilización, profesionalización e remuda (PLAN REXE-PTXAS)

Impulsaremos os **procesos de estabilización e remuda do PTXAS**, adaptando os postos ás cargas reais de traballo e ás prioridades estratéxicas da universidade, mediante a aplicación das ferramentas previstas na LOSU.

Poremos en marcha o **plan de remuda xeracional (Plan REXE-PTXAS)**, baseado nunha previsión detallada das xubilacións e promovendo xubilacións parciais, orientadas a garantir a transferencia de coñecemento e a continuidade organizativa.

Manteremos a senda de **redución da temporalidade** do colectivo, con OPEs anuais e medidas específicas para reducir a temporalidade e axilizar a cobertura con procesos selectivos a un ano, consolidando o colectivo de PTXAS en áreas estratéxicas e axustando a RPT ás funcións e retos actuais.

Revisaranse tamén as **probas de acceso** ás distintas escalas con probas mais acordes á práctica e aos tempos actuais.

Faremos unha análise do **nivel de formación** do persoal propio da Universidade de Vigo, co fin de facer unha estimación precisa da capacidade de promoción do mesmo.

Desenvolveremos unha **carreira profesional estruturada**, tanto horizontal como vertical, con sistemas transparentes de avaliación, recoñecemento e progresión baseados na experiencia, os méritos e a formación.

Garantiremos a **igualdade de oportunidades** no acceso e provisión de postos de traballo

Negociaremos coa mesa sindical para considerar **listaxes de agarda permanentes** para persoal interino.



1.2. Promoción, formación e desenvolvemento

Implantaremos un **plan integral de promoción profesional**, con itinerarios definidos e convocatorias regulares de ingreso, traslado e ascenso en todos os niveis.

Favoreceremos a **promoción interna progresiva** ao longo do mandato, incluíndo procesos de reconversión dentro da mesma escala ou subgrupo.

Impulsaremos a **transformación progresiva da estrutura administrativa**, promovendo a promoción interna do grupo C2 ao C1 e reorientando os postos vacantes cara a perfís técnicos dos subgrupos A1 e A2, adaptados ás necesidades actuais.

Reforzaremos a **formación continua**, vinculada ao desenvolvemento de competencias dixitais, habilidades de comunicación, idiomas, liderado e especialización técnica, incorporando itinerarios certificados e microcredenciais.

Promoveremos **programas de mentoría e acompañamento** para facilitar a integración do persoal novo e a remuda xeracional.

1.3. Organización e xestión laboral

Elaboraremos unha nova **relación de postos de traballo (RPT)**, consensuada coa representación sindical e baseada na consulta aos xefes de servizo de procedementos e cargas de traballo, co obxectivo de modernizar a administración e avanzar na automatización, garantindo a ampliación de emprego.

Deseñaremos e implementaremos a **carreira profesional horizontal** de forma consensuada, respectando os acordos que se poidan acadar na mesa sindical.

Promoveremos **estruturas organizativas máis transversais**, facilitando a mobilidade funcional interna para optimizar os recursos humanos, especialmente en unidades con previsión de xubilacións a curto prazo.

Reforzaremos o **persoal nos campus de Ourense e Pontevedra**, garantindo unha distribución máis equilibrada dos recursos.

Faremos unha **revisión das escalas** dependendo da titulación e crearemos postos polivalentes que poidan ser ocupados por distintas escalas.

Adequaremos o **complemento específico** ás responsabilidades reais dos postos.

Impulsaremos medidas para mellorar o **clima laboral**, incluíndo enquisas periódicas e procedementos de xestión de conflitos, en consonancia coa normativa vixente en materia de convivencia universitaria.



2. DESEMPEÑO PROFESIONAL

2.1. Conciliación, bienestar e clima laboral

Impulsaremos **medidas de flexibilización laboral** que faciliten a conciliación, coa implantación de horarios flexibles, modalidades de teletraballo adaptadas e garantía do dereito á desconexión dixital.

Implantaremos **plans específicos de bienestar e saúde mental**, incluíndo avaliacións de riscos psicosociais e protocolos de actuación ante situacións de estrés.

Actualizaremos o **réxime de permisos**, incorporando medidas adaptadas a situacións de forza maior, necesidades familiares, vulnerabilidade e enfermidades graves.

Revisaremos os **plans de acción social** e as medidas relacionadas coas xubilacións parciais ou anticipadas.

2.2. Igualdade, diversidade, sostibilidade e internacionalización

Reforzaremos **políticas activas** de igualdade de xénero, diversidade funcional, inclusión e conciliación, integrándoas en todos os procesos de selección, promoción e desempeño profesional.

Incorporaremos **criterios de sostibilidade e responsabilidade social** na xestión universitaria, aliñados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Impulsaremos a **mobilidade internacional do PTXAS** mediante programas específicos, como Erasmus+ ou Stella for Staff.

2.3. Formación, dixitalización e modernización

Identificaremos e desenvolveremos **procesos de automatización** para reducir a carga administrativa e mellorar a eficiencia, en colaboración coa área ATIC e os servizos implicados.

Promoveremos a **dixitalización integral dos procedementos**, reducindo a burocracia e os tempos de xestión.

Implantaremos **programas de formación** en ferramentas dixitais avanzadas e intelixencia artificial aplicadas ao traballo administrativo e técnico.

Avaliaremos e melloraremos os **sistemas de xestión** existentes, explorando a creación dunha plataforma dixital integral que centralice servizos, procedementos e acceso á información.



2.4. Comunicación e participación

Desenvolveremos un **plan de comunicación interna** específico para o PTXAS, con canles bidireccionais e espazos de diálogo directo co equipo de goberno.

Estableceremos **vías permanentes de contacto** para a presentación de propostas e consultas.

Garantiremos a **presenza da xerencia** nos tres campus, reforzando a proximidade e a coordinación.

Melloraremos os **sistemas de información e transparencia** mediante indicadores claros sobre recursos humanos, oportunidades e resultados.

Reforzaremos a **participación do PTXAS nos órganos de representación** e nos procesos de toma de decisións, garantindo a súa implicación no deseño das políticas universitarias.

Estableceremos un **calendario estable de reunións** multilaterais cos representantes do PTXAS e os diferentes servizos.



H3. PI/PAI.

PERSOAL INVESTIGADOR (PI) PERSOAL TÉCNICO E DE XESTIÓN DE APOIO Á INVESTIGACIÓN (PAI)

1. ESTRUTURA E CONDICIÓNS LABORAIS

1.1. Recoñecemento dun novo colectivo

1.1.1. Estruturación e recoñecemento do PI e o PAI

A Universidade de Vigo debe asumir plenamente o **novo marco da LOSU**, recoñecendo ao PI e ao PAI como colectivos estratéxicos para o **desenvolvemento científico e a transferencia de coñecemento**. Isto require avanzar na súa definición, integración e visibilización dentro da estrutura universitaria.

Fomentaremos a **carreira profesional do PI e o PAI** segundo as figuras establecidas no convenio colectivo vixente.

Crearemos **mecanismos de avaliación** da investigación e de transferencia adaptados ás especificidades de cada ámbito, aliñados cos **principios internacionais** de avaliación responsable.

Impulsaremos a reforma dos sistemas de avaliación da investigación, avanzando cara a **modelos baseados na calidade** e non na cantidade, reducindo a dependencia de indicadores como o impact factor e recoñecendo contribucións diversas como datos, software, liderado científico ou transferencia.

Reforzaremos o compromiso cos **principios da avaliación responsable (CoARA)**, desenvolvendo accións específicas para adaptar convocatorias e criterios avaliativos a estes estándares internacionais, formulando unha transición clara desde os indicadores clásicos ata a nova perspectiva.

1.1.2. Desenvolvemento da carreira investigadora e captación de talento

Consolidaremos un sistema investigador sólido que garanta **itinerarios profesionais claros**, así como políticas activas de **captación, formación e retención do talento** investigador en todas as etapas da carreira.

Manteremos o compromiso institucional para **atraer e estabilizar investigadores procedentes de programas competitivos** (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, ATRAE, GALTIA, Oportunius e programas semellantes de captación de talento). A proposta é manter a estabilización cando teñan



avaliación positiva do programa e certificación I3/R3, o que implica facilitar o acceso a prazas permanentes da universidade.

Incrementaremos o número de **contratos predoutorais** para reforzar a formación investigadora e a incorporación de novo talento aos grupos de investigación.

Continuaremos co programa de **retención de talento** para consolidar persoal investigador doutor na universidade.

Reforzaremos as políticas vinculadas á **Human Resources Strategy for Researchers (HRS4R)**, incorporando criterios de ciencia aberta, integridade científica, diversidade e sostibilidade na carreira investigadora.

1.2. Mellora das condicións laborais

Reduciremos a **temporalidade** e melloraremos as **condicións laborais** para garantir a continuidade do talento e o desenvolvemento dunha investigación de calidade.

Estableceremos un **plan de axilización da contratación (AXICO)** con cargo a proxectos, fixando prazos máximos que reduzan a incerteza e garantan transparencia e seguridade xurídica.

Potenciaremos a **negociación e o consenso cos órganos** de representación do PDI, PI e PAI en todo o relativo ás condicións laborais, debatendo sobre elementos fundamentais como o papel deste colectivo na docencia.

Melloraremos a **dotación de espazos, equipamentos e condicións de traballo** para o desempeño da actividade investigadora.

2. FORTALECIMENTO E APOIO Á INVESTIGACIÓN

2.1. Estruturação da investigación

Deseñaremos **estruturas sólidas de apoio técnico, administrativo e de xestión**, especialmente para os centros CIGUS, centros colaborativos e institutos de investigación que permitan liberar tempo investigador e mellorar a competitividade dos proxectos.

Promoveremos a creación dunha **Oficina de Congresos** como apoio integral á organización de actividades científicas.

Reforzaremos as **estruturas administrativas de apoio á investigación** para reducir a **burocracia** e mellorar a eficiencia dos procedementos.

Avanzaremos na **profesionalización do PAI** mediante o desenvolvemento dunha carreira específica de **Research Manager**, recoñecendo o seu papel clave no ecosistema de investigación e innovación.



Definiremos **perfis profesionais claros** que inclúan funcións de xestión pre-award e post-award, transferencia de coñecemento, xestión de datos, **apoio á captación de financiamento**, ética e integridade científica, ou xestión de infraestruturas.

Impulsaremos o **desenvolvemento competencial** deste colectivo segundo **marcos europeos** de referencia, favorecendo itinerarios formativos estruturados e progresión profesional.

2.2. Excelencia investigadora

Reforzaremos os **incentivos, o recoñecemento e os mecanismos de apoio á investigación de calidade**

Potenciaremos os **mecanismos de retorno económico directo** aos grupos de investigación, revisando a política de custos indirectos e incentivos.

Eliminaremos a **porcentaxe retida** pola universidade dos recursos liberados dispoñibles nos **proxectos internacionais**.

Ampliaremos ou prorrogaremos as **Accións Estratéxicas de Investigación** para fortalecer a actividade dos grupos.

Revisaremos e flexibilizaremos os **mecanismos de recoñecemento** asociados á captación e execución de proxectos competitivos.

Crearemos **mecanismos de avaliación automática** da produción científica e de transferencia, revisando os criterios de avaliación para aliñalos cos principios da **Coalition for Advancing Research Assessment (CoARA)**, evitando ter que depender unicamente de indicadores bibliométricos e incorporando especificidades propias de cada ámbito científico.

Impulsaremos **políticas de Ciencia Aberta** e acceso aberto, favorecendo a visibilidade, o impacto e o cumprimento dos requisitos das entidades financiadoras, consolidando os **repositorios institucionais** como ferramenta fundamental.

2.3. Integración, formación e proxección internacional

Integraremos de xeito pleno ao **PI e o PAI na comunidade universitaria**, incentivando a súa **proxección internacional** como elemento clave para o fortalecemento do sistema investigador.

Impulsaremos a **formación en investigación** e a preparación de propostas competitivas, incluíndo accións específicas para **programas europeos**.

Desenvolveremos **programas de acollida** e apoio ao persoal investigador, facilitando a súa **integración na universidade**.



Reforzaremos os **servizos de apoio á mobilidade** e á *captación internacional*, ampliando o alcance da Euraxess Welcome Office a un **Centro de Benvida** e mellorando os recursos de información e acompañamento para o persoal investigador e as súas familias.

Traballaremos na **formación en seguridade na investigación** e na adaptación ás recomendacións do Espazo Europeo de Investigación.

Fortaleceremos a **Internacionalización do PI e PAI** promovendo a súa **participación en alianzas** como ATHENA e garantindo a integración de criterios de igualdade nestes procesos.

Impulsaremos a **mobilitade internacional** do PI e PAI e incentivaremos a **producción científica** en colaboración internacional mediante o seu recoñecemento na avaliación investigadora.



H4. EST. ESTUDANTADO

1. DOCENCIA INNOVADORA E PARTICIPATIVA

1.1. Titulacións

Promoveremos unha **oferta de títulos propios** en diferentes modalidades (presencial, híbrida e virtual, tanto síncrona como asíncrona), adaptada ás demandas sociais e ao mercado laboral, acorde con noso modelo de universidade presencial.

Apoiaremos aos centros e departamentos nas **actualizacións dos plans de estudo dos títulos de grao e mestrado universitario**, así como a continua mellora dos programas de doutoramento co traballo da EIDO, co fin de atender ás necesidades formativas e laborais, tanto dunha contorna próxima como do ámbito internacional.

Poñeremos en marcha **programas de incentivo da innovación docente** que consigan unha ensinanza con valor engadido que dinamice e fomente a participación do estudantado, conseguindo unha ensinanza de calidade adaptada á realidade actual.

Ampliaremos a oferta de ensinanzas de **formación permanente no noso CFPF**, así como doutras ensinanzas en formato de microcredenciais en colaboración con empresas e outras institucións, promovendo unha formación ao longo da vida, para mellorar a inserción laboral.

Reformaremos o **modelo de seguimento da calidade** das titulacións e da docencia para xestionalo dun xeito máis coordinado coa temporalización dos procesos formativos.

1.2. Campus e centros

Melloraremos as **infraestruturas e medios tecnolóxicos** dispoñibles para o estudantado, promovendo contornas de aprendizaxe seguras, eficientes e sostibles con medidas concretas: mellora da conectividade Wifi, avaliación das aulas e outros espazos de docencia e estudo para adaptalos a necesidades tecnolóxicas, de seguridade e ergonómicas (ambiente térmico, iluminación, acústica e mobiliario).

Prepararemos ao persoal docente para conseguir un mellor manexo das **canles de comunicación co estudantado** e para empregar novas ferramentas baseadas na IA para a docencia.



Avanzaremos no **programa institucional de simulación profesional avanzada** que permita ao estudiantado experimentar situacións reais das súas futuras profesións. Mediante o uso de **realidade virtual**, facilitaremos recursos para ofrecer xuízos simulados, negociacións, gabinetes de crise, plantas industriais virtuais, laboratorios virtuais, proxectos curatoriais, prácticas museográficas e escenarios de comunicación institucional. Unha forma de achegar a práctica profesional á docencia de maneira estruturada e avaliable.

Desenvolveremos un novo **Plan Integral de Mobilidade** en liña coa nova Lei de Mobilidade Sostible (Lei 9/2025). De acordo con esta lei, desenvolveremos formación en mobilidade sostible para o estudiantado.

Proporemos **solucións de transporte multimodal** aos campus que faciliten a conexión cos nodos do transporte público (estacións de tren, autobús e paradas das lanzadeiras) empregando medios de transporte eficientes como bicicletas e patinetes eléctricos.

Implementaremos solucións para favorecer a **movilidade dentro dos campus**, con iniciativas que faciliten os desprazamentos entre os centros e, polo tanto, melloren a convivencia e a participación.

1.3. Carreira e vida universitaria

En colaboración cos centros, reforzaremos os **mecanismos de revisión das guías docentes** para asegurar a coordinación do profesorado intra- e intermaterias, evitando solapamentos e contribuíndo, mediante un programa de incentivos, a unha formación baseada na innovación.

Potenciarase o programa para o **recoñecemento de actividades extracurriculares** e de participación universitaria nos expedientes do estudiantado que aporte valor á participación e dinamice a vida universitaria.

Mellora da **Universidade de Vigo app** unificando os servizos para o estudiantado. Traballaremos para ofrecer un punto único de acceso á información e aos servizos, permitindo realizar xestións e consultas de maneira máis áxil e eficiente.

Crearemos **novas residencias universitarias** con alugueres accesibles nas cidades de Vigo e Pontevedra e a ampliación da de Ourense para facer fronte ao problema do incremento do custo da vivenda nas cidades.

Traballaremos nun **novo modelo de residencia**, que non só favorecerá o aloxamento accesible, senón que fomentará a vida universitaria incorporando espazos de participación para actividades lúdicas e formativas xestionadas polo estudiantado. As novas residencias incluírán tamén espazos de estudo con contornas de traballo en grupo e equipamento multimedia.

Crearemos **bolsas de aloxamento para o estudiantado** con recursos económicos limitados.



Consensuaremos coa representación estudiantil os **horarios de apertura das bibliotecas** e outros espazos de estudo, e implantaremos procedementos para monitorizar o seu acceso e favorecer un uso máis eficiente.

2. ACCESO Á UNIVERSIDADE

2.1. Captación do estudiantado

Impulsaremos a **participación e colaboración cos centros de ensinanzas preuniversitarias**, en especial cos seus orientadores e orientadoras, co fin de facilitar a transición á universidade, organizando actividades informativas, formativas e de orientación para o futuro estudiantado, onde se lles faga partícipes da oferta académica e dos servizos dispoñibles na universidade.

Formaremos parte do **grupo de traballo na comisión sectorial de asuntos estudiantís** da CRUE.

Difundiremos, a través das distintas **canles de comunicación** e redes sociais, testemuñas de persoas graduadas para axudar na toma de decisións do futuro estudiantado e promocionar a oferta formativa da Universidade de Vigo.

Continuaremos coas **xornadas de benvida e acollida** nos tres campus: Pontevedra, Ourense e Vigo, para que o estudiantado coñeza a universidade e os seus servizos desde o primeiro día.

Impulsaremos, cun proxecto plurianual de continuidade, o **programa de mentoría** onde se incorporen estudantes mentores de últimos cursos que axuden aos novos nos aspectos académicos e de vida universitaria.

2.2. Axudas e bolsas

Fortaleceremos a **política social de axudas propias ao estudo** para evitar o abandono por motivos económicos, negociando coas instancias pertinentes aspectos como gastos de aloxamento, manutención, comedores e transporte.

Promoveremos os **'cursos cero'** para facilitar a incorporación do estudiantado.

Apoiaremos o deseño de actividades académicas que faciliten a **conciliación** dos estudos e a vida do estudiantado coa vida laboral e familiar, introducindo accións como a flexibilización de grupos e a oferta de distintas modalidades de ensinanza.

Revisaremos e actualizaremos o **programa propio de bolsas a deportistas** e a ampliación das ligas universitarias.

Intermediaremos na loita pola consecución de condicións máis xustas e equitativas nas convocatorias de **axudas externas á universidade**.



3. DIVERSIDADE, INCLUSIÓN, LIBERDADE E RESPECTO

3.1. Universidade inclusiva e diversa

Intensificaremos a **información e orientación** para o acceso, a ensinanzas universitarias, do estudiantado de educación secundaria, bacharelato e formación profesional con necesidades específicas de apoio educativo.

Redactaremos **guías específicas** e adaptaremos a web e aplicacións para estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo tales como cegueira, daltonismo, ou dificultades cognitivas entre outras.

Implantaremos un **Programa Integral de Actividade Física e Deporte** inclusivo e adaptado.

Afianzaremos e **ampliaremos a formación** respecto aos valores e principios democráticos, os dereitos fundamentais e os ODS do horizonte 2030 **en todos os colectivos**.

Traballaremos para unha incorporación real, sen discriminación, das mulleres ás titulacións do **ámbito das STEM** (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas) en condicións de igualdade.

Co apoio da unidade de diversidade, melloraremos a **sensibilización da comunidade universitaria cara á diversidade**.

Reforzaremos a atención ás e aos estudantes con **necesidades específicas de apoio educativo** durante os seus estudos, facilitando as **adaptacións necesarias** de acordo cos principios de **acesibilidade universal** e deseño para todas as persoas.

Melloraremos e garantiremos o cumprimento da **lei de convivencia** e os protocolos existentes de actuación en defensa do estudiantado (fronte ao acoso, ou para a xestión de situacións machistas ou discriminatorias), e promoveremos novos protocolos de prevención a petición do colectivo de estudantes.

Abriremos vías para a incorporación do estudiantado universitario procedente de ámbitos nacionais ou internacionais en **situacións de desastre ou conflito**.

3.2. Benestar social, físico, mental e emocional

Establecerase un plan detallado de mantemento e renovación das **infraestruturas deportivas** propias e de actualización de recursos, segundo a demanda de todos os colectivos universitarios.

Fortaleceremos o **plan de fomento do deporte (MUVERS)** e un estilo de vida saudable entre o estudiantado da Universidade de Vigo, considerando a práctica da actividade física como parte da formación integral das persoas.



Ampliaremos a **oferta de alimentación saudable e fresca** nas máquinas expendedoras dos distintos centros.

Atenderemos a saúde mental do estudantado a través do **programa de apoio psicológico e emocional**, con especialistas en psicoloxía clínica e psicopedagogía, incluíndo a xestión do estrés e da ansiedade relacionada co estudo ou outras causas, aplicando os recursos do plan piloto apoiado pola Xunta de Galicia.

Traballaremos nunha **mellora do programa PIUNE**, na busca dunha solución que satisfaga as necesidades dos usuarios do programa e consiga un modelo de aplicación operativa axustado á realidade dos centros, e dos distintos itinerarios formativos en colaboración coas vicerreitorías correspondentes.

Impulsaremos un **apoio específico aos titores(as)** e ao profesorado responsable do **PIUNE**, facilitándolle o acceso a profesionais nos casos necesarios.

4. FORMACIÓN INTEGRAL

4.1. Competencias e formación ao longo da vida

Potenciaremos a **adquisición de competencias transversais** como o liderado, a creatividade, a sostibilidade, o traballo en equipo, a oratoria, o pensamento crítico, a prevención de riscos, os primeiros auxilios ou a conciencia social, entre outras, a través dunha ampla e variada oferta de formación permanente e de recoñecemento de créditos.

Traballaremos no deseño dunha **oferta formativa de actualización** da calidade, axustada ás necesidades da contorna social e económica, permitindo así o acceso prioritario ao colectivo alumni da universidade, favorecendo un nivel de competitividade e adecuación real.

Potenciaremos o **programa universitario de maiores (PUM)**, como colectivo fundamental da Universidade, cunha adecuada oferta académica, unha dotación convinte de recursos e unha participación activa nos órganos de goberno.

4.2. Actividades culturais e de lecer

Potenciaremos a **Liga de Debate**, para impulsar o pensamento crítico, a asertividade e a capacidade de debate e argumentación do estudantado mediante iniciativas orientadas á participación en eventos e concursos de carácter local, nacional e internacional.

Facilitaremos a posta en marcha da **Radio Universitaria** para integrar á Universidade de Vigo na rede nacional de radios universitarias, fomentando a participación dos estudantes e creando lazos entre os nosos campus e con outras universidades españolas.



Impulsaremos **eventos culturais e de divulgación científica**, en colaboración coa UCC-i (feiras científicas, G-night, Pint of Science), e promoveremos unha programación cultural estable de calidade.

Fomentaremos **lazos de colaboración con entidades e asociacións culturais** da contorna para integrar ao estudiantado na vida cultural das cidades que acollen os nosos campus.

5. PARTICIPACIÓN, REPRESENTACIÓN E ASOCIACIONISMO

5.1. Participación na Universidade e nos centros

Incentivaremos a **participación do estudiantado** nos mecanismos de información e coordinación de curso e título nas ensinanzas oficiais e propias, así como nos procedementos do sistema de garantía de calidade e do selo HR Excellence in Research.

Fomentaremos a participación activa do estudiantado nas **enquisas de avaliación da actividade docente** do profesorado, poñendo en valor e visibilizando a súa utilidade como ferramenta fundamental de seguimento do bo funcionamento da universidade.

Dotaremos ás **delegacións** dunha maior autonomía económica e funcional para potenciar o desenvolvemento das súas iniciativas, e ofreceremos formación e apoio, incrementando a súa dotación económica.

Potenciaremos e impulsaremos a participación do estudiantado no **deseño de actividades culturais, sociais e deportivas** dos centros e da universidade.

5.2. Asociacionismo

Promoveremos o **asociacionismo do estudiantado** visibilizando as súas actividades, con iniciativas como as Xornadas do Estudante para estudantes de novo ingreso, e apoiando os seus obxectivos mediante asesoramento especializado e recursos económicos específicos.

Colaboraremos de maneira directa e continua co **consello de estudantes** para a mellora da participación do estudiantado, traballando por conseguir o consello autonómico de estudantes.

Apoiaremos ás **asociacións de estudantes** tales como a UVigo Motorsport, SpaceLab ou ESN entre outras, dotándoas de espazos axeitados, incluídos no plan de infraestruturas e dinamizando a súa participación en órganos colexiados.

Melloraremos o **recoñecemento e certificación** das actividades de participación e representación do estudiantado, con valor para continuar a carreira académica.



Facilitaremos que a **voz do colectivo de estudantes da Universidade de Vigo** chegue á comunidade universitaria, á sociedade e alí onde se dirixan as súas accións, preocupacións e reivindicacións.

Fomentaremos a participación das persoas tituladas da nosa universidade na **comunidade alumni da Universidade de Vigo**.

Potenciaremos o **programa de voluntariado**, incluíndo o voluntariado internacional e as actividades de cooperación ao desenvolvemento, diversificando os campos de actuación en colaboración coas vicerreitorías correspondentes.

6. EMPREGABILIDADE E EMPRENDEMENTO

6.1. Presenza na carreira académica

Revisaremos e impulsaremos a xestión e supervisión das **prácticas académicas externas** para asegurar a adquisición de competencias, mellorar a empregabilidade e o emprendemento.

Potenciaremos a empregabilidade con máis **prácticas en empresa** con titorización efectiva e mellorando a plataforma de prácticas, traballando directamente na negociación coas empresas e as institucións, e permitindo unha oferta curricular e extracurricular remunerada ampla e diversa.

Impulsaremos a **Mención Dual** nas ensinanzas oficiais como mecanismo para incrementar a empregabilidade do estudiantado.

Poñeremos en marcha un **Programa de Orientación Profesional ao Estudiantado** que favoreza a inserción laboral con asesoramento personalizado, segundo os seus estudos, sobre obxectivos profesionais, itinerarios de desenvolvemento profesional e formación complementaria.

Promoveremos a **formación en competencias emprendedoras** en ensinanzas oficiais e propias por dúas vías: favorecendo a súa inclusión nos procesos de deseño e modificación de plans de estudo, e mellorando a formación do profesorado universitario neste ámbito en colaboración coa vicerreitoría correspondente.

Incentivaremos a **realización dos traballos de fin de grao, fin de mestrado e teses de doutoramento** con temáticas que revertan en beneficio da contorna social, facilitando a súa implementación a través de acordos con institucións e empresas interesadas.



6.2. Incorporación ao mercado laboral

Manteremos e estableceremos **novas alianzas con empresas e institucións** para facilitar o acceso ao emprego e a oportunidades de desenvolvemento profesional. Atenderemos especificamente ao ámbito rural como nicho de emprego potencial.

Potenciaremos as **estruturas para o emprendemento e creación de empresas**, como o Programa INCUVI, para apoiar o desenvolvemento de start-ups estudiantís, e facilitaremos o acceso a novos recursos a través de programas de apoio económico en colaboración coa vicerreitoría correspondente.

Incentivaremos o **emprendemento social** mediante a promoción da aprendizaxe-servizo, impulsando proxectos e accións que beneficien ás provincias de Pontevedra e Ourense, tales como iniciativas medioambientais, programas para persoas maiores ou proxectos dirixidos a colectivos en risco de exclusión social.

Realizaremos unha **oferta de formación permanente**, actividades e eventos enfocada ao emprendemento, a creatividade e a capacidade de xeración de proxectos profesionais e sociais.

Aumentaremos o número e a duración dos **contratos predoutorais do programa propio da Universidade de Vigo**, e ofreceremos orientación para a carreira académica, investigadora e profesional, seguindo os estándares do selo HR Excellence in Research, ademais de incentivar os programas de doutoramento industrial.

7. INTERNACIONALIZACIÓN E MOBILIDADE

7.1. Facilitación da mobilidade

Afianzaremos e incrementaremos a **oferta de mobilidade** para ensinanzas de grao, mestrado e doutoramento con outras universidades, tanto nacionais como internacionais.

Crearemos o **grupo de asesoramento UVIGO Go!** para orientar sobre **mobilidade** ao estudiantado interesado en realizar un período noutro país no marco do Programa Erasmus+ ou similares, promovido por estudantes que regresaron deses destinos, de modo que estes últimos poidan asesorar antes da súa elección de destino e incorporación.

Incentivaremos os **programas de dobre titulación e titulacións conxuntas internacionais**.

Potenciaremos a participación do estudiantado na nosa **Alianza Europea ATHENA**.



Melloraremos os **recursos económicos e a información sobre a oferta formativa** das institucións dos programas de mobilidade, e disporase de táboas orientativas de recoñecementos con anterioridade á elección de prazas.

Incrementaremos o **financiamento do programa propio de axudas** para a realización de estadias de investigación predoutorais e posdoutorais.

En colaboración co **centro de linguas**, ampliaremos a oferta de **cursos de idiomas** para que o estudantado local mellore as súas competencias lingüísticas e fomentando os cursos de inglés e español para atraer a **estudantes internacionais**.

7.2. Internacionalización

Fortaleceremos as accións dirixidas a estudantes internacionais coa consolidación dun **Centro de Benvida** que apoie a orientación académica, información sobre visados, aloxamento, actividades culturais, deportivas e sociais e vida universitaria.

Fomentaremos a formación de grupos estudantís que promovan a **diversidade e a interacción multicultural**, organizando eventos, festivais e feiras internacionais para promover a diversidade cultural nos campus.

Realizaremos **avaliacións periódicas para coñecer a satisfacción** do estudantado internacional e a eficacia das iniciativas de internacionalización, co obxectivo de incorporar melloras.

8. PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES

8.1. Integración do programa

Estudaremos a posibilidade de crear un **centro propio** que permita reforzar o desenvolvemento e a autonomía do PUM.

Promoveremos medidas de **flexibilización da matrícula**, incluíndo a diminución do número mínimo de créditos e a posibilidade de nova matrícula en materias previamente cursadas.

Revisaremos os **contidos do plan de estudos** para actualizalos ás necesidades do presente e do futuro.

Melloraremos a **páxina web do PUM** mediante a actualización de contidos de interese para o seu estudantado.



8.2. Investigación

Promoveremos **visitas a centros, institutos de investigación e infraestructuras** de apoio á investigación, coincidindo con xornadas de portas abertas e outras actividades organizadas pola universidade.

Estenderemos o **Programa de Embaixadores**, orientándoo especialmente á participación en actividades de investigación e divulgación.

8.3. Mobilidade

Impulsaremos as **estadías internacionais do PUM**.

Permitiremos a **matrícula** en materias que se desenvolvan en campus diferentes, favorecendo a mobilidade interna.





Bloque 20. LIÑAS ESTRATÉGICAS





20 liñas estratéxicas

En H2040 temos condensado o complexo panorama da Universidade en 20 liñas estratéxicas que pretenden facer fronte, con visión de futuro, a todas e cada unha das problemáticas e desafíos dos vindeiros seis anos. Para organizalas partimos de cinco bloques xerais que se concretan nestas **20 liñas estratéxicas** do seguinte xeito:

Persoas e gobernanza

1. **Gobernanza e participación**
2. **Xestión e organización administrativa**
3. **Política de persoal docente e investigador**
4. **Estudantado e vida universitaria**
5. **Igualdade, diversidade e inclusión e saúde no traballo**

Misión académica (docencia)

6. **Oferta académica e titulacións**
7. **Calidade**
8. **Innovación docente**
9. **Captación, permanencia e éxito do estudantado**
10. **Empregabilidade e orientación profesional**

Investigación e impacto

11. **Investigación**
12. **Transferencia e valorización do coñecemento**
13. **Internacionalización**
14. **Cooperación universitaria ao desenvolvemento**

Recursos e transformación

15. **Financiamento e sostibilidade económica**
16. **Infraestruturas e campus**
17. **Transformación dixital**
18. **Sostibilidade**

Identidade e proxección

19. **Comunicación e posicionamento institucional**
20. **Extensión universitaria e normalización lingüística**

Dun xeito máis concreto, podemos establecer as cuestións fundamentais de cada unha desas liñas e vincularlas cos obxectivos formulados neste programa de goberno.



1. Gobernanza e participación

A Universidade de Vigo debe avanzar cara a un modelo de gobernanza máis participativo, transparente e orientado ás persoas, no que a toma de decisións se basee no diálogo, na corresponsabilidade e na confianza institucional, garantindo a implicación real de todos os colectivos.

2. Xestión e organización administrativa

A modernización da estrutura administrativa é clave para construír unha universidade máis áxil, eficiente e orientada ao servizo público, mediante a simplificación de procedementos, a profesionalización do persoal e a mellora continua dos sistemas de xestión, garantindo condicións laborais óptimas.

3. Política de persoal docente e investigador

A política de PDI debe asentarse nun modelo sostible que combine planificación estratéxica, estabilización, promoción e captación de talento, garantindo unha carreira académica clara, equitativa e baseada no mérito e na excelencia, dando continuidade ao anterior traballo de estabilización.

4. Estudantado e vida universitaria

O estudantado é o eixe central da universidade, polo que resulta imprescindible promover unha experiencia universitaria integral que combine calidade académica, benestar, participación e oportunidades reais de desenvolvemento persoal e profesional.

5. Igualdade, diversidade e inclusión

A Universidade de Vigo debe consolidarse como un espazo inclusivo, diverso e comprometido coa igualdade real, incorporando estes principios de forma transversal en todas as súas políticas, estruturas e dinámicas institucionais.

6. Oferta académica e titulacións

A planificación da oferta académica debe responder de forma anticipada ás necesidades sociais, científicas e profesionais, garantindo unha formación de calidade, actualizada e adaptada aos novos contextos de aprendizaxe ao longo da vida.

7. Calidade

A calidade debe constituír un principio transversal que oriente todas as actividades da universidade, promovendo sistemas de avaliación útiles, participación da comunidade universitaria e procesos de mellora continua baseados en evidencias.

8. Innovación docente

A innovación docente é clave para mellorar a aprendizaxe, incorporando metodoloxías activas, tecnoloxías emerxentes e novos modelos pedagóxicos que respondan ás demandas actuais do estudantado e da sociedade.



9. Captación, permanencia e éxito do estudantado

Garantir o acceso, a permanencia e o éxito académico do estudantado require políticas activas de orientación, acompañamento e apoio, que permitan reducir o abandono e favorecer traxectorias formativas satisfactorias.

10. Empregabilidade e orientación profesional

A universidade debe reforzar a conexión co mercado laboral e co tecido social, promovendo a empregabilidade a través de prácticas, orientación profesional, formación en competencias e impulso do emprendemento.

11. Investigación

A investigación constitúe un pilar fundamental da Universidade de Vigo, polo que é necesario fortalecer as estruturas, os recursos e as políticas que permitan desenvolver unha investigación competitiva, de calidade e con proxección internacional.

12. Transferencia e valorización do coñecemento

A transferencia de coñecemento debe consolidarse como unha función esencial da universidade, reforzando a colaboración co tecido produtivo e institucional e favorecendo o impacto social, económico e cultural da actividade investigadora.

13. Internacionalización

A internacionalización debe integrarse de xeito transversal, impulsando alianzas estratéxicas, mobilidade e proxección global que permitan posicionar a Universidade de Vigo na vangarda do contexto académico internacional cada vez máis competitivo.

14. Cooperación universitaria ao desenvolvemento

A universidade debe exercer un papel activo na cooperación ao desenvolvemento, promovendo a solidariedade, a responsabilidade global e a contribución ao cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

15. Financiamento e sostibilidade económica

Garantir un financiamento adecuado, estable e diversificado é esencial para o desenvolvemento da universidade, permitindo consolidar proxectos estratéxicos e asegurar a sostibilidade a medio e longo prazo.

16. Infraestruturas e campus

Os campus deben configurarse como espazos accesibles, sostibles e adaptados ás necesidades actuais, favorecendo contornas de aprendizaxe, traballo e convivencia de calidade para toda a comunidade universitaria.

17. Transformación dixital

A transformación dixital debe orientarse á mellora da docencia, da investigación e da xestión, incorporando tecnoloxías que simplifiquen procesos, melloren a eficiencia e favorezan unha universidade máis conectada e innovadora.



18. Sostibilidade

A Universidade de Vigo debe avanzar cara a un modelo sostible que integre criterios ambientais, sociais e económicos, contribuíndo de forma activa á loita contra o cambio climático e ao desenvolvemento responsable.

19. Comunicación e posicionamento institucional


A comunicación institucional debe reforzar a transparencia, a identidade e a visibilidade da universidade, mellorando a relación coa comunidade universitaria e coa sociedade e consolidando o seu posicionamento estratéxico.

20. Extensión universitaria e normalización lingüística

A extensión universitaria e a promoción da lingua galega deben fortalecer o vínculo coa sociedade, impulsando a cultura, o coñecemento e a identidade propia como elementos clave do compromiso público da universidade.

A partires desta distribución, presentamos un programa de goberno que parte dun eixe fundamental (AS PERSOAS), aporta liñas estratéxicas para todos os sistemas universitarios, contando sempre coa presenza de catro eixes transversais o que configura un programa onde algunhas medidas se sitúan en varios epígrafes, reforzando a capacidade dunha xestión transversal do goberno da Universidade de Vigo.

Imaxe 3. Síntese do programa de goberno de H2040





Liña estratéxica 1.

Gobernanza e participación

Medida 1. Gobernanza para as persoas

Impulsaremos un **modelo de goberno que sitúe no centro ás persoas**, promovendo a participación real dos distintos colectivos da comunidade universitaria, e reforzando procesos de decisión transparentes e respectuosos coa autonomía académica de centros e departamentos. Queremos consolidar unha gobernanza próxima, corresponsable e orientada á confianza institucional, que favoreza o compromiso colectivo coa Universidade de Vigo.

Accións

Crearemos o **Consello de Campus de Vigo** como espazo estable de coordinación, participación e análise das necesidades específicas do campus.

Crearemos a **Escola de Decanas e Decanos, Directoras e Directores de centros**, como estrutura de intercambio, formación, coordinación e apoio ao exercicio das responsabilidades académicas e institucionais.

Medida 2. Planificación estratéxica da Universidade

Elaboraremos o **Plan Estratéxico da Universidade de Vigo 2027-2032**, definindo obxectivos medibles a medio e longo prazo, indicadores de seguimento e mecanismos de avaliación periódica dos resultados. Este plan deberá garantir unha gobernanza baseada nunha visión compartida da institución, unha planificación sostida no tempo e unha capacidade real de anticipación ante os retos do sistema universitario.

Accións

Continuaremos co procedemento de elaboración do **Plan Estratéxico**, garantindo a súa base participativa, a definición de prioridades e a incorporación de mecanismos de avaliación e seguimento.

Medida 3. Gobernanza participativa

Fortaleceremos os mecanismos de **participación da comunidade universitaria** para consolidar un **modelo de universidade aberta**, inclusiva e con procesos de decisión máis transparentes. A participación non debe entenderse só como consulta formal, senón como unha práctica estable de diálogo, escoita e corresponsabilidade na construción das políticas universitarias.

Accións



Poñeremos en marcha **procedementos e consultas abertas** para a toma de decisións estratéxicas.

Organizaremos unha **axenda estable** de reunións cos responsables dos centros.

Medida 4. Transparencia e rendición de contas

Tendo en conta os avances acadados nos últimos anos no ámbito da transparencia institucional, reforzaremos as medidas que permitan seguir avanzando nesta liña, consolidando unha auténtica **cultura de rendición de contas**. A transparencia debe entenderse como unha práctica transversal da gobernanza, vinculada ao acceso á información, á claridade dos procedementos e á avaliación pública da acción de goberno.

Accións

Melloraremos o **portal de transparencia**.

Publicaremos de modo **accesible** os **datos institucionais**.

Presentaremos **informes periódicos de execución** do programa de goberno.

Medida 5. Simplificación administrativa

Levaremos a cabo unha **revisión integral dos procedementos administrativos** para reducir a burocracia e simplificar a tramitación académica, administrativa e investigadora. Esta liña de traballo deberá contribuír a unha universidade máis áxil, eficiente e orientada ao servizo das persoas, reforzando ademais o apoio administrativo especializado nos centros, institutos e grupos de investigación.

Accións

Revisaremos e simplificaremos os **procedementos administrativos en todos os ámbitos da universidade**.

Identificaremos **os trámites redundantes, duplicados ou de escaso valor engadido** para proceder á súa eliminación ou reformulación.

Reforzaremos o apoio administrativo especializado nos **centros, institutos e grupos de investigación**, priorizando os ámbitos cunha maior carga de xestión.

Medida 6. Dixitalización da xestión universitaria



<p>Impulsaremos a modernización da xestión universitaria mediante ferramentas dixitais que melloren a eficiencia, a interoperabilidade entre sistemas e a experiencia de uso da comunidade universitaria. A dixitalización deberá estar ao servizo da simplificación, da trazabilidade dos procesos e da mellora da atención institucional, evitando a creación de novas cargas innecesarias.</p>
Accións
<p>Implementaremos solucións dixitais que automaticen trámites e melloren a xestión interna.</p>
<p>Avanzaremos na interoperabilidade entre plataformas e servizos para evitar duplicidades e mellorar a circulación da información.</p>
<p>Promoveremos procedementos dixitais máis claros, accesibles e orientados ao usuario.</p>
Medida 7. Coordinación institucional
<p>Reforzaremos a coordinación entre os distintos niveis da universidade mediante mecanismos estables de diálogo e colaboración entre reitoría, centros, departamentos e restantes estruturas institucionais. Pretendemos garantir unha distribución clara de competencias, unha toma de decisións coherente e unha maior eficacia na implementación das políticas universitarias.</p>
Accións
<p>Estableceremos reunións periódicas de coordinación institucional.</p>
<p>Clarificaremos de maneira obxectiva as competencias de cada órgano.</p>
<p>Reforzaremos os espazos estables de diálogo entre reitoría, centros e departamentos para mellorar a execución das decisións e a resolución de incidencias.</p>
Medida 8. Cultura institucional baseada en datos
<p>Aplicaremos un modelo de gobernanza sustentado en indicadores fiables e na análise sistemática de datos para orientar a toma de decisións e avaliar o impacto das políticas universitarias. Queremos avanzar cara a unha universidade que tome decisións mellor fundamentadas, con capacidade de análise, seguimento e perspectiva institucional.</p>
Accións
<p>Crearemos a Oficina de Análise e Prospectiva como unidade responsable da xestión, interpretación e análise dos datos institucionais.</p>



Desenvolveremos **sistemas de indicadores útiles** para apoiar a planificación, a avaliación e a mellora continua.

Impulsaremos a **cultura dos datos**, baseada nas solucións tecnolóxicas integradoras acaídas como ferramenta de apoio á gobernanza e á toma de decisións estratéxicas.

Medida 9. Integridade institucional e boas prácticas

Seguiremos avanzando nun **modelo ético e responsable de universidade**, reforzando os mecanismos de integridade institucional e consolidando unha cultura organizativa baseada nas boas prácticas, na prevención de conflitos e no compromiso co interese público. A integridade debe formar parte da estrutura ordinaria da gobernanza e non limitarse á resposta ante incidencias.

Accións

Reforzaremos os mecanismos de **integridade institucional**.

Crearemos **protocolos claros fronte a conflitos ou irregularidades**, na liña do desenvolto nos anos anteriores, así como protocolos de boas prácticas institucionais.

Elaboraremos e implantaremos **protocolos de boas prácticas institucionais**.

Revisaremos os **comités éticos existentes** e estudaremos a posta en marcha das novas estruturas que resulten necesarias.

Medida 10. Avaliación e mellora continua

Incluiremos no modelo de gobernanza **procesos de avaliación permanente** que permitan revisar periodicamente as estruturas organizativas, avaliar as políticas universitarias e incorporar mecanismos efectivos de mellora continua da xestión. A avaliación deberá ser útil, sistemática e vinculada á toma de decisións, evitando enfoques meramente formais.

Accións

Levaremos a cabo a **revisión anual dos indicadores**.

Avaliaremos periodicamente as **políticas universitarias e as estruturas de xestión** para identificar puntos fortes, necesidades e marxes de mellora.

Incorporaremos **mecanismos de retorno da información** que permitan adaptar e mellorar as decisións de goberno.



Medida 11. Sistema de enquisas de calidade

Revisaremos o **sistema de enquisas de calidade** para aumentar a participación e obter información máis representativa e útil para a toma de decisións. Facilitaremos o acceso ás enquisas e reforzaremos as dinámicas que favorezan unha maior implicación do estudiantado e do profesorado, consolidando un sistema máis eficaz, máis equilibrado e máis orientado á mellora institucional.

Accións

Actualizaremos os **instrumentos de avaliación**.

Reforzaremos as **dinámicas de participación** do estudiantado e do profesorado.

Simplificaremos os **mecanismos de acceso e resposta** para mellorar a representatividade dos resultados.

Orientaremos o **sistema de enquisas** á xeración de información útil para a mellora da docencia, da xestión e das políticas universitarias.





Liña estratéxica 2.

Xestión e organización administrativa

Medida 1. Modernización da estrutura organizativa
<i>Impulsaremos unha revisión integral da organización administrativa para adaptala ás necesidades actuais da universidade, mellorando a eficiencia, a claridade funcional e a capacidade de resposta dos servizos.</i>
Accións
<i>Elaboraremos unha nova relación de postos de traballo (RPT) baseada na análise das cargas e as funcións.</i>
<i>Simplificaremos e reorganizaremos as estruturas administrativas con modelos máis claros e funcionais.</i>
<i>Reforzaremos as áreas con maior carga de xestión.</i>
Medida 2. Profesionalización e desenvolvemento do PTXAS
<i>Consolidaremos unha carreira profesional estruturada que permita recoñecer o talento, favorecer a progresión e garantir a estabilidade do persoal.</i>
Accións
<i>Desenvolveremos a carreira profesional horizontal e vertical.</i>
<i>Estableceremos sistemas de avaliación transparentes.</i>
<i>Impulsaremos a promoción interna e a estabilización.</i>
Medida 3. Simplificación administrativa e mellora procedementa
<i>Reduciremos a burocracia mediante unha revisión profunda dos procedementos, orientándoos á eficiencia e ao servizo á comunidade universitaria.</i>
Accións
<i>Identificaremos e eliminaremos trámites redundantes ou duplicados.</i>
<i>Simplificaremos procedementos en docencia, investigación e xestión.</i>
<i>Implantaremos modelos de tramitación máis áxiles e comprensibles.</i>



Medida 4. Dixitalización da xestión universitaria

Impulsaremos unha **administración dixital integrada, interoperable e centrada no usuario**, que facilite a xestión e mellore a experiencia da comunidade universitaria.

Accións

Desenvolveremos **plataformas dixitais** integradas de xestión.

Automatizaremos procesos administrativos repetitivos.

Melloraremos a **interoperabilidade** entre sistemas.

Medida 5. Gobernanza administrativa e coordinación institucional

Reforzaremos a coordinación entre servizos, centros e órganos de goberno para garantir coherencia, eficiencia e unha mellor execución das políticas universitarias.

Accións

Implantaremos **mecanismos estables** de coordinación administrativa.

Clarificaremos as **competencias** nas **unidades**.

Melloraremos os **fluxos de información** interna.

Medida 6. Cultura de calidade na xestión

Integrarase a calidade como ferramenta de **mellora continua** nos servizos administrativos, orientando a xestión a resultados e non a procedementos formais.

Accións

Definiremos **indicadores** de rendemento dos servizos.

Implantaremos **sistemas de avaliación** e mellora continua.

Reduciremos a carga burocrática asociada á calidade.

Medida 7. Xestión baseada en datos

Avanzaremos cara a unha administración sustentada en datos que permita tomar decisións informadas e mellorar a planificación institucional.

Accións

Desenvolveremos **sistemas de análise** e indicadores.



<i>Integraremos datos de distintos servizos nunha visión global.</i>
<i>Apoiaremos a toma de decisións con información fiable.</i>
Medida 8. Formación e capacitación do PTXAS
<i>Impulsaremos a formación continua do persoal para adaptarse aos novos retos organizativos, tecnolóxicos e normativos.</i>
Accións
<i>Desenvolveremos programas de formación en competencias dixitais, IA e idiomas.</i>
<i>Fomentaremos habilidades de xestión, comunicación e liderado.</i>
<i>Implantaremos itinerarios formativos vinculados á carreira profesional.</i>
Medida 9. Benestar laboral e organización do traballo
<i>Melloraremos as condicións de traballo do PTXAS promovendo un entorno laboral saudable, flexible e adaptado ás necesidades actuais.</i>
Accións
<i>Impulsaremos medidas de horario flexible e teletraballo.</i>
<i>Desenvolveremos programas de benestar e saúde laboral.</i>
<i>Melloraremos o clima organizativo e a xestión de conflitos.</i>
Medida 10. Transparencia, integridade e servizo público
<i>Reforzaremos unha administración baseada na transparencia, a ética e a responsabilidade institucional, orientada ao servizo á comunidade universitaria.</i>
Accións
<i>Melloraremos a transparencia dos procedementos administrativos.</i>
<i>Reforzaremos os mecanismos de integridade institucional.</i>
<i>Garantiremos información clara e accesible á comunidade.</i>





Liña estratéxica 3.

Política de persoal docente e investigador

Medida 1. Planificación estratéxica do cadro de persoal
<i>Desenvolveremos unha planificación global e sostible do PDI, aliñada coas necesidades docentes, investigadoras e institucionais.</i>
Accións
<i>Implantaremos un modelo de planificación do PDI baseado en datos, capacidade docente e previsión de necesidades estruturais.</i>
<i>Desenvolveremos contratos-programa que permitan unha asignación eficiente de prazas e recursos.</i>
<i>Reduciremos os desequilibrios entre áreas mediante programas específicos como o Plan EQUILIBRA.</i>
<i>Dotaremos prazas estratéxicas vinculadas a novas titulacións, áreas deficitarias ou necesidades sobrevidas.</i>
<i>Incorporaremos criterios de previsión de xubilacións e remuda xeracional na planificación docente.</i>
<i>Negociaremos un financiamento estable que permita garantir a sostibilidade do cadro de persoal.</i>
Medida 2. Estabilización, promoción e carreira académica
<i>Impulsaremos unha carreira académica clara, progresiva e baseada no mérito, garantindo a estabilización do profesorado.</i>
Accións
<i>Reforzaremos e axilizaremos os procesos de estabilización do profesorado en todas as figuras.</i>
<i>Facilitaremos a consolidación do persoal investigador de programas de excelencia (RyC, Beatriz Galindo ou ATRAE entre outras).</i>
<i>Garantiremos a reserva de prazas para persoal con certificación R3/I3 e abriremos convocatorias periódicas de promoción.</i>



<p>Faremos procesos de estabilización das prazas de profesorado asociado, dacordo coas condicións profesionais e a dedicación docente (disposición transitoria sétima da LOSU), de xeito dialogado cos departamentos e os actuais profesores asociados/as LOU.</p>
<p>Impulsaremos a promoción interna (de Titular a Catedrático/a, e de PPL/CD a TU).</p>
<p>Desenvolveremos itinerarios profesionais claros desde as etapas iniciais ata a consolidación.</p>
<p>Favoreceremos a captación de profesorado visitante e a mobilidade entre universidades.</p>
Medida 3. Atracción, retención e desenvolvemento do talento
<p>Fortaleceremos políticas activas para atraer e reter talento, especialmente nas etapas iniciais da carreira investigadora.</p>
Accións
<p>Reforzaremos programas propios de captación e retención de talento nacional e internacional.</p>
<p>Desenvolveremos programas de acollida, acompañamento e integración do novo PDI a través do Centro de Benvida.</p>
<p>Apoiaremos a consolidación da carreira investigadora mediante financiamento, mentorización e recursos.</p>
<p>Incentivaremos a participación en redes e proxectos internacionais.</p>
<p>Potenciaremos a formación en linguas estranxeiras e competencias internacionais.</p>
Medida 4. Recoñecemento da docencia, investigación e transferencia
<p>Garantiremos un sistema equilibrado de recoñecemento das diferentes dimensións do traballo do PDI.</p>
Accións
<p>Implantaremos sistemas de avaliación baseados en datos (portal científico) para investigación e transferencia.</p>
<p>Recoñeceremos de forma equilibrada a actividade docente, investigadora, de transferencia e de xestión.</p>



<i>Incentivaremos a participación en proxectos de transferencia e colaboración co tecido socioeconómico.</i>
<i>Fomentaremos os doutoramentos industriais e a relación coas empresas.</i>
<i>Visibilizaremos a actividade investigadora mediante catálogos e accións de divulgación.</i>
Medida 5. Formación permanente e innovación docente
<i>Promoveremos o desenvolvemento profesional continuo do PDI, adaptado aos novos retos educativos e tecnolóxicos.</i>
Accións
<i>Ampliaremos a formación permanente do profesorado en ámbitos docentes, dixitais e de innovación.</i>
<i>Impulsaremos a formación en metodoloxías activas e o uso de recursos dixitais e intelixencia artificial.</i>
<i>Consolidaremos programas de formación inicial para o novo profesorado.</i>
<i>Incentivaremos a participación en actividades formativas relacionadas coa igualdade, diversidade e benestar.</i>
<i>Recoñeceremos institucionalmente a innovación docente e a súa transferencia.</i>
Medida 6. Condicións laborais, conciliación e benestar
<i>Garantiremos condicións de traballo dignas, equilibradas e orientadas ao benestar do PDI.</i>
Accións
<i>Promoveremos medidas de conciliación e flexibilización laboral.</i>
<i>Garantiremos o dereito á desconexión dixital e revisaremos cargas de traballo.</i>
<i>Desenvolveremos programas de saúde laboral e benestar emocional.</i>
<i>Revisaremos os sistemas de permisos, acción social e xubilación.</i>
<i>Favoreceremos un clima laboral positivo mediante mecanismos de participación e resolución de conflitos.</i>



Medida 7. Simplificación administrativa e mellora da gobernanza PDI
<i>Avanzaremos cara a un modelo de xestión máis áxil, transparente e orientado ao servizo do profesorado.</i>
Accións
<i>Simplificaremos os procedementos administrativos e reduciremos a burocracia.</i>
<i>Dixitalizaremos procesos e automatizaremos tarefas repetitivas.</i>
<i>Melloraremos a coordinación entre servizos, centros e departamentos.</i>
<i>Garantiremos transparencia e acceso claro á información relevante para o PDI.</i>
<i>Desenvolveremos sistemas de avaliación e seguimento das políticas de persoal.</i>



Liña estratéxica 4. Estudantado e vida universitaria

Medida 1. Equidade, apoio económico e igualdade de oportunidades
<i>Garantiremos que ningunha persoa quede excluída da vida universitaria por motivos económicos ou sociais.</i>
Accións
<i>Reforzaremos a política propia de bolsas e axudas ao estudo, especialmente en situacións de vulnerabilidade.</i>
<i>Impulsaremos medidas de apoio en gastos estruturais tales como aloxamento, manutención e transporte.</i>
<i>Crearemos bolsas de aloxamento para estudantado con menos recursos.</i>
<i>Intermediaremos para mellorar as condicións das convocatorias de axudas externas.</i>
<i>Desenvolveremos programas de préstamo de equipamento e material de apoio ao estudo.</i>
Medida 2. Benestar integral, saúde e calidade de vida
<i>Promoveremos unha universidade que coide da saúde física, mental e emocional do estudantado.</i>
Accións
<i>Reforzaremos o programa de apoio psicolóxico e emocional, ampliando recursos e cobertura.</i>
<i>Desenvolveremos programas de prevención, xestión do estrés e acompañamento emocional.</i>
<i>Impulsaremos políticas activas de saúde e benestar (alimentación saudable, hábitos de vida).</i>
<i>Fortaleceremos o deporte universitario e os programas de actividade física (MUVERS).</i>
<i>Garantiremos protocolos eficaces fronte a situacións de acoso, discriminación ou violencia.</i>



Medida 3. Vida universitaria, participación e asociacionismo
<i>Fomentaremos unha comunidade universitaria activa, participativa e comprometida.</i>
Accións
<i>Reforzaremos os mecanismos de participación do estudiantado nos órganos e procesos universitarios.</i>
<i>Incrementaremos a autonomía e os recursos das delegacións de estudantes.</i>
<i>Impulsaremos o asociacionismo estudiantil mediante apoio económico, espazos e asesoramento.</i>
<i>Potenciaremos programas de voluntariado, incluíndo a dimensión internacional.</i>
<i>Fomentaremos a participación en actividades culturais, sociais e deportivas.</i>
<i>Consolidaremos iniciativas de dinamización como a radio universitaria, ligas de debate e eventos culturais.</i>
Medida 4. Experiencia académica e desenvolvemento integral
<i>Melloraremos a experiencia formativa máis alá da aula, integrando aprendizaxe, práctica e participación.</i>
Accións
<i>Recoñeceremos académicamente as actividades extracurriculares e de participación.</i>
<i>Desenvolveremos programas de simulación profesional e aprendizaxe experiencial.</i>
<i>Reforzaremos a coordinación docente para mellorar a experiencia académica do estudiantado.</i>
<i>Impulsaremos programas de mentoría entre estudantes para facilitar a integración e acompañamento.</i>
<i>Promoveremos modelos de docencia flexibles que favorezan a conciliación académica e persoal.</i>



Medida 5. Servizos ao estudantado e transformación dixital
<i>Avanzaremos cara a un modelo de servizos accesible, integrado e centrado nas necesidades do estudantado.</i>
Accións
<i>Desenvolveremos un punto único de acceso dixital aos servizos universitarios (app UVigo).</i>
<i>Simplificaremos os trámites administrativos e melloraremos a información dispoñible.</i>
<i>Melloraremos os servizos de información, orientación e acompañamento ao estudantado.</i>
<i>Dixitalizaremos procesos e reforzaremos a atención multicanle.</i>
<i>Garantiremos unha comunicación clara, accesible e adaptada ao estudantado.</i>
Medida 6. Infraestruturas, espazos e mobilidade
<i>Adaptaremos os campus para favorecer unha experiencia universitaria accesible, sostible e de calidade.</i>
Accións
<i>Melloraremos aulas, espazos de estudo e infraestruturas tecnolóxicas (<i>wifi, ergonomía, accesibilidade</i>).</i>
<i>Desenvolveremos novas residencias universitarias e melloraremos a oferta de aloxamento.</i>
<i>Revisaremos e adaptaremos os horarios e o uso das bibliotecas e espazos de estudo.</i>
<i>Impulsaremos un plan integral de mobilidade sostible nos campus.</i>
<i>Melloraremos as conexións de transporte e a mobilidade interna entre centros.</i>
Medida 7. Inclusión, diversidade e atención á comunidade estudantil
<i>Garantiremos unha universidade inclusiva que responda á diversidade do estudantado.</i>



Accións
Melloraremos programas de atención á diversidade e inclusión (PIUNE).
Desenvolveremos medidas específicas para estudantes con necesidades especiais .
Impulsaremos políticas de igualdade e non discriminación en toda a vida universitaria.
Promoveremos a integración do estudantado internacional e en situacións especiais.
Fomentaremos unha cultura universitaria baseada na convivencia, o respecto e a diversidade.



Liña estratéxica 5. Igualdade, diversidade, inclusión e saúde no traballo

Medida 1. Igualdade de xénero e universidade feminista
<i>Impulsaremos unha política activa de igualdade de xénero que garanta a equidade real en todos os ámbitos da universidade.</i>
Accións
<i>Promoveremos a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes en todos os niveis, ámbitos de actuación e espazos de representación da UVigo.</i>
<i>Deseñaremos e realizaremos o seguimento do IV Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades, incorporando actuacións en cultura da igualdade, docencia, investigación, transferencia e condicións sociolaborais.</i>
<i>Garantiremos a paridade en órganos de decisión, representación, selección e avaliación.</i>
<i>Continuaremos co diagnóstico das desigualdades de xénero e das fendas existentes para orientar políticas específicas.</i>
<i>Manteremos e reforzaremos iniciativas consolidadas (Cátedra de Feminismos 4.0, comité de sabias, distintivos de igualdade, e premios entre outras).</i>
<i>Impulsaremos a incorporación das mulleres ás titulacións STEM en condicións de igualdade.</i>
<i>Garantiremos condicións de traballo en igualdade, conciliación e prevención de riscos laborais con perspectiva de xénero.</i>
Medida 2. Prevención da violencia e garantía de convivencia
<i>Avanzaremos cara a unha universidade libre de violencias e discriminacións, reforzando os mecanismos de prevención, atención e resposta.</i>
Accións
<i>Avanzaremos cara a unha universidade libre de violencias machistas e de calquera forma de discriminación.</i>
<i>Melloraremos a difusión e accesibilidade dos protocolos de actuación fronte ao acoso sexual e por razón de sexo.</i>



<p>Garantiremos o cumprimento da lei de convivencia universitaria e reforzaremos protocolos existentes, promovendo mecanismos de prevención.</p>
<p>Desenvolveremos campañas de prevención adaptadas ás novas formas de acoso, especialmente no ámbito dixital.</p>
<p>Reforzaremos os sistemas de seguimento e avaliación das medidas implantadas.</p>
Medida 3. Atención á diversidade e inclusión
<p>Reforzaremos unha política integral de diversidade que garanta a inclusión efectiva de todos os colectivos.</p>
Accións
<p>Fortaleceremos a unidade de diversidade como servizo clave para a prevención, atención e acompañamento de colectivos vulnerables.</p>
<p>Garantiremos a atención e a non discriminación das persoas LGTBIQA+, promovendo a súa participación plena na vida universitaria.</p>
<p>Promoveremos a diversidade cultural evitando discriminacións étnico-raciais.</p>
<p>Melloraremos a sensibilización da comunidade universitaria cara á diversidade, en coordinación coa unidade de diversidade.</p>
<p>Intensificaremos a información e orientación ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo para facilitar o acceso á universidade.</p>
<p>Facilitaremos adaptacións académicas e medidas de apoio conforme aos principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.</p>
Medida 4. Accesibilidade universal e inclusión efectiva
<p>Garantiremos unha universidade accesible, eliminando barreiras físicas, dixitais e comunicativas.</p>
Accións
<p>Melloraremos a accesibilidade nos edificios e campus, eliminando barreiras arquitectónicas e adaptando espazos docentes e de traballo.</p>
<p>Incorporaremos solucións de accesibilidade universal (automatismos, sinalética adaptada, Braille, espazos accesibles, entre outras).</p>
<p>Melloraremos a accesibilidade dixital en espazos web, aplicacións e sistemas de información.</p>



Desenvolveremos **guías e recursos adaptados** para estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo.

Implantaremos programas inclusivos como o **deporte adaptado e inclusivo**, favorecendo a participación plena do estudiantado.

Medida 5. Cultura institucional inclusiva e formación en valores

Impulsaremos unha **cultura universitaria** baseada no respecto, a diversidade e os valores democráticos.

Accións

Sensibilizaremos nos **valores éticos da institución**: igualdade, inclusión, diversidade, sostibilidade e integridade académica.

Afianzaremos a **formación en valores democráticos**, dereitos humanos e non discriminación, en liña cos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 en colaboración coa vicerreitoría correspondente.

Incrementaremos a **formación específica con perspectiva de xénero** dirixida a todos os colectivos universitarios.

Proporcionaremos **formación específica** sobre a atención aos colectivos **PIUNE** como apoio ao colectivo de PDI.

Desenvolveremos **accións de concienciación** e participación que dean visibilidade aos distintos colectivos e promovan a convivencia.

Medida 6. Prevención de riscos laborais

Comprometerémonos coa **vixilancia da saúde** do persoal, a **mellora das condicións de traballo** e a prevención de riscos.

Accións

Desenvolveremos, xunto coa vicerreitoría correspondente, un **registro propio** para albergar a **información sobre saúde e prevención** do persoal da Universidade de Vigo. Este registro permitirá custodiar e dispoñer con axilidade do historial dos recoñecementos médicos para a vixilancia da saúde e os certificados relativos ao servizo de prevención, sempre preservando a **confidencialidade dos datos sensibles** e garantindo a conservación e custodia dos mesmos con medios propios.

Continuaremos vixiando e mitigando a **concentración de radon** nos lugares de traballo e espazos docentes. Manteremos a vixilancia e actuaremos con rapidez para garantir a salubridade de toda as instalacións. Habilitaremos un **registro cos informes de vixilancia** que poderá ser consultado por todo o persoal para garantir a transparencia dos resultados.





Liña estratéxica 6.

Oferta académica e de titulacións

Medida 1. Planificación estratéxica da oferta académica
<i>Impulsaremos unha planificación coordinada e anticipatoria da oferta de titulacións, aliñada cos ámbitos estratéxicos da universidade e coas demandas da contorna.</i>
Accións
<i>Definiremos unha estratexia global para un mapa de titulacións da Universidade de Vigo.</i>
<i>Promoveremos novas titulacións en ámbitos emerxentes e de alta empregabilidade, partindo dunha análise clara de recursos previos.</i>
<i>Impulsaremos dobres graos e adaptacións de títulos que reforcen a captación de estudantado.</i>
<i>Garantiremos o equilibrio e complementariedade entre campus e centros.</i>
<i>Incorporaremos criterios de sostibilidade, especialización e diferenciación na planificación da oferta.</i>
Medida 2. Actualización e mellora continua dos plans de estudo
<i>Reforzase a revisión permanente das titulacións para asegurar a súa adecuación, coherencia e adecuación ás necesidades formativas.</i>
Accións
<i>Apoiaremos aos centros e departamentos na actualización dos plans de estudo de grao e mestrado.</i>
<i>Melloraremos e reforzaremos os programas de doutoramento a través da EIDO.</i>
<i>Revisaremos e melloraremos a coordinación docente intra- e intermaterias.</i>
<i>Integraremos competencias transversais nos plans de estudo.</i>
<i>Adaptaremos os contidos formativos ás transformacións tecnolóxicas e sociais.</i>



Medida 3. Diversificación de formatos e modalidades docentes

Desenvolveremos unha **oferta académica flexible** que combine distintos formatos de ensinanza, mantendo a identidade presencial da universidade.

Accións

Promoveremos **títulos propios** en modalidades presencial, híbrida e virtual.

Impulsaremos **mencións virtuais** para ampliar e flexibilizar a oferta formativa.

Desenvolveremos **modelos de ensinanza síncrona e asíncrona** adaptados a distintos perfís.

Facilitaremos o **acceso de novos públicos** e distintos perfís de estudantado á oferta académica.

Integraremos a **innovación docente** como elemento diferencial da oferta.

Medida 4. Formación permanente e aprendizaxe ao longo da vida

Desenvolveremos unha **oferta formativa continua** que permita á cidadanía actualizar e ampliar as súas competencias ao longo da vida.

Accións

Ampliaremos a oferta do **Centro de Posgrao en Formación Permanente**.

Desenvolveremos programas de **microcredenciais** en colaboración con empresas e institucións

Deseñaremos **itinerarios formativos flexibles e acumulables**.

Facilitaremos o acceso da comunidade alumni á **formación continua**.

Incorporaremos o **CELGA 3** aos cursos que imparte a área de normalización lingüística.

Incorporaremos **formación orientada á empregabilidade** e á recualificación profesional.

Medida 5. Internacionalización da oferta académica

Reforzarse a **dimensión internacional das titulacións** como elemento clave de competitividade e proxección institucional.

Accións

Promoveremos **dobres titulacións e titulacións conxuntas internacionais** en áreas estratéxicas.



<i>Impulsaremos programas no marco de alianzas como ATHENA e a Universidade sen Fronteiras (UNISF).</i>
<i>Incrementaremos a oferta docente en linguas estranxeiras.</i>
<i>Desenvolveremos actividades internacionais de curta duración tales como COILs ou clases espello entre outros.</i>
<i>Favoreceremos a captación de estudantado internacional.</i>
Medida 6. Conexión coa empregabilidade e o tecido socioeconómico
<i>Orientaremos a oferta académica á mellora da empregabilidade e á conexión coa contorna profesional e social.</i>
Accións
<i>Impulsaremos a mención dual nas ensinanzas oficiais.</i>
<i>Reforzaremos as prácticas académicas externas cunha maior calidade e supervisión.</i>
<i>Promoveremos a colaboración con empresas e institucións na definición da oferta formativa.</i>
<i>Fomentaremos TFG, TFM e Teses de Doutoramento vinculadas ás necesidades reais da contorna.</i>
<i>Incorporaremos competencias emprendedoras nos plans de estudo.</i>
Medida 7. Calidade, avaliación e mellora dos títulos
<i>Reforzaremos o sistema de garantía de calidade das titulacións como elemento central da mellora continua.</i>
Accións
<i>Reformaremos o modelo de seguimento da calidade das titulacións.</i>
<i>Melloraremos os mecanismos de avaliación e coordinación docente.</i>
<i>Reduciremos cargas burocráticas asociadas á xestión dos títulos.</i>
<i>Incorporaremos indicadores de impacto académico e profesional.</i>
<i>Aliñaremos os procesos de calidade coa planificación docente.</i>
Medida 8. Xestión eficiente de apoio ás titulacións



<i>Optimizaremos a xestión académica e administrativa das titulacións para facilitar o seu desenvolvemento e mellorar a experiencia do estudiantado.</i>
Accións
<i>Garantiremos apoio administrativo suficiente ás coordinacións de título.</i>
<i>Melloraremos os procesos de implantación de novas titulacións.</i>
<i>Axilizaremos procedementos como a preinscrición en mestrados.</i>
<i>Revisaremos estruturas organizativas vinculadas aos títulos.</i>
<i>Melloraremos a coordinación entre servizos implicados na xestión académica.</i>



Liña estratéxica 7. Calidade

Medida 1. A calidade como eixe de gobernanza
<i>Integraremos a calidade como función estratéxica da gobernanza universitaria, garantindo coherencia normativa, coordinación transversal e unha visión global da mellora continua. A área de calidade dependerá da secretaría xeral para reforzar a súa capacidade de articulación institucional e a súa utilidade real.</i>
Accións
<i>Integraremos a área de calidade na secretaría xeral, reforzando a coordinación institucional.</i>
<i>Consolidaremos a calidade como ferramenta para a toma de decisións baseada en datos e evidencias.</i>
<i>Reorientaremos o modelo de calidade para reducir a súa percepción como carga administrativa.</i>
Medida 2. Sistema institucional de calidade harmonizado
<i>Desenvolveremos un sistema institucional de calidade que harmonice procedementos entre centros e servizos, reducindo variabilidade innecesaria e facilitando unha xestión máis clara, eficiente e flexible, adaptada ás necesidades reais da universidade.</i>
Accións
<i>Definiremos un marco común de procesos de calidade, favorecendo a flexibilidade para centros e servizos.</i>
<i>Reduciremos duplicidades e variabilidade innecesaria nos procedementos.</i>
<i>Melloraremos a coordinación entre centros docentes, de investigación, servizos e unidades administrativas.</i>
Medida 3. Calidade na docencia
<i>Impulsaremos un modelo de calidade docente que facilite a acreditación continua das titulacións e permita avanzar progresivamente cara á acreditación institucional, simplificando procesos e mellorando o acceso aos datos.</i>



Accións
<i>Simplificaremos os procedementos de seguimento e acreditación das titulacións.</i>
<i>Facilitaremos o acceso á información a través da oficina de análise e prospectiva.</i>
<i>Apoiaremos aos centros nos procesos de avaliación e mellora continua da docencia.</i>
Medida 4. Calidade na investigación e na transferencia
<i>Estenderemos a cultura de calidade á investigación e á transferencia, establecendo estándares comúns, simplificando procedementos e reforzando os marcos europeos de referencia para a captación e desenvolvemento de talento.</i>
Accións
<i>Definiremos estándares comúns de calidade para centros de investigación e servizos de apoio.</i>
<i>Simplificaremos procedementos para grupos de investigación e laboratorios.</i>
<i>Reforzaremos o selo HR Excellence in Research como ferramenta estratéxica.</i>
<i>Impulsaremos revisións internas que permitan identificar áreas de mellora na I+D+i.</i>
Medida 5. Calidade nos servizos e mellora procedemental
<i>Promoveremos unha revisión e mellora dos procedementos administrativos e de servizo para lograr unha universidade máis áxil, eficiente e sostible, baseada en indicadores claros e na optimización dos procesos.</i>
Accións
<i>Analizaremos e optimizaremos os procedementos administrativos e de servizo.</i>
<i>Incorporaremos indicadores de rendemento claros e comparables.</i>
<i>Impulsaremos a automatización e dixitalización dos procesos.</i>
<i>Favoreceremos a implicación directa do PDI, PI/PAI, PTXAS e estudantado na mellora dos servizos.</i>



Medida 6. Mellora do sistema de enquisas e calidade
<i>Reformaremos o sistema de enquisas para aumentar a participación e obter información máis representativa e útil, converténdolas nunha ferramenta eficaz para a mellora institucional.</i>
Accións
<i>Facilitaremos o acceso ás enquisas e simplifcaremos os mecanismos de resposta.</i>
<i>Reforzaremos as dinámicas de participación do estudiantado e do profesorado.</i>
<i>Incorporaremos novas metodoloxías que melloren a representatividade dos datos.</i>
<i>Garantiremos que os resultados se utilicen de forma efectiva na toma de decisións.</i>
Medida 7. Cultura de calidade participativa
<i>Impulsaremos un modelo de calidade baseado na participación activa de toda a comunidade universitaria, garantindo que a mellora continua sexa un proceso compartido e recoñecido.</i>
Accións
<i>Implicaremos ao PDI, PI, PAI PTXAS e estudiantado na definición e revisión dos procesos.</i>
<i>Desenvolveremos programas de formación e acompañamento en calidade.</i>
<i>Estableceremos canles de participación e retorno da información.</i>
Medida 8. Recoñecemento de boas prácticas
<i>Estableceremos un sistema institucional de recoñecemento das boas prácticas docentes, investigadoras e de xestión, co obxectivo de visibilizar e reforzar as iniciativas que contribúen á mellora da universidade.</i>
Accións
<i>Crearemos programas de recoñecemento de boas prácticas.</i>
<i>Difundiremos experiencias exitosas en docencia, investigación e xestión.</i>
<i>Incentivaremos a innovación e a mellora continua nos centros docentes, de investigación e os servizos.</i>



Medida 9. Modelo de calidade orientado a resultados
<i>Avanzaremos cara a un modelo de calidade baseado en resultados, que reduza a burocracia, elimine duplicidades e facilite a análise e o seguimento da actividade universitaria.</i>
Accións
<i>Reduciremos a documentación redundante e simplificaremos os informes.</i>
<i>Crearemos un repositorio único de evidencias, centralizado na oficina de análise e prospectiva.</i>
<i>Definiremos indicadores útiles, comparables e accesibles.</i>
<i>Orientaremos a avaliación á toma de decisións e á mellora continua</i>
Medida 10. Sistema integrado de xestión documental e actas
<i>Implantaremos un sistema institucional de xestión e custodia de actas que garanta a trazabilidade, autenticidade e conservación da documentación oficial, reforzando a seguridade xurídica e a eficiencia organizativa.</i>
Accións
<i>Crearemos un repositorio electrónico único de actas e documentación institucional.</i>
<i>Estableceremos criterios comúns de conservación, acceso e autenticidade.</i>
<i>Reduciremos duplicidades e melloraremos a organización documental.</i>



Liña estratéxica 8. Innovación docente

Medida 1. Estruturação e apoio á Innovación docente
<i>Impulsaremos a consolidación dunha estrutura sólida de innovación docente baseada nos actuais grupos de innovación docente, reforzando a súa capacidade de impacto e a súa proxección externa.</i>
Accións
<i>Fortaleceremos os grupos de innovación docente como eixe do modelo da Universidade de Vigo en innovación.</i>
<i>Fomentaremos o coñecemento dos recursos da OPI educativa que permitan aos grupos de Innovación Docente establecer novas metas e obxectivos.</i>
<i>Impulsaremos a participación en convocatorias de proxectos europeos educativos multidisciplinares, buscando sinerxías internas.</i>
<i>Manteremos e melloraremos as convocatorias internas destinadas aos grupos de innovación docente.</i>
<i>Organizaremos xornadas abertas de difusión de casos de éxito na innovación, que exhiban as metodoloxías e resultados acadados por estes grupos, avaliando e recoñecendo os mellores casos.</i>
Medida 2. Proxección externa e cooperación en innovación docente
<i>A Universidade de Vigo apostará pola innovación como referente docente, promovendo a cooperación con outras institucións e a creación de ecosistemas abertos de coñecemento.</i>
Accións
<i>Crearemos un Repositorio Aberto de Contidos e Software Docente orientado ao uso da IA que, mediante recursos propios e a cooperación con outras institucións, permita co-crear contidos e ferramentas reutilizables e de calidade.</i>
<i>Promoveremos a reutilización e adaptación de solucións docentes para evitar duplicidades.</i>
<i>Estableceremos alianzas con universidades e institucións da contorna para acadar masa crítica e ser quen de desenvolver solucións de alcance.</i>
<i>Impulsaremos a dimensión de transferencia da innovación docente.</i>



Medida 3. Formación e cultura da innovación docente

Promoveremos unha **cultura institucional de innovación** baseada na formación continua, a visibilización de boas prácticas e o recoñecemento do traballo docente.

Accións

Crearemos un **Observatorio de Innovación Universitaria** para identificar tendencias e boas prácticas.

Desenvolveremos **programas de formación** en metodoloxías innovadoras e competencias dixitais.

Medida 4. Desenvolvemento de modelos docentes innovadores

Fomentaremos a **implantación de metodoloxías docentes avanzadas** que melloren a aprendizaxe e conecten a universidade coa realidade social e profesional.

Accións

Continuaremos desenvolvendo un **sistema propio de microcredenciais**, recoñecidas institucionalmente, que acrediten competencias avanzadas en distintos eidos e faciliten a promoción e o desenvolvemento profesional, configurando un modelo de especialización docente e académica adaptada á diversidade disciplinar da Universidade de Vigo.

Impulsaremos a **docencia orientada a retos (Challenge-Based Learning)** en materias avanzadas, TFG e TFM.

Medida 5. Innovación baseada en simulación e tecnoloxías inmersivas

Integraremos **tecnoloxías avanzadas** para aproximar a docencia á práctica profesional, mellorando a experiencia da aprendizaxe.

Accións

Desenvolveremos programas de **simulación profesional avanzada** e incorporaremos ferramentas de realidade virtual e escenarios inmersivos.

Crearemos **contornas de aprendizaxe aplicadas**: xuízos simulados, laboratorios virtuais, e gabinetes de crise entre outros.

Avaliaremos o **impacto** destas metodoloxías na aprendizaxe do estudiantado para acadar un proceso de mellora continua na formación dos nosos estudantes.



Medida 6. Dixitalización e intelixencia artificial na docencia
<i>Apostaremos pola integración holística e estratéxica das tecnoloxías dixitais e da intelixencia artificial nos procesos de ensino-aprendizaxe.</i>
Accións
<i>Desenvolveremos ferramentas docentes baseadas en IA adaptadas ás necesidades da Universidade de Vigo e apoiaremos ao profesorado na súa integración na docencia.</i>
<i>Garantiremos un uso ético, responsable e pedagoxicamente fundamentado destas tecnoloxías.</i>
<i>Favoreceremos a creación e compartición de recursos dixitais docentes.</i>
Medida 7. Recoñecemento institucional da innovación docente
<i>Reforzaremos o recoñecemento da innovación docente como actividade clave no desenvolvemento profesional do PDI e PI/PAI.</i>
Accións
<i>Incorporaremos a innovación docente nos criterios de avaliación e promoción.</i>
<i>Estableceremos incentivos específicos para o profesorado innovador.</i>
<i>Visibilizaremos o impacto da innovación na comunidade universitaria.</i>





Liña estratéxica 9.

Captación, permanencia e éxito do estudantado

Medida 1. Estratexia de captación e orientación universitaria
<i>Impulsaremos unha política activa de captación baseada na proximidade, a información e a conexión co sistema educativo.</i>
Accións
<i>Desenvolveremos programas estruturados de orientación académica temperá en centros de secundaria.</i>
<i>Estableceremos protocolos claros para a preinscrición e matrícula nos diferentes niveis educativos, tanto para estudantes nacionais como internacionais.</i>
<i>Reforzaremos as actividades de difusión da oferta formativa e visitas aos campus.</i>
<i>Potenciaremos accións de divulgación científica e académica dirixidas ao estudantado preuniversitario.</i>
<i>Melloraremos a coordinación cos centros de ensino secundario e orientación educativa.</i>
<i>Deseñaremos campañas segmentadas de comunicación e posicionamento institucional.</i>
Medida 2. Acollida, transición e integración no sistema universitario
<i>Facilitaremos unha incorporación progresiva e acompañada á vida universitaria.</i>
Accións
<i>Reforzaremos os programas de acollida e benvida ao novo estudantado.</i>
<i>Desenvolveremos plans de titorización inicial e seguimento personalizado.</i>
<i>Melloraremos a información sobre servizos, recursos e funcionamento académico e crearemos recursos específicos de adaptación ao contexto universitario.</i>



Medida 3. Permanencia, seguimento e prevención do abandono
<i>Reduciremos o abandono mediante sistemas de detección temperá e apoio continuo.</i>
Accións
<i>Implantaremos sistemas de detección precoz de risco de abandono.</i>
<i>Desenvolveremos programas de seguimento académico individualizado.</i>
<i>Reforzaremos as accións de apoio ao rendemento académico e analizaremos datos para a toma de decisións baseada en evidencias.</i>
Medida 4. Éxito académico e mellora do rendemento
<i>Promoveremos condicións que favorezan o éxito e a progresión do estudantado.</i>
Accións
<i>Impulsaremos programas de reforzo académico e apoio ao estudo.</i>
<i>Melloraremos a coordinación docente e a planificación académica.</i>
<i>Fomentaremos metodoloxías activas orientadas á aprendizaxe significativa.</i>
<i>Desenvolveremos accións para a mellora das taxas de rendemento e graduación.</i>
<i>Recoñeceremos boas prácticas vinculadas ao éxito académico.</i>
Medida 5. Flexibilidade, conciliación e adaptación de traxectorias
<i>Facilitaremos itinerarios formativos diversos e adaptados ás necesidades do estudantado.</i>
Accións
<i>Promoveremos modelos de docencia flexible e adaptativa.</i>
<i>Facilitaremos medidas de conciliación académica e persoal.</i>
<i>Impulsaremos itinerarios personalizados de progresión académica.</i>
<i>Adaptaremos normativas para favorecer a permanencia en situacións específicas.</i>
<i>Incorporaremos opcións de modalidade híbrida e apoio dixital.</i>



Medida 6. Empregabilidade e conexión co mundo profesional

Orientaremos a **formación cara a unha inserción laboral de calidade**.

Accións

Reforzaremos os programas de **orientación profesional e empregabilidade**.

Impulsaremos prácticas e experiencias de **aprendizaxe en contornas reais**.

Melloraremos a conexión co **tecido empresarial e institucional**.

Desenvolveremos accións de **formación en competencias transversais**.

Fomentaremos a transición ao emprego mediante **programas de inserción laboral**.





Liña estratéxica 10.

Empregabilidade e orientación profesional

Medida 1. Orientación integral ao estudantado
<i>Reforzaremos un modelo de orientación continua que acompañe ao estudantado desde o acceso á universidade ata a súa inserción laboral, garantindo unha atención personalizada e adaptada ás distintas etapas formativas.</i>
Accións
<i>Desenvolveremos programas integrais de orientación académica e profesional desde o primeiro curso, facilitando a toma de decisións informadas sobre itinerarios formativos e saídas profesionais.</i>
<i>Reforzaremos os servizos de orientación profesional e inserción laboral para ofrecer un soporte continuado ao estudantado e ás persoas tituladas que favorezan o emprendemento.</i>
<i>Impulsaremos ferramentas dixitais de acompañamento e seguimento da traxectoria do estudantado que permitan identificar necesidades e mellorar a empregabilidade.</i>
<i>Promoveremos accións específicas de orientación para os colectivos con máis dificultades de inserción laboral, incorporando criterios de equidade e inclusión.</i>
<i>Fomentaremos programas de transición ao emprego que conecten a etapa universitaria co acceso ao mercado laboral.</i>
Medida 2. Mellora da empregabilidade a través da formación práctica
<i>Impulsaremos unha formación orientada á adquisición de competencias profesionais, reforzando a conexión entre aprendizaxe académica e contorna laboral.</i>
Accións
<i>Promoveremos unha maior conexión da docencia cos sectores profesionais mediante proxectos transversais.</i>
<i>Impulsaremos a docencia baseada en retos e a aprendizaxe práctica en colaboración con grupos de interese próximos á universidade.</i>



<p>Reforzaremos os programas de ensinanzas duais que promovan a aprendizaxe práctica nunha contorna laboral real en colaboración coas vicerreitorías correspondentes.</p>
<p>Potenciaremos o desenvolvemento de competencias transversais (soft skills), incluíndo habilidades comunicativas, traballo en equipo, pensamento crítico e competencias dixitais.</p>
<p>Promoveremos a incorporación de microcredenciais e formación flexible orientada á empregabilidade e á aprendizaxe ao longo da vida.</p>
Medida 3. Programa de prácticas e inserción laboral
<p>Consolidaremos e ampliaremos os programas de prácticas e inserción laboral como eixe fundamental para facilitar a empregabilidade do estudantado.</p>
Accións
<p>Potenciaremos os programas de prácticas internacionais para incrementar as oportunidades profesionais no exterior.</p>
<p>Promoveremos convenios con administracións públicas e privadas para ampliar a oferta de prácticas e programas de inserción laboral.</p>
<p>Melloraremos os sistemas de xestión e seguimento das prácticas para garantir a súa calidade formativa.</p>
<p>Impulsaremos programas específicos de primeira experiencia profesional para persoas tituladas recentes.</p>
<p>Fomentaremos a conexión entre prácticas académicas e oportunidades reais de emprego.</p>
Medida 4. Relación co tecido produtivo e profesional
<p>Fortaleceremos a conexión entre a universidade e o tecido socioeconómico para mellorar a empregabilidade, a transferencia e a relevancia da formación.</p>
Accións
<p>Revisaremos a normativa de colaboradores docentes para favorecer a participación de profesionais e sectores empresariais.</p>
<p>Exploraremos a implantación de Living Labs para favorecer a aprendizaxe experimental en interacción con empresas e outros grupos de interese.</p>
<p>Promoveremos encontros e espazos de diálogo entre universidade, empresas e institucións para identificar necesidades e oportunidades de colaboración.</p>



Estableceremos **alianzas estratégicas** con sectores clave para a inserción laboral do estudiantado.

Impulsaremos a **participación de profesionais externos** en actividades formativas e de orientación.

Medida 5. Mentorización, redes profesionais e comunidade *Alumni*

Desenvolveremos **redes de apoio á empregabilidade** que conecten ao estudiantado co tecido profesional e coa comunidade universitaria.

Accións

Formalizaremos **programas de mentorización** entre estudantes e profesionais para reforzar a conexión co tecido económico-productivo.

Potenciaremos a **rede *Alumni* como espazo de conexión profesional**, intercambio de oportunidades e apoio á inserción laboral.

Fomentaremos a **creación de comunidades profesionais** vinculadas ás titulacións e aos ámbitos de coñecemento.

Desenvolveremos **plataformas que faciliten o *networking*** entre estudiantado, graduados e empresas.

Medida 6. Empregabilidade global e formación ao longo da vida

Impulsaremos unha **visión global da empregabilidade** que integre a internacionalización e a aprendizaxe permanente.

Accións

Promoveremos **programas de mobilidade e prácticas internacionais** orientadas á inserción laboral global.

Desenvolveremos **programas de formación ao longo da vida** en colaboración con administracións públicas e empresas.

Impulsaremos **itinerarios formativos flexibles** que permitan a actualización continua de competencias profesionais.

Fomentaremos a **adaptación da oferta formativa** ás necesidades cambiantes do mercado laboral.





Liña estratéxica 11. Investigación

Medida 1. Desburocratización dos procesos vinculados á investigación

Poñeremos en marcha medidas xerais para a **simplificación dos procedementos** en todos os niveis de desenvolvemento de proxectos e iniciativas de investigación, establecendo como prioridade o apoio á investigación e ao persoal investigador, fornecendo condicións adecuadas para o desenvolvemento do seu traballo e permitindo a súa adicación exclusiva á investigación eliminando a carga administrativa.

Accións

Simplificaremos os **procesos administrativos relacionados coa investigación** mediante a coordinación entre servizos, a adopción de modelos únicos estandarizados, e a eliminación de sinaturas redundantes.

Integraremos **ferramentas e plataformas** para avanzar cara a unha experiencia “unha soa vez”, incrementando a interoperabilidade entre sistemas de xestión académica, económica e a específica de investigación.

Implementaremos a **Xanela Única de Xustificación (XUX)** que permitirá o procedemento simplificado da tramitación que dará lugar a un portal de investigadoras e investigadores “self service” no que, entre outras cuestións, contarase cun semáforo de gastos para a monitorización do orzamento en tempo real.

Medida 2. Operativa e dotacións de apoio á investigación

Realizaremos unha **dotación axeitada de recursos humanos, materiais e estruturais** para a xestión dos proxectos ou iniciativas vinculadas coa investigación.

Accións

Crearemos un corpo de persoal de apoio á investigación dentro dunha **estrutura de xestores de proxectos** que apoiem ou impulsen a investigación, a innovación e a transferencia.

Estableceremos un **plan de axilización da contratación con cargo a proxectos** que permita establecer prazos máximos que reduzan a incerteza nos prazos de contratación e que poida posibilitar os axustes salariais nas renovacións dos contratos, garantindo a seguridade xurídica e a transparencia.



<p>Promoveremos a creación dunha Oficina de Congresos na Fundación Universidade de Vigo como apoio integral á organización de congresos, xornadas, reunións e outros eventos de carácter académico que se desenvolvan a petición de centros, departamentos, e resto de unidades organizativas e investigadoras.</p>
<p>Traballaremos na concienciación e formación en seguridade na investigación, en liña coas prioridades políticas do Espazo Europeo de Investigación e segundo as recomendacións do Consello da Unión Europea 2024/3510 sobre mellora de seguridade na investigación.</p>
<p>Acreditaremos o Comité de Ética de Investigación en Humanos e Medio Ambiente (CEISHMA)</p>
<p>Crearemos o ámbito de coñecemento de Ciencias da Saúde.</p>
<p>Traballaremos nos procesos de nova acreditación do campus de especialización CREA e na consolidación do Campus Auga e Vigo Tecnolóxico.</p>
<p>Estudiaremos vías para a mellora da gobernanza e funcionamento dos centros interuniversitarios.</p>
<p>Medida 3. Incentivación e recoñecemento da investigación</p>
<p>Melloraremos as condicións para acadar e executar proxectos investigadores altamente competitivos e, polo tanto, con alta visibilidade para a nosa universidade, deberanse reforzar os incentivos, o apoio técnico e o recoñecemento do esforzo para a súa consecución e, en definitiva, motivar ao PDI, PI e PAI para a consecución da excelencia investigadora.</p>
<p>Accións</p>
<p>Potenciaremos os mecanismos de retorno económico directo para os grupos de investigación, revisando a política de custos indirectos e retorno aos grupos, institutos e centros buscando transparencia e incentivos á boa xestión.</p>
<p>Eliminaremos a porcentaxe retida pola universidade dos Recursos Liberados Disponibles (RLDs) nos proxectos internacionais.</p>
<p>Ampliaremos ou prorrogaremos as Accións Estratéxicas de Investigación (AEI), co fin de dar continuidade ao financiamento e fortalecer a actividade dos grupos e liñas de investigación.</p>
<p>Revisaremos as limitacións internas que poidan restrinxir a unha única persoa a figura de investigador ou investigadora principal en proxectos internacionais ou de grande envergadura, podendo establecerse liderados compartidos cando o volume e a multidisciplinaridade do proxecto así o xustifique.</p>



Revisaremos e flexibilizaremos os mecanismos de **recoñecemento académico e de xestión** asociados á captación e execución de proxectos competitivos.

Crearemos mecanismos de **avaliación automática da produción científica e de transferencia**, revisando os criterios de avaliación para aliñalos cos principios da Coalition for Advancing Research Assessment (CoARA), evitando ter que depender unicamente de indicadores bibliométricos e incorporando especificidades propias de cada ámbito científico.

Seguirase optimizando o **portal de investigación** contando cun repositorio de produción de investigación que permita incorporar outros méritos de produción científica ou transferencia.

Fomentarase a **carreira investigadora do PI e do PAI** segundo as figuras establecidas no convenio colectivo vixente para este persoal.

Crearemos un **ranking anual do PDI** mediante un sistema de puntos que valore a calidade do traballo realizado nos ámbitos docente, investigador, de transferencia, de divulgación e de xestión (cargos académicos e outras responsabilidades), establecendo premios para o persoal mellor valorado.

Medida 4. Atracción e fomento do talento investigador

Ademais do coidado ao talento investigador xa consolidado ou en procesos activos, poñeremos en marcha accións que consigan a **captación de talento investigador junior** e a dinamización e apoio para a participación nos primeiros proxectos ou iniciativas de investigación.

Accións

Elaboraremos o **Paquete de Benvida Investigador** como protocolo de acollida que garante espazo físico, acceso a servizos de laboratorio e soporte administrativo para o talento captado mediante programas de excelencia (ex. ERC, GALTIA, ATRAE) e apoio desde o Centro de Benvida en colaboración coa Vicerreitoría correspondente.

Creación do **programa de Microproxectos Competitivos (MICO)** que permita poñer a semente mediante a inxección de financiamento rápido e directo condicionada obrigatoriamente á posterior presentación do proxecto a unha convocatoria externa.

Poñeremos en marcha o **Programa de Mentoría 'Senior-Junior'** e a **Rede de Revisores** como sistema de transferencia de coñecemento, no que avaliadores da Comisión Europea guiarán a investigadores novos, incluíndo unha revisión previa das propostas para maximizar a taxa de éxito, especialmente nas convocatorias do ERC.



Organizaremos o **Sprint de Propostas Europeas** coa organización de cursos intensivos de formación (2-3 días) co apoio de persoas expertas internas para acelerar e perfeccionar a redacción de solicitudes a programa europeos.

Medida 5. Retención de talento

Continuaremos co **programa de Retención de Talento** como unha iniciativa destinada a manter e consolidar persoal investigador doutor na universidade, evitando que continúe a súa carreira noutras institucións e favorecendo a continuidade da investigación na propia universidade.

Accións

Propoñeremos **axudas de rescate** para aqueles casos que tiveran retrasos nas acreditacións, e que teñan o I3/R3 e a acreditación correspondente.

Manteremos o compromiso institucional para atraer e **estabilizar persoal investigador procedente de programas competitivos** (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, ATRAE e programas semellantes de captación de talento) con acreditación I3/R3.

Manteremos a posibilidade de solicitude de **sexenios para investigadores de programas competitivos**.

Incrementaremos o número de **contratos predoutorais na Universidade de Vigo**, co obxectivo de reforzar a formación investigadora e facilitar a incorporación de novo talento aos grupos de investigación da universidade.

Medida 6. Bibliotecas universitarias e Ciencia Aberta

Reforzaremos o papel das **bibliotecas universitarias** como servizo esencial para o estudo, a investigación, a difusión do coñecemento e o modelo de Ciencia Aberta, de acordo co papel que a LOSU lles asigna como facilitadoras do acceso da cidadanía aos recursos informativos, dixitais e non dixitais, así como na formación necesaria para promover a difusión da **Ciencia Aberta** na comunidade universitaria e no conxunto da sociedade. Para ese fin, é fundamental o fortalecemento do sistema de bibliotecas da Universidade, mellorando recursos, espazos e servizos para o estudantado e o persoal investigador.

Accións

Modificaremos o **regulamento da Biblioteca** para adaptalo ás novas necesidades e demandas do persoal.

Revisaremos e actualizaremos as **funcións e competencias do persoal da Biblioteca Universitaria**, de acordo co establecido na LOSU e conseguindo unha estrutura máis flexible, especializada e ordenada nas áreas esenciais de apoio á Universidade de Vigo (investigación, docencia e xestión).



Impulsaremos a **transformación dixital das bibliotecas**, facilitando o acceso a recursos electrónicos e ferramentas de investigación, dotándoas con máis apoio informático.

Facilitaremos o **acceso libre ás publicacións científicas**, impulsando o repositorio institucional INVESTIGO e participando en iniciativas internacionais como a EOSC.

Converteremos as Bibliotecas Universitarias en **puntos de referencia para o persoal investigador** como facilitadoras e promotoras de formas de avaliación científica máis abertas e transparentes.

Medida 7. Internacionalización da investigación e captación de fondos

Reforzaremos a **proxección internacional da investigación** da Universidade de Vigo e a súa capacidade de captación de financiamento competitivo.

Accións

Impulsaremos a participación en **programas europeos e internacionais** como Horizon Europe ou ERC entre outros.

Reforzaremos as unidades de apoio para a **preparación de propostas competitivas**.

Estableceremos estratexias de **alianzas internacionais de investigación**.





Liña estratéxica 12.

Transferencia e valorización do coñecemento

Medida 1. Estruturação da transferencia
<i>Reforzaremos e ordenaremos o sistema institucional de transferencia da Universidade de Vigo, dotándoo de maior capacidade operativa, coordinación e especialización.</i>
Accións
<i>Fortaleceremos a estrutura de persoal da Oficina de Transferencia do Coñecemento (OTRI), promovendo a especialización funcional e sectorial nas áreas de valorización, licenzas e emprendemento.</i>
<i>Reforzaremos e consolidaremos estruturas de apoio á transferencia nos campus de Ourense e Pontevedra, en coordinación coas súas vicerreitorías.</i>
<i>Actualizaremos as normativas de creación de empresas e de propiedade industrial e intelectual, adaptándoas á LCTI e aos novos estatutos da Universidade de Vigo.</i>
<i>Desenvolveremos sistemas de matchmaking automatizado para conectar grupos de investigación con empresas, xerando informes de colaboracións potenciais.</i>
<i>Coordinaremos as accións de transferencia das distintas estruturas (centros, institutos, campus especializados) para potenciar sinerxías internas.</i>
<i>Impulsaremos a mellora das infraestruturas científico-técnicas (CACTI, ECIMAT, centros de investigación) e promoveremos a creación dunha ICTS.</i>
<i>Promoveremos a creación de Unidades Mixtas de Investigación (UMI) universidade-empresa.</i>
Medida 2. Fomento da transferencia e colaboración co tecido socioeconómico
<i>Impulsaremos unha política activa de conexión coa contorna para transformar o coñecemento en valor económico e social.</i>
Accións
<i>Promoveremos a comercialización activa da I+D, visibilizando capacidades, servizos e infraestruturas da Universidade de Vigo e establecendo relacións directas co tecido empresarial.</i>



<p>Desenvolveremos ofertas tecnolóxicas estruturadas (Retos Industriais) baseadas en TRL e casos de uso, orientadas á explotación de resultados e patentes.</p>
<p>Impulsaremos programas de mentorización horizontal entre persoal investigador para mellorar o éxito en transferencia.</p>
<p>Consolidaremos as relacións co ecosistema galego de I+D+i como as desenvolvidas con GAIN, centros tecnolóxicos, clústeres, hubs de innovación ou Zona Franca de Vigo entre outros.</p>
<p>Potenciaremos a canalización do mecenazgo que permita a proxectos estratéxicos beneficiarse de mecenas a través de fundacións e entidades externas, vehiculando as achegas de xeito áxil e dinámico.</p>
<p>Reforzaremos os doutoramentos industriais en colaboración coa EIDO, facilitando o contacto coas empresas e a difusión de capacidades.</p>
<p>Impulsaremos visitas institucionais, xornadas e accións específicas de conexión universidade-empresa, así como estadias bidireccionais.</p>
Medida 3. Difusión, visibilidade e transferencia social
<p>Reforzaremos o papel da Universidade de Vigo como axente activo na sociedade, mellorando a visibilidade e o impacto da súa actividade investigadora.</p>
Accións
<p>Intensificaremos a colaboración coas administracións públicas mediante convocatorias conxuntas orientadas á resolución de retos sociais.</p>
<p>Potenciaremos a relación co Terceiro Sector de Acción Social (TSAS), reforzando o compromiso social da universidade.</p>
<p>Desenvolveremos unha estratexia específica de visibilidade da transferencia a través da UCC-i e da política de comunicación institucional.</p>
<p>Difundiremos os casos de éxito en transferencia e emprendemento, tanto en plataformas institucionais como en iniciativas estatais.</p>
<p>Impulsaremos accións de divulgación científica e cultural, reforzando a conexión coa sociedade (feiras, eventos, programas estables).</p>
<p>Crearemos o Portal de Divulgación Científica que permita contar cun repositorio de datos da divulgación realizada polos investigadores e investigadoras.</p>



Medida 4. Internacionalización da transferencia

Potenciaremos a **dimensión internacional da transferencia**, integrando a Universidade de Vigo en ecosistemas globais de innovación.

Accións

Fomentaremos a participación en **programas europeos e redes internacionais** como EIT, Horizon Europe entre outros.

Impulsaremos a cooperación no espazo **Galicia–Norte de Portugal**, promovendo proxectos conxuntos de I+D+i (ex. Iberian FoodTec Lab).

Apoiaremos a **movibilidade internacional** do persoal investigador cara a empresas e centros estranxeiros (Erasmus+, bolsas específicas).

Medida 5. Protección e valorización do coñecemento

Reforzaremos os **mecanismos institucionais** para protexer, valorizar e explotar os resultados da investigación.

Accións

Impulsaremos a formación en **propiedade intelectual e industrial** e o uso de servizos especializados como OEPM entre outros.

Melloraremos as estratexias de **protección, licenciamiento e explotación de resultados de investigación**.

Desenvolveremos ferramentas de apoio á **valorización de resultados**, facilitando a súa transformación en produtos, servizos ou spin-offs.

Crearemos un **marco común de creación de spin-offs** con protocolos de axuda en cada fase.





Liña estratéxica 13. Internacionalización

Medida 1. Cooperación internacional e posicionamento global
<i>Reforzaremos unha política de cooperación internacional baseada na calidade das alianzas, na proxección institucional e na participación activa en redes globais.</i>
Accións
<i>Reforzaremos e optimizaremos os convenios internacionais estratéxicos, priorizando aqueles que xeren mobilidade efectiva, investigación colaborativa e docencia conxunta.</i>
<i>Consolidaremos a cooperación co espazo iberoamericano e lusófono, aproveitando o valor do galego e o castelán como linguas de conexión internacional.</i>
<i>Impulsaremos a participación activa en redes e asociacións internacionais (EUA, ISEP ou Grupo Compostela entre outras).</i>
<i>Potenciaremos o papel da Universidade de Vigo na alianza europea ATHENA, favorecendo a participación real en proxectos, mobilidades e titulacións internacionais.</i>
<i>Incrementaremos a presenza institucional en eventos internacionais e feiras de promoción académica.</i>
Medida 2. Internacionalización da docencia e da oferta académica
<i>Promoveremos unha docencia máis internacional, conectada con contextos globais e orientada á empregabilidade.</i>
Accións
<i>Impulsaremos a creación de dobres titulacións e titulacións conxuntas internacionais, especialmente en áreas estratéxicas.</i>
<i>Consolidaremos e ampliaremos programas no marco de ATHENA e da universidade sen fronteiras UNISF.</i>
<i>Promoveremos a internacionalización curricular, integrando dimensións globais nos plans de estudo.</i>
<i>Fomentaremos a participación en programas docentes internacionais innovadores e experiencias compartidas.</i>



Medida 3. Mobilidade internacional inclusiva e de calidade

Garantiremos unha **mobilitade accesible**, equilibrada e de alto impacto para toda a comunidade universitaria.

Accións

Incrementaremos as **mobilidades saíntes e entrantes** de estudantado e persoal da universidade mediante programas como Erasmus+, ISEP ou GE4.

Reforzaremos as bolsas propias e as axudas para **destinos extracomunitarios**.

Impulsaremos as **estadías internacionais do PUM** e programas específicos para distintos colectivos.

Crearemos o grupo de asesoramento **UVIGO Go!** para orientar ao estudantado.

Simplificaremos os **procedementos administrativos** e melloraremos o **acompañamento integral** antes, durante e despois da mobilidade.

Potenciaremos formatos flexibles como os **Blended Intensive Programs (BIP)**.

Garantiremos o **recoñecemento académico e profesional** das estadías.

Priorizaremos a mobilidade de persoas con **discapacidade**, garantindo a **igualdade de oportunidades**.

Promoveremos o uso da **Erasmus Student Card (ESC)** para facilitar trámites e servizos.

Implantaremos a **UVigo World Card**, ferramenta para incentivar a participación en **actividades de internacionalización e cooperación** (mobilidade, idiomas, semanas internacionais, voluntariado), mediante un sistema de **recoñecemento e recompensas**.

Melloraremos a **acollida e integración do estudantado internacional entrante**.

Medida 4. Competencia lingüísticas e internacionalización na casa

Impulsaremos o **desenvolvemento de competencias lingüísticas** e a internacionalización sen necesidade de mobilidade.

Accións

Reforzaremos os programas de **formación lingüística** (PIPA, One2One, entre outros).

Impulsaremos o recoñecemento da acreditación **HELA** para o PDI.



<p>Fomentaremos a internacionalización na casa mediante metodoloxías como COIL, clases espello e outros proxectos colaborativos internacionais.</p>
<p>Incentivaremos a docencia en linguas estranxeiras mediante recoñecementos académicos e partindo sempre dun marco de convivencia lingüística no que se priorizará a identidade e a lingua galega.</p>
<p>Impulsaremos a ampliación da oferta de materias en inglés e outras linguas estratéxicas.</p>
<p>Consolidaremos programas como English Friendly, Português amigável, Français amical e Italiano amichevole.</p>
Medida 5. Atracción de talento e comunidade internacional
<p>Converteremos a Universidade de Vigo nun espazo atractivo, diverso e multicultural que a posicione como un polo de atracción da comunidade internacional tanto para a formación, como para a investigación.</p>
Accións
<p>Desenvolveremos programas de captación e retención de talento internacional, especialmente en países lusófonos e iberoamericanos.</p>
<p>Reforzaremos o papel do galego e o español como linguas de atracción académica e cultural.</p>
<p>Crearemos un Hub Virtual de Talento e un Centro de Benvida como punto único de acollida e acompañamento.</p>
<p>Melloraremos a integración académica, social e administrativa do estudantado e o persoal internacional.</p>
<p>Promoveremos unha universidade aberta, inclusiva e multicultural, comprometida cos valores europeos e globais.</p>
Medida 6. Promoción da internacionalización
<p>A cultura de internacionalización está directamente vinculada coa concienciación sobre a súa importancia por parte da comunidade universitaria, dar a coñecer a súa realidade é, polo tanto, crucial.</p>
Accións
<p>Apoiaremos á oficina de relacións internacionais (ORI) na mellora da xestión informática e da conectividade procedemental.</p>
<p>Continuaremos coa publicación de informes anuais baseados nos indicadores do Plan de Internacionalización.</p>





Liña estratéxica 14.

Cooperación universitaria ao desenvolvemento

Medida 1. Integración da cooperación e dos ODS na universidade
<i>Integraremos a cooperación ao desenvolvemento como unha dimensión transversal da actividade universitaria.</i>
Acción
<i>Integraremos de maneira transversal os principios e valores do desenvolvemento sostible e da Axenda 2030 na gobernanza universitaria.</i>
<i>Reforzaremos o vínculo da Universidade de Vigo con axentes sociais (administracións públicas, sector privado, sindicatos, ONGD, comunidades educativas), promovendo alianzas inclusivas a nivel local e global, especialmente co Sur Global.</i>
<i>Participaremos activamente na Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD) e nos grupos de traballo da CRUE en materia de internacionalización e cooperación.</i>
<i>Fomentaremos o intercambio de experiencias e recursos entre colectivos e países, priorizando o Sur Global.</i>
<i>Impulsaremos accións de sensibilización para concienciar á comunidade universitaria sobre a desigualdade global e a xustiza social.</i>
Medida 2. Proxectos de cooperación e transferencia para o desenvolvemento sostible
<i>Promoveremos proxectos que contribúan de maneira efectiva ao desenvolvemento sostible e á transformación social.</i>
Accións
<i>Apoiaremos a realización de proxectos innovadores e boas prácticas aliñadas coa Axenda 2030, a través de programas como KA2 financiados pola Unión Europea, a Xunta de Galicia, AECID ou DGPOLDES.</i>
<i>Poñeremos en marcha proxectos que impulsen o desenvolvemento sostible en ámbitos como o ensino, a saúde, a enerxía ou o medio ambiente.</i>
<i>Promoveremos a transferencia e intercambio de coñecemento científico e tecnolóxico con países en vías de desenvolvemento.</i>



<i>Fomentaremos a participación activa do PDI, PI, PAI, PTXAS e estudantado en proxectos de cooperación ao desenvolvemento con impacto social duradeiro.</i>
Medida 3. Transformación social, dereitos humanos e inclusión
<i>Impulsaremos unha universidade comprometida coa transformación social, a igualdade e os dereitos humanos.</i>
Accións
<i>Impulsaremos actividades de sensibilización sobre a defensa dos dereitos humanos.</i>
<i>Fomentaremos o contacto entre a comunidade universitaria de orixe estranxeiro e a comunidade local, promovendo o coñecemento mutuo e a interculturalidade.</i>
<i>Apoiaremos prácticas de comercio xusto, promovendo modelos éticos e sostibles.</i>
<i>Participaremos no Corredor Universitario de Refuxio, facilitando o acceso de estudiantado refuxiado a estudos de mestrado mediante bolsas.</i>
Medida 4. Fomento da participación e cultura de cooperación
<i>Impulsaremos a participación da comunidade universitaria en actividades de cooperación e internacionalización.</i>
Accións
<i>Implantaremos a UVigo World Card, ferramenta para incentivar a participación en actividades de internacionalización e cooperación (mobilidade, idiomas, semanas internacionais, voluntariado), mediante un sistema de recoñecemento e recompensas.</i>
<i>Promoveremos a participación activa da comunidade universitaria en iniciativas de cooperación ao desenvolvemento e voluntariado internacional.</i>
Medida 5. Xestión, avaliación e integración institucional
<i>Garantiremos unha xestión eficiente e unha avaliación continua das políticas de cooperación.</i>
Accións
<i>Incorporaremos indicadores específicos de cooperación ao desenvolvemento no plan de Internacionalización da Universidade de Vigo.</i>



Liña estratéxica 15.

Financiamento e sostibilidade económica

Medida 1. Diversificación de fontes de financiamento	
<i>Impulsaremos unha estratexia integral de diversificación de ingresos que reduza a dependencia do financiamento estrutural e permita reforzar a autonomía económica da universidade.</i>	
Accións	
	Recursos propios
<i>Fortaleceremos o plan de captación de proxectos e subvencións para mellorar o autofinanciamento, potenciando as oficinas específicas de apoio para a captación de fondos estratéxicos institucionais de investigación e ensino.</i>	
<i>Afondaremos nos programas de formación continua e especializada coma fonte de ingresos propios.</i>	
<i>Impulsaremos a transferencia de coñecemento con empresas e institucións mediante a creación de alianzas co sector privado, fomentando convenios e cátedras que xeren retornos económicos para a universidade ademais de valor cara a sociedade.</i>	
<i>Aproveitaremos os espazos dispoñibles da Universidade para outros usos que deriven en novos recursos económicos para a universidade e os seus centros.</i>	
<i>Potenciaremos a rede Alumni coma fonte de novas oportunidades para os diferentes colectivos que conforman a universidade.</i>	
<i>Buscaremos como potenciar e mellorar a explotación das patentes, licenzas e servizos tecnolóxicos derivados da investigación en colaboración coa vicerreitoría correspondente.</i>	
	Diálogo coa administración pública
<i>Negociaremos continuamente coa administración autonómica para continuar garantindo un financiamento axeitado para a Universidade, participando activamente nas negociacións sobre financiamento universitario.</i>	
<i>Demandaremos o financiamento que permita afondar na estabilización e fortalecemento dos recursos humanos da institución, solicitando unha ampliación da masa salarial que permita un acercamento acorde á media da universidade española.</i>	



Incrementaremos as prazas do contrato programa co fin de reducir as diferenzas entre ámbitos e servizos, e manter a calidade na aplicación do **plan REXE** (PDI e PTXAS).

Medida 2. Planificación estratéxica e transparencia financeira

Reforzaremos os instrumentos de planificación económica, control e transparencia para garantir unha **xestión eficiente, sostible e baseada en evidencias**.

Accións

Modelos orzamentarios

Negociaremos o **plan orzamentario plurianual** (5 anos) que permita estimar ingresos e gastos de forma estratéxica relacionados co financiamento obtido desde a comunidade autónoma.

Estableceremos **metodoloxías prospectivas e cadros de mando** financeiros que permitan apoiar a toma de decisións.

Afianzaremos e melloraremos o **orzamento por obxectivos**, incluíndo a perspectiva de xénero e a sostibilidade.

Transparencia e participación

Desenvolveremos mecanismos piloto para establecer **orzamentos participativos** en determinadas partidas con representación de todos os sectores da universidade.

Publicaremos anualmente **informes detallados sobre execución orzamentaria** que permitan entender o grado de utilización dos recursos xestionados pola universidade.

Crearemos **seccións de datos abertos** vinculadas aos datos económicos manexados pola universidade.

Analizaremos a **dotación dos centros** para establecer un plan que lles permita un acceso a maiores recursos.

Instauraremos a **asignación participativa de orzamentos** a proxectos relevantes de colectivos específicos, potenciando a toma de decisións por mecanismos assemblearios para a decisión de gastos finalistas.

Oficinas de análise

Potenciaremos a unidade de análises e programas, de xeito que se converta nunha **Oficina de Análise e Prospectiva** como referente para a toma de decisións baseada en datos.



<p>Avaliaremos e melloraremos os modelos de contabilidade analítica como ferramenta estratéxica de xestión da universidade.</p>
<p>Publicaremos informes anuais sobre o estado da universidade que permitan ter unha imaxe nítida da situación da mesma.</p>
Medida 3. Sostibilidade económica e medioambiental
<p>Integraremos a sostibilidade como principio transversal da planificación económica, incorporando criterios ambientais, sociais e de responsabilidade institucional.</p>
Accións
<p>Incluiremos partidas específicas no plan plurianual para proxectos de sostibilidade e eficiencia enerxética, desenvolto en colaboración coa vicerreitoría correspondente.</p>
<p>Aplicaremos modelos de orzamento verde con indicadores de impacto ambiental que permitan comprender o papel da universidade como actor económico.</p>
<p>Afondaremos nos criterios de compra sostible que teñan en consideración aspectos sociais, ambientais e de dereitos humanos.</p>
Medida 4. Relacións institucionais e posicionamento estratéxico
<p>Reforzaremos as relacións institucionais e a presenza da universidade na súa contorna para incrementar o seu impacto e capacidade de colaboración.</p>
Accións
Coordinación local e territorial
<p>Avaliaremos a creación de consellos universidade-cidades para o desenvolvemento de proxectos conxuntos.</p>
<p>Estableceremos foros bianuais universidade-sociedade para afrontar diálogos abertos dentro da comunidade universitaria e a súa contorna.</p>
<p>Promoveremos encontros empresariais por áreas de coñecemento e multidisciplinares para un mellor a maior recoñecemento entre a empresa, as institucións e os colectivos da universidade.</p>
<p>Fomentaremos a participación en feiras e congresos nacionais e internacionais para promover as iniciativas da universidade e o seu potencial coma socia e colaboradora.</p>
Sectores estratéxicos



<p>Negociaremos marcos de colaboración estables cos sistemas sanitario e industrial para o desenvolvemento de iniciativas conxuntas.</p>
<p>Favoreceremos a investigación no eido das ciencias da saúde, como paso previo á implantación de novas titulacións.</p>
<p>Impulsaremos programas conxuntos de formación con sectores profesionais de carácter industrial que permitan unha retroalimentación positiva entre as partes.</p>
<p>Estableceremos convenios específicos con sectores e industrias estratéxicas e de grande impacto no ámbito de influencia da universidade.</p>
Medida 5. Estratexia, planificación e universidade do futuro
<p>Desenvolveremos unha planificación estratéxica avanzada que permita anticipar retos e orientar o desenvolvemento da universidade a medio e longo prazo.</p>
Accións
Plans estratéxicos
<p>Elaboraremos plans estratéxicos para períodos de 5 anos aliñados coas transicións verde e dixital, comezando coa remuda do plan actual para o período 2027-2032, que permitan establecer liñas de actuación para navegar na incerteza actual.</p>
<p>Abordaremos a revisión dos plans de acción en diferentes ámbitos (docencia, investigación, internacionalización) para aliñalos co plan estratéxico.</p>
<p>Fomentaremos e apoiaremos o desenvolvemento de plans de acción propios de centros e departamentos para vincular a súa estratexia co plan da universidade.</p>
<p>Crearemos comisións de seguimento que analicen os resultados de indicadores e que propoñan liñas de acción e melloras anuais.</p>
Oficina de Análise e Prospectiva
<p>Avanzaremos no desenvolvemento da Oficina de Análise e Prospectiva con observatorios académico, económico e de investigación.</p>
<p>Potenciaremos o goberno do dato mediante enriquecemento de modelos de xestión baseados en ferramentas avanzadas de contabilidade analítica.</p>
<p>Estableceremos metodoloxías prospectivas para facer seguimento da utilización dos recursos e identificar disfuncións.</p>



Co-creación da universidade do futuro

Avaliaremos novos **modelos de gobernanza** participativa e descentralizada, con maior autonomía, transparencia e rendición de contas.

Afondaremos na **transformación dixital integral**, capacitando en novas competencias dixitais, o uso ético da IA e o fomento de portais únicos de aplicacións informáticas.

Potenciaremos a **internacionalización** mediante o establecemento de novas alianzas globais, máis mobilidade e financiamento, oferta académica e captación de estudantes.

Reforzaremos o **compromiso da universidade coa tripla perspectiva** da sostibilidade ambiental, social e económica, en todas as súas actuacións docentes, investigadororas e de transferencia.





Liña estratéxica 16. Infraestruturas e campus

Medida 1. Planificación estratéxica das infraestruturas universitarias
<i>Desenvolveremos unha planificación integral, participativa e a longo prazo das infraestruturas docentes e de investigación, orientada a garantir espazos axeitados ás necesidades actuais e futuras da universidade, aliñados cos seus ámbitos estratéxicos e co desenvolvemento equilibrado dos campus.</i>
Accións
<i>Desenvolveremos procesos participativos para definir os proxectos arquitectónicos básicos dos novos edificios ou das remodelacións máis importantes, de xeito que se adapten ás necesidades funcionais e organizativas das persoas usuarias. O obxectivo é que sexan proxectos definidos por e para as persoas.</i>
<i>Traballaremos nun proceso participativo de reestruturación do Campus de Pontevedra para adecuarse ás necesidades das titulacións existentes e as novas que poidan implantarse.</i>
<i>Desenvolveremos un plan de renovación de edificios e equipamentos docentes.</i>
Medida 2. Renovación, ampliación e adecuación das infraestruturas
<i>Impulsaremos un plan de renovación e ampliación das infraestruturas universitarias que permita modernizar os edificios existentes, dar resposta ás necesidades de espazo e dotar á universidade de novas instalacións adaptadas ás actividades docentes, investigadoras e de transferencia.</i>
Accións
<i>Deseñaremos e executaremos as fases de renovación das partes máis avellentadas do edificio da Escola de Enxeñería Industrial, sede campus, que substituirá ao edificio actual, baseándose no Plan Director e na análise das necesidades e funcionalidades que se están a desenvolver.</i>
<i>Impulsaremos a remodelación do edificio de Belas Artes e a adecuación dos espazos da Facultade de Deseño.</i>
<i>Avanzaremos na cesión e adaptación do antigo Hospital Provincial de Pontevedra para titulacións do ámbito da saúde.</i>
<i>Construiremos un novo edificio para albergar de xeito independente o centro de investigación atlanTTic.</i>



Continuaremos a realizar o máximo esforzo político, institucional e técnico para facer realidade o proxecto estratéxico do **Campus do Mar na ETEA**.

Unha vez rematado o novo edificio da **Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo**, realizaremos unha reorganización dos espazos e estudaremos as necesidades no campus de Ourense para planificar os futuros edificios.

Medida 3. Humanización e mellora dos espazos universitarios

Desenvolveremos unha **política de mellora progresiva dos espazos universitarios** orientada á humanización dos campus, á accesibilidade universal, ao benestar da comunidade e á creación de contornas máis habitables, seguras e sostibles.

Accións

Afondaremos na **humanización dos campus**, promovendo espazos accesibles e orientados ao benestar e á inclusión.

Melloraremos a **sinalética e a accesibilidade** dos edificios e espazos.

Incorporaremos **criterios de confort térmico, iluminación, acústica e ergonomía** nos espazos docentes e de estudo.

Dotaremos aos tres campus de **novos espazos ao aire libre** nos que o estudantado poida gozar dun descanso fóra das clases. Nos campus de Vigo e Pontevedra instalaremos mesas e bancos no exterior dos centros docentes.

Construiremos un **anfiteatro ao aire libre** no campus sur de Ourense.

Impulsaremos o **soterramento da rúa Otero Pedrayo** no tramo entre o campus norte de Ourense e a residencia universitaria. Reforzaremos a comunicación coa Xunta de Galicia e o Concello de Ourense para desenvolver esta singular actuación na vía pública.

Medida 4. Modernización tecnolóxica e adaptación de espazos docentes

Impulsaremos a **actualización tecnolóxica das infraestruturas** e a adecuación das aulas e os espazos docentes ás novas necesidades educativas e dixitais.

Accións

Revisaremos e actualizaremos os criterios de reparto das partidas dos centros para **mantemento e dotación de laboratorios docentes**, saídas de campo, licencias de software e outras necesidades docentes.

Estableceremos unha convocatoria extraordinaria para a **renovación dos laboratorios docentes** máis avellentados ou con equipamento obsoleto.



Melloraremos as **infraestruturas e os medios tecnolóxicos** dispoñibles para garantir contornas eficientes e seguras, contando con conectividade wifi adecuada en todos os centros

Avaliaremos e adaptaremos as **aulas e espazos docentes especializados** ás necesidades tecnolóxicas e pedagóxicas actuais, creando novos espazos especializados, como laboratorios multimedia e estudos audiovisuais.

Medida 5. Desenvolvemento de infraestruturas para a vida universitaria

Reforzaremos as infraestruturas vinculadas á vida universitaria para facer dos **campus espazos máis atractivos, dinámicos e participativos**. Deste xeito, revitalizaremos os campus universitarios.

Accións

Crearemos **espazos autoxesionados** nos tres campus dotados de medios audiovisuais nos que o estudiantado poida xuntarse para realizar actividades tanto de tipo lúdico como xuntanzas de asociacións.

Modernizaremos as bibliotecas para adaptalas ao novo concepto de **centro de recursos para a aprendizaxe e a investigación (CRAI)**. Remodelaremos as bibliotecas para crear espazos de traballo en grupo, salas multimedia e salas de videoconferencia para estudantes.

Levaremos a cabo un **mantemento integral e unha actualización das instalacións deportivas nos tres campus**, especialmente os pavillóns polideportivos de Ourense e Pontevedra coas súas respectivas salas de cardio-fitness.

Construiremos unha **residencia universitaria na cidade de Pontevedra**, que incluírá espazos polivalentes, abertos a toda a comunidade universitaria, para realizar actividades libres.

Ampliaremos a **residencia do Campus de Vigo** e continuaremos as conversas co Concello de Vigo para atopar **espazo na cidade**.

Ampliaremos a **residencia de estudantes do Campus de Ourense**, que incluírá espazos polivalentes, abertos a toda a comunidade universitaria, para realizar actividades libres.

Medida 6. Conectividade, mobilidade e integración coa contorna

Impulsaremos actuacións que melloren a **conectividade** dos campus e a súa integración coas cidades, promovendo modelos de **mobilidade sostible**.

Accións



<p>Elaboraremos un Plan de Mobilidade Sostible, adaptado aos requisitos da nova Lei de Mobilidade Sostible (Ley 9/2025), que incorpore solucións modernas e eficientes.</p>
<p>Incrementaremos o número de postes de carga de coches eléctricos e melloraremos o seu mantemento para dar un servizo de calidade mediante contratos con empresas que provean o servizo a prezos competitivos respecto do mercado.</p>
<p>Promoveremos o uso de patinetes e bicicletas eléctricas, especialmente nos campus de Vigo-cidade, Pontevedra e Ourense. Para iso instalaremos estacións de carga.</p>
<p>Negociaremos con Vitrasa para mellorar o transporte ao campus de Vigo en número, frecuencia e dispoñibilidade.</p>
<p>Estudaremos opcións intermodais de transporte sostible que inclúan o transporte colectivo no que poida accederse con patinetes e bicicletas eléctricas para mellorar o acceso ao servizo de lanzadeiras desde os puntos máis afastados.</p>
<p>Negociaremos o mantemento da lanzadeira autónoma para a mobilidade dentro do Campus de Vigo.</p>
<p>Impulsaremos a conexión dos campus e a contorna mediante itinerarios peonís e carrís bici.</p>
Medida 7. Campus con identidade e especialización
<p>Potenciaremos o desenvolvemento diferenciado dos campus a través de proxectos estratéxicos que reforcen a súa identidade e especialización.</p>
Accións
<p>Reforzaremos a marca "Campus CREA" como proxecto integrador do campus de Pontevedra e o "Campus Auga" no caso do campus de Ourense, ademais de darlle continuidade aos campus de especialización de Vigo: Campus Mar e Vigo Tecnolóxico.</p>
<p>Impulsaremos un centro transversal de industrias Culturais e Creativas.</p>
<p>Promoveremos proxectos interdisciplinares entre áreas/especialidades de coñecemento.</p>
<p>Crearemos un programa anual de actividades abertas á sociedade .</p>
<p>Impulsaremos a colaboración coas institucións e co tecido cultural que confirme a cohesión co territorio de todos os campus.</p>



Liña estratéxica 17. Transformación dixital

Medida 1. Infraestrutura dixital e gobernanza da IA
<i>Impulsaremos unha infraestrutura tecnolóxica robusta e unha gobernanza responsable da intelixencia artificial que permita avanzar cara a un modelo universitario baseado no uso eficiente dos datos, na automatización real de procesos (como xa se ten conseguido en casos puntuais con anterioridade) e na mellora dos servizos, garantindo ao mesmo tempo criterios éticos, de seguridade e de control institucional.</i>
Accións
<i>Crearemos un Comité Ético de Gobernanza Dixital e Uso da IA para avaliar todas as iniciativas que impliquen o uso desta tecnoloxía.</i>
<i>Avaliaremos as capacidades propias e promoveremos unha cultura de co-creación cos axentes do ecosistema.</i>
<i>Deseñaremos un soporte tecnolóxico no que teñan cabida os modelos de datos e de servizo máis adecuados para a nosa institución, con modelos baseados no uso de Data Lakes e servizos máis áxiles e reutilizables, chegando a unha arquitectura tecnolóxica unificada.</i>
<i>Redefiniremos os procesos para avanzar no goberno do dato, mediante un profundo proceso de escoita e definición cooperativa dos fluxos internos dos nosos servizos que permitan melloras na optimización de procesos.</i>
<i>Buscaremos o soporte de axencias galegas, como pode ser o CESGA, para o apoio das solucións de co-creación que se impulsen desde a universidade e para acceder a infraestrutura hardware que permita a posta en marcha de ferramentas demandantes de potencia de cómputo, como as baseadas en IAX.</i>
Medida 2. Desenvolvemento de ferramentas finalistas
<i>Desenvolveremos e implantaremos ferramentas dixitais que melloren a experiencia da comunidade universitaria, simplifiquen os procesos e incrementen a eficiencia da xestión, priorizando solucións accesibles, integradas e orientadas ao usuario.</i>
Accións
<i>Avanzaremos na substitución progresiva da plataforma Sigma, incorporando solucións máis flexibles e funcionais.</i>



<p>Melloraremos as ferramentas de xestión docente, incluíndo sistemas automatizados de planificación.</p>
<p>Reforzaremos o soporte ás webs dos centros, garantindo calidade, accesibilidade e actualización.</p>
<p>Melloraremos a app da Universidade de Vigo para contar cun espazo unificado de servizos, traballando para ofrecer un punto único de acceso á información, permitindo realizar xestións e consultas de xeito máis áxil e eficiente.</p>
<p>Implantaremos indicadores públicos de uso dos servizos dixitais, reforzando a transparencia e a avaliación.</p>
Medida 3. Impulso á innovación dixital interna
<p>Promoveremos a innovación desde dentro da propia universidade, activando o talento da comunidade universitaria para desenvolver solucións dixitais que melloren a docencia, a xestión e os servizos.</p>
Accións
<p>Implicaremos ao estudiantado da Universidade en todos os procesos de dixitalización, establecendo procesos participativos e contando coa súa opinión no desenvolvemento de todos os procesos e, en especial, nos que impliquen adaptacións na docencia.</p>
<p>Impulsaremos concursos de ideas para proxectos internos de dixitalización nas titulacións e servizos propios, cunha convocatoria interna para potenciar traballos aplicables en toda a universidade que poidan xurdir entre o noso talento interno.</p>
<p>Crearemos unha canle de propostas de simplificación que funcione como un mecanismo de escoita activa de toda a comunidade para identificar oportunidades de mellora en todos os eidos, con especial énfase na optimización dos procesos internos.</p>
<p>Apoiaremos o desenvolvemento de ferramentas dixitais internas orientadas á eficiencia e á mellora dos servizos.</p>
Medida 4. Implantación responsable da intelixencia artificial
<p>Despregaremos ferramentas de intelixencia artificial de maneira progresiva, segura e aliñada cos valores institucionais, priorizando solucións que melloren a eficiencia e liberen tempo para tarefas de maior valor engadido.</p>
Accións
<p>Desenvolveremos modelos de IA corporativos, garantindo a protección de datos e evitando dependencias externas críticas.</p>



*Implantaremos ferramentas de IA para **automatizar tarefas repetitivas** na xestión universitaria.*

*Promoveremos o uso da IA para mellorar os **servizos institucionais e a atención á comunidade**.*

Medida 5. Formación e competencias dixitais e IA

*Impulsaremos **un programa integral de formación** que permita á comunidade universitaria adaptarse ao **novo contexto tecnolóxico**, adquirindo competencias en ferramentas dixitais e intelixencia artificial aplicadas aos distintos ámbitos da actividade universitaria.*

Accións

*Desenvolveremos programas de formación en IA para o **PTXAS**, orientados á mellora da xestión.*

*Promoveremos a formación en ferramentas dixitais e IA para o **profesorado e o estudiantado**, especialmente no ámbito docente.*

*Impulsaremos a formación en IA aplicada á **investigación**, reforzando as capacidades científicas e técnicas da institución.*





Liña estratéxica 18. Sostibilidade

Medida 1. Eficiencia enerxética e transición cara a enerxías renovables
<i>Impulsaremos un modelo de xestión enerxética baseado na eficiencia, na redución do consumo e na progresiva substitución das fontes fósiles por enerxías renovables, co obxectivo de diminuír a pegada ambiental da universidade e mellorar a sostibilidade económica das infraestruturas.</i>
Accións
<i>Nos vindeiros anos continuaremos a renovar as instalacións térmicas dos edificios que funcionan con combustibles fósiles (sobre todo as de gasóleo) por enerxías renovables. O obxectivo é tanto acadar un aforro enerxético e económico, como mellorar o confort dentro dos edificios da universidade.</i>
<i>Avanzaremos na medición en tempo real dos consumos e produción enerxética, coa finalidade de deseñar as estratexias óptimas para a incorporación de novas instalacións de fontes renovables.</i>
<i>Continuaremos a traballar nos plans de aforro enerxético en varios frontes: mellorando a envolvente dos edificios existentes e incorporando os criterios de sostibilidade nos novos, modernizando as instalacións dos edificios, e con campañas de concienciación sobre aforro enerxético dirixidas a toda a comunidade.</i>
<i>Modernizaremos as instalacións dos edificios para aumentar a súa eficiencia e reducir o consumo enerxético.</i>
<i>Impulsaremos campañas de concienciación sobre o uso responsable da enerxía dirixidas a toda a comunidade universitaria.</i>
Medida 2. Mobilidade sostible
<i>Promoveremos un modelo de mobilidade accesible, eficiente e de baixo impacto ambiental, adaptado ás necesidades da comunidade universitaria e aliñado coa normativa vixente en materia de mobilidade sostible.</i>
Accións
<i>Elaboraremos un Plan de Mobilidade Sostible adaptado á nova lei de mobilidade, incorporando solucións innovadoras e eficientes.</i>
<i>Incrementaremos o número de puntos de recarga para vehículos eléctricos e melloraremos a súa xestión e mantemento.</i>



<p>Promoveremos o uso de bicicletas e patinetes eléctricos, especialmente nos campus urbanos, mediante a instalación de infraestruturas de apoio e recarga.</p>
<p>Melloraremos o transporte colectivo aos campus en colaboración coas administracións e empresas concesionarias, aumentando frecuencias e conectividade.</p>
<p>Impulsaremos solucións de mobilidade intermodal que faciliten o acceso aos campus desde distintos puntos do territorio.</p>
<p>Manteremos e melloraremos os sistemas de mobilidade interna sostible nos campus.</p>
Medida 3. Sostibilidade na actividade académica
<p>Integraremos os principios da sostibilidade na formación universitaria, promovendo unha educación orientada á responsabilidade social, ambiental e global.</p>
Accións
<p>Impulsaremos a incorporación de contidos relacionados cos ODS na formación do estudiantado, comprometidos cun concepto forte de sostibilidade que vai máis alá da loita contra o cambio climático, enfrontando os retos da sociedade global con responsabilidade e ofrecendo unha formación universitaria integral que transcenda a mera profesionalización.</p>
<p>No plano pedagóxico, continuaremos e reforzaremos a actividade da OMA con novas campañas de sensibilización e educación, campañas de voluntariado medioambiental e accións directas no entorno local que salienten as diferentes actuacións da Universidade de Vigo neste campo.</p>
Medida 4. Investigación e innovación para a sostibilidade
<p>Reforzaremos o papel da Universidade como axente activo na xeración de coñecemento e desenvolveremos solucións innovadoras para os retos ambientais e sociais.</p>
Accións
<p>No plano da investigación, traballaremos no desenvolvemento dos indicadores de sostibilidade incluídos no plan de acción do selo HR Excellence in Research e nas distintas clasificacións nacionais e internacionais de universidades neste eido, pois isto supón un recoñecemento que reforza a imaxe internacional da nosa universidade e, por extensión, a do noso persoal investigador.</p>



Buscaremos as **sinerxías e participación dos grupos de investigación** da Universidade de Vigo para desenvolver estratexias e implantar novas tecnoloxías co fin de reducir a pegada de carbono das nosas actividades.

Fomentaremos a **colaboración interdisciplinar** para o desenvolvemento de novas tecnoloxías e solucións sostibles.

Medida 5. Cultura ambiental e implicación da comunidade universitaria

Consolidar unha **cultura institucional comprometida** coa **sostibilidade** mediante a sensibilización, a participación e a acción directa da comunidade universitaria.

Accións

Reforzaremos as **campañas de sensibilización** e educación ambiental dirixidas a toda a comunidade universitaria.

Impulsaremos **programas de voluntariado ambiental** e accións de intervención na contorna.

Visibilizaremos as **actuacións** da Universidade de Vigo en **materia de sostibilidade** para reforzar o seu compromiso institucional.

Potenciaremos o papel das estruturas existentes, como a **Oficina de Medio Ambiente**, como eixe vertebrador destas iniciativas.





Liña estratéxica 19. Comunicación

Medida 1. Plan de comunicación da Universidade de Vigo
<i>Elaboraremos o II Plan de Comunicación da Universidade de Vigo (2027-2032) que integre a comunicación interna, a comunicación externa, a comunicación institucional, a comunicación científica e traballe adecuadamente a marca e a reputación tendo unha estratexia única de presenza dixital e en redes sociais.</i>
Accións
<i>Faremos unha diagnose obxectiva da situación comunicativa actual da Universidade de Vigo tendo en conta a todos os públicos e priorizando á comunidade universitaria.</i>
<i>Poñeremos en marcha un proceso participativo de elaboración do II Plan de Comunicación da Universidade de Vigo (2027-2032) con indicadores de seguimento e avaliación.</i>
<i>Definiremos un mapa de público estratéxico (comunidade universitaria, medios, estudantes potenciais, empresas, administracións, sociedade da contorna) que permita estruturar a estratexia comunicativa da universidade.</i>
<i>Faremos fincapé no deseño dunha estratexia de comunicación interna que permita fluidez na xestión da universidade, creando unha medida específica (ver apartado seguinte).</i>
<i>Deseñaremos unha estratexia de comunicación externa que combine as necesidades de captación de estudantado coa proxección da imaxe institucional e o compromiso social da Universidade de Vigo.</i>
<i>Crearemos un plan de comunicación institucional que concrete un ecosistema de medios real, adaptable e eficaz en función dos distintos públicos e que consiga o impacto necesario, garantindo a adecuada dotación de recursos para as distintas canles.</i>
<i>Estableceremos un calendario anual de campañas de captación e institucionais, coñecido previamente pola comunidade universitaria.</i>
<i>Consolidaremos a comunicación científica da Universidade de Vigo cunha planificación estable e recursos adecuados para a súa xestión.</i>
<i>Redefiniremos a comunicación en redes sociais conforme aos obxectivos do plan estratéxico de comunicación e buscando unha narrativa coherente entre a adecuación aos públicos e a imaxe institucional da universidade.</i>



<p>Potenciaremos un sistema competitivo de medios propios da Universidade de Vigo que non só se limite a medios dixitais, senón que teña en conta os recursos xa existentes (como UVigoTV) e que se adapte ás peculiaridades de cada colectivo.</p>
<p>Crearemos un sistema de indicadores de impacto comunicativo que permita un seguimento continuo e transparente da xestión en este ámbito.</p>
Medida 2. Mellora da comunicación interna
<p>Crearemos unha estratexia de comunicación interna transversal que empregue ferramentas axeitadas para os distintos segmentos de públicos internos e con medidas que busquen fortalecer o sentimento de pertenza á Universidade de Vigo e a transparencia da xestión.</p>
Accións
<p>Deseñaremos a estrutura de comunicación interna da Universidade de Vigo, dotándoa de recursos adecuados.</p>
<p>Dentro do II Plan Estratégico de Comunicación da Universidade de Vigo (2027-2032) realizaremos un traballo de consulta e diagnose para deseñar un plan de comunicación interna realista, adecuado e eficaz.</p>
<p>Deseñaremos unha canle específica (intranet e app) institucional con acceso segmentado por colectivos e intereses para garantir a correcta xestión da comunicación interna da universidade.</p>
<p>Implementaremos un sistema de alertas informativas internas para comunicacións relevantes dentro da institución que priorice adecuadamente a información e garanta o fluxo informativo.</p>
<p>Poñeremos en marcha o Boletín Oficial da Universidade de Vigo (información administrativa e normativa) - BoUVigo- que compendie nun único lugar e de xeito accesible e operativo toda a información técnica.</p>
<p>Crearemos o Xornal Informativo Interno da Universidade de Vigo que recolla de xeito noticioso as informacións de interese interno da institución e permita un coñecemento máis amplo da realidade diaria da universidade.</p>
<p>Buscaremos a activación da Radio Universitaria da Universidade de Vigo que sirva, inicialmente, como canle de comunicación interna pero poida buscar unha proxección que permita a difusión da imaxe da universidade.</p>
<p>Estableceranse espazos periódicos de rendición de contas que garantan un bo desenvolvemento das medidas aplicadas en comunicación interna.</p>



Medida 3. Reforzo da estrutura de comunicación da UVigo

En relación coas medidas anteriores, consolidaremos e ampliaremos o equipo especializado en comunicación contando con **catro áreas de traballo**: comunicación institucional, comunicación interna, divulgación científica (UCC-i) e imaxe. Dita estrutura contará ademais, cunha coordinación directa co equipo reitoral e deberá evolucionar ata poder dispor de apoio profesional na comunicación dos centros.

Accións

Reforzaremos e consolidaremos os recursos do **Gabinete de Comunicación** da Universidade de Vigo como estrutura estratéxica de comunicación institucional.

Estableceremos vías de participación do Gabinete de Comunicación nas actividades de dirección mediante un **comité de coordinación** comunicación-reitoría que garanta o establecemento de obxectivos comúns.

Deseñaremos a **estrutura de comunicación interna** da Universidade de Vigo, dotándoa de recursos adecuados.

Consolidaremos a **Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo** como unidade estratéxica de divulgación e difusión da ciencia, dotándoa de recursos e situándoa adecuadamente na estrutura xeral de comunicación.

Reforzaremos a **Área de Imaxe** da Universidade de Vigo, garantindo recursos adecuados e situándoa na estrutura xeral de comunicación da universidade.

Xestionaremos a **comunicación externa da Universidade de Vigo** tendo en conta a toda a comunidade universitaria para facela partícipe e colaboradora na difusión dunha imaxe axeitada da nosa institución.

Fortaleceremos a **relación cos medios de comunicación** da contorna da Universidade de Vigo e do resto da comunidade autónoma, establecendo vías de colaboración estable.

Estableceremos canles e recursos de seguimento e asesoramento eficaz da **comunicación específica dos centros** da universidade, con especial atención á presenza en redes sociais e a xestión das páxinas web.

Crearemos una **rede de responsables de comunicación** dos centros, institutos e grupos de investigación que os faga partícipes da estrutura de dirección da Universidade de Vigo e que garanta unha coordinación, seguimento e dotación de recursos axeitada.

Aportaremos **formación específica en comunicación** para os responsables de comunicación dos centros, institutos e grupos de investigación da universidade.



Medida 4. Estratexia de marca, cultura e reputación institucional

Na liña do traballo desenvolto ata o de agora, incidiremos na **consolidación da identidade visual da Universidade** ampliando e adaptando a guía de marca institucional (manual de identidade) e traballando na coherencia da comunicación de facultades, centros e departamentos.

Accións

En base ao Manual de Identidade Corporativa da Universidade de Vigo, regularemos a **normativa da marca institucional** da UVigo.

Poñeremos en marcha **accións formativas** para o emprego da imaxe en centros para o persoal da universidade ao tempo que ofreceremos asesoramento, a todos os colectivos da universidade, para unha comunicación eficaz e adaptada aos obxectivos da Universidade.

Crearemos o **Arquivo de Patrimonio Visual da Universidade de Vigo**, onde se recompilarán todos os materiais de deseño, fotografía e imaxe da historia da institución e se permitirá un acceso total que facilite o seu emprego como repositorio para a actividade científica, comunicativa e divulgativa da comunidade universitaria.

Traballaremos en reforzar o **sentimento de pertenza** á Universidade de Vigo a través de actividades específicas e de xeito transversal en todas as accións comunicativas, fomentando a implicación dos colectivos en todos os procesos.

Publicaremos unha **axenda semanal única** e centralizada de toda a actividade formativa, científica, cultural e de lecer da Universidade de Vigo que se converta nunha referencia informativa da universidade.

Crearemos o **Distintivo Comunica** que recoñeza anualmente aos centros que contribúan máis activamente á comunicación da universidade, axustándose á imaxe corporativa e aos obxectivos comunicacionais xerais.

Publicaremos periodicamente os **datos reputacionais da Universidade de Vigo** para manter un seguimento continuo da súa evolución e analizaremos periodicamente a reputación en medios de redes.

Medida 5. Comunicación científica e transferencia

Procederemos a **consolidar a Unidade de Cultura Científica** que operará como un servizo de apoio profesional á comunicación dos resultados de investigación.

Accións

Garantiremos unha adecuada **dotación de recursos** profesionais e materiais na Área de Cultura Científica da Universidade de Vigo.



<p>Estableceremos un calendario anual de iniciativas de divulgación científica que permita a participación de investigadoras e investigadores de todas as áreas de coñecemento e se adecúe aos diferentes públicos obxectivos.</p>
<p>Organizaremos o Portal de Divulgación Científica e de Innovación da Universidade de Vigo, no que se dispoña da información actualizada á actividade divulgativa das investigadoras e investigadores da universidade e facilita a solicitude de sexenios e acreditacións ao tempo que permita establecer rankings e puntuacións internas.</p>
<p>Lanzaremos un programa de divulgación científica en medios e redes mediante a colaboración directa cos medios de comunicación e xornalistas científicos/as.</p>
<p>Reestruturaremos e potenciaremos as Charlas de Divulgación Científica da Universidade de Vigo, con maiores recoñecementos e axudas ás investigadoras e investigadores participantes.</p>
<p>Continuaremos co programa de embaixadoras e embaixadores científicos para que siga avanzando nunha divulgación real e efectiva da ciencia.</p>
<p>Poñeremos a disposición dos medios de comunicación a rede de investigadoras e investigadores divulgadores que facilite o acceso directo a expertos da Universidade de Vigo en grande variedade de temáticas, permitindo unha información científica de maior calidade e que loite contra a desinformación e os enganos na ciencia.</p>
<p>Organizaremos un programa de Formación en Comunicación Científica para estudantes de doutoramento buscando incrementar a súa capacitación en comunicación científica e ciencia cidadá, tal como require o Real Decreto 576/2023.</p>
Medida 6. Estratexia dixital e redes sociais
<p>Formularemos unha transformación das canles dixitais cunha estratexia coordinada das redes sociais e coa creación de contidos audiovisuais propios, tendo en conta unha análise real e continua do impacto e das audiencias.</p>
Accións
<p>Dentro do Plan Estratéxico de Comunicación da Universidade de Vigo realizaremos unha diagnose da situación actual das redes sociais valorando o impacto e a eficacia do seu funcionamento e permitindo un reestruturación que se sustente nunha narrativa coherente coa imaxe da universidade.</p>
<p>En liña co anterior, implantaremos un sistema de análise de audiencia e impacto dixital permanente que permita facilitar, de xeito transparente, datos de evolución sobre a imaxe da universidade no espazo dixital.</p>



Elaboraremos unha **guía de boas prácticas en redes sociais** para a comunidade universitaria, con atención a aspectos formais pero tamén éticos.

Traballaremos na **unificación de criterios de xestión das redes sociais** dos centros, titulacións e departamentos da universidade, aportando recursos para garantir o adecuado desenvolvemento destas canles.

Organizaremos **programas de formación** para as investigadores e investigadoras da Universidade de Vigo coa finalidade de que fagan un emprego eficaz e consciente da redes sociais con fins profesionais.

Colaboraremos cos docentes con **proxectos de formación** que se vehiculen a través da redes sociais, dentro da liña de innovación docente da universidade.

Medida 7. Relación coa sociedade e os medios

Co fin de reforzar o papel público da Universidade é necesario conseguir unha relación estable e fluída coa sociedade e cos medios de comunicación e deben aportarse medidas concretas para conseguir ese obxectivo.

Accións

Crearemos un programa anual de **xornadas universidade-sociedade** nas que abordemos temas concretos de interese social.

Fortaleceremos a **relación cos medios de comunicación** da contorna da Universidade de Vigo e do resto da comunidade autónoma, establecendo vías de colaboración estable.

Desenvolveremos **campañas institucionais específicas** sobre o impacto social da Universidade de Vigo.

Reforzaremos a **presenza da universidade** en debates públicos e espazos divulgativos como interlocutor fundamental en temas de ciencia, tecnoloxía e desenvolvemento social e humanístico.

Medida 8. Comunicación orientada a estudantado e captación

Deseñaremos unha estratexia específica para estudantes preuniversitarios que consiga unha **mellora da información sobre oferta académica**, cunha presenza activa en feiras educativas reforzada con campañas de comunicación adaptadas ás narrativas dos públicos obxectivos.

Accións

En colaboración coa Vicerreitoría correspondente, crearemos un **programa de captación** que combine accións directas e comunicativas.



<p>Aportarase material comunicativo diseñado estratexicamente para a captación de alumnado que aumente a súa presenza en feiras e actividades de información.</p>
<p>Potenciaremos a rede da comunidade Alumni da Universidade de Vigo para que se convertan en embaixadores e embaixadoras da súa universidade.</p>
<p>Produciremos contidos audiovisuais sobre experiencias estudiantís que sirvan para orientar ao futuro estudiantado.</p>
Medida 9. Cultura institucional da comunicación
<p>Traballarse na consecución dunha cultura propia e comprometida coa imaxe da institución e coa necesidade de comunicación continua.</p>
Accións
<p>Estableceremos un compromiso de política de comunicación previa na que se informará con anterioridade sobre os procesos de toma de decisións da dirección, establecendo un diálogo permanente con todos os colectivos.</p>
<p>Deseñaremos un programa de formación en comunicación para todos os colectivos da universidade.</p>
<p>Potenciaremos os incentivos relativos á divulgación científica, contando, ademais, cun recoñecemento institucional (galardóns) das actividades de comunicación.</p>
<p>Ampliaremos a consideración de divulgación científica como mérito nas políticas institucionais de recoñecemento.</p>
<p>Organizaremos obradoiros de comunicación científica e relación cos medios.</p>
<p>Ofertaremos cursos de comunicación institucional e atención pública para o PTXAS.</p>





Liña estratéxica 20.

Extensión universitaria e normalización lingüística

Medida 1. Inclusión real

Promoveremos e melloraremos a *inclusión real* na comunidade da Universidade de Vigo. Continuaremos o *afondamento* das medidas para crear unha universidade *inclusiva e accesible* para as persoas con discapacidade ou necesidades específicas de apoio educativo.

Accións

Levaremos a cabo unha análise e **mellora da normativa PIUNE** para axilizar a integración do estudantado e a adaptación da docencia ás súas necesidades, mediante informes personalizados.

Faremos unha diagnose obxectiva da situación comunicativa en relación co coñecemento do estudantado do **programa PIUNE-NEAE** e melloraremos a comunicación e información deste programa no momento da matrícula, de forma que todo o estudantado a coñeza e sexa de utilidade nos casos necesarios.

Facilitaremos a **formación do profesorado para unha atención adecuada ao estudantado con necesidades especiais** e incrementaremos a información proporcionada aos titores/as en relación coas súas necesidades.

Promoveremos a realización dun **itinerario formativo online** (semellante ao de igualdade) que permita a formación de profesorado e titores PIUNE de forma autónoma.

Apoiaremos, de modo **específico e individualizado**, ao profesorado responsable do PIUNE, facilitándolle o acceso a profesionais en situacións de urxencia no tratamento do estudantado.

Manteremos e melloraremos o **Programa de Acompañamento Psicológico (PAP)** para estudantes con dificultades derivadas da súa actividade académica, coa implicación de especialistas en psicoloxía clínica e psicopedagogía, incluíndo a xestión do estrés e da ansiedade relacionada coa labor académica, investigadora ou outras causas.

Desenvolveremos un modelo de análise e avaliación anual dos programas PAP e PIUNE-NEAE mediante **indicadores de impacto reais** que permitan a súa mellora continua.

Forneceremos a **Unidade de Diversidade** como un servizo implicado na prevención, atención e protección das persoas pertencentes a colectivos vulnerables como LGTBIQA+, persoas con discapacidade ou inmigrantes etc.



Asumiremos o compromiso de executar de xeito integral as funcións recollidas no **regulamento de organización e funcionamento da Unidade de Diversidade**, garantindo o cumprimento efectivo dos seus obxectivos.

Fomentaremos a atención, o acompañamento, a participación e o **dereito á igualdade real e efectiva**, así como a non discriminación das persoas LGTBIQA+.

Organizaremos **actividades para xerar conciencia** e cambiar a sociedade fortalecendo a voz do colectivo LGTBIQA+ na Universidade de Vigo e facilitando a súa integración.

Promoveremos, atenderemos e recoñeceremos a **diversidade cultural**; e preveremos e actuaremos ante discriminacións étnico-raciais.

Impulsaremos o incremento de prazas en **Escolas infantís** e, no caso do campus de Vigo, establecerase un convenio coa escola Celta-Berce para a reserva de prazas para membros da comunidade universitaria.

Medida 2. Mellora de accesibilidade física e en liña

Crearemos unha **estratexia de mellora da accesibilidade**, que permita diagnosticar e incrementar a accesibilidade de edificios ou páxina web entre outros. As medidas buscan fortalecer e facilitar o acceso á información da Universidade de Vigo a todos os seus colectivos.

Accións

Continuaremos co **programa de análise da mobilidade nos edificios** e nos campus, mellorando a accesibilidade universal nos aspectos arquitectónicos.

Melloraremos a **accesibilidade** na páxina web, carteleiras e sinalética, atendendo ás normas estándares e incluíndo o etiquetado de aulas e despachos en Braille.

Estableceremos **redes de colaboración na atención á diversidade** mediante convenios con outras universidades, organismos gobernamentais e non gobernamentais.

Medida 3. Infraestruturas deportivas e actividades de lecer

Para promover a realización de accións deportivas é necesario que as infraestruturas que lles dan soporte sexan o máis adecuadas posibles, atendendo de forma correcta ao seu mantemento e mellora para poñelas a disposición de toda a comunidade. A mellora das instalacións será un punto fundamental, que levaremos a cabo en colaboración coa vicerreitoría correspondente.



Accións
<i>Potenciaremos e diversificaremos a oferta de servizos deportivos dirixidos á comunidade universitaria, consolidando o deporte como un eixe transversal para a mellora da saúde mental e o benestar físico integral.</i>
<i>Promoveremos o deporte de base e participativo mediante a eliminación de barreiras de acceso, impulsando programas específicos que garantan a equidade de xénero e a inclusión efectiva en todas as disciplinas universitarias.</i>
<i>Levaremos a cabo unha modernización e mantemento das infraestruturas deportivas existentes, garantindo unha xestión eficiente dos espazos deportivos para optimizar o seu uso por parte de toda a comunidade, incluíndo a sala de cardio-fitness dos distintos campus.</i>
<i>Reforzaremos e daremos pulo ás actividades culturais e deportivas, como os roteiros culturais, o deporte inclusivo, como un vínculo coa sociedade, cos estudantes e coa comunidade alumni.</i>
<i>Impulsaremos a firma de convenios para facilitar o acceso a servizos deportivos nas cidades dos nosos campus.</i>
Medida 4. Fomento e consolidación da cultura do voluntariado
<i>Para acadar o noso compromiso de construír unha comunidade máis solidaria, crítica e implicada, contaremos co voluntariado universitario como unha das súas bases e como unha ferramenta de aprendizaxe fundamental para a cohesión social.</i>
Accións
<i>Fomentaremos e consolidaremos a cultura do voluntariado para transformar a universidade nun axente activo de cambio social, facilitando que os membros da nosa comunidade se involucren en accións solidarias e desenvolvan competencias transversais como a empatía e o traballo en equipo.</i>
<i>Organizaremos obradoiros sobre metodoloxía de proxectos sociais, ética e sensibilización, e valoraremos a creación dunha liña de financiamento para deseñar e executar iniciativas solidarias nos campus.</i>
<i>Diversificaremos e potenciaremos a oferta de obradoiros e cursos de extensión universitaria nos distintos campus, garantindo a calidade e asegurando un financiamento adecuado e sostible.</i>



Medida 5. Marco estratéxico de acción cultural

A *estratexia cultural*, como eixe para a **formación integral e o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo**, fai que a *universidade*, como institución pública e xeradora de coñecemento, sexa responsable de actuar como axente dinamizador que conecte o saber académico cos retos sociais e a identidade do territorio.

Accións

Manteremos e impulsaremos os **premios culturais da universidade** (á creación audiovisual ou á fotografía entre outros) e valoraremos a súa ampliación a novos formatos e linguaxes contemporáneas.

Reforzaremos as **actividades culturais xa desenvolvidas** nos distintos ámbitos (musicais, expositivos ou teatrais entre outros), mellorando a colaboración coa contorna en accións culturais específicas, así como establecendo convenios para a realización de ditas actividades con outros organismos.

Facilitaremos **axudas** para que a propia comunidade universitaria organice proxectos culturais ou de difusión científica que leve actividades culturais a todos os centros e campus.

Impulsaremos a creación de **cursos de verán** nos diversos ámbitos de coñecemento.

Medida 6. Programa Universitario de Maiores (PUM)

Na liña do traballo desenvolto ata o de agora, o programa de maiores constituirá unha das liñas centrais como exemplo claro da aprendizaxe ao longo da vida e a actividade de acción social na contorna. Dado o seu carácter integrador de diversidade constitúe un eixe de acción social, polo que potenciaremos o Programa Universitario de Maiores, garantindo unha oferta académica axeitada, a dotación dos recursos necesarios e a promoción da súa participación activa nos órganos de goberno.

Accións

Crearemos o **Centro de Formación para o Programa Universitario de Maiores (PUM)**, que integre os programas dos tres campus e dea soporte ás necesidades específicas de formación e responsabilidade social asociadas a estes proxectos.

Revisaremos a **normativa e procedemento de matrícula**, incluíndo medidas de flexibilización da matrícula, permitindo a diminución do número mínimo de créditos anuais, e a nova matrícula en materias xa cursadas.

Promoveremos o desenvolvemento de medidas que faciliten a matrícula en materias impartidas en **campus diferentes**.



Impulsaremos a realización de **xornadas de convivencia e de estadías** e visitas a centros nacionais e estranxeiros.

Apoiaremos as **accións específicas dos distintos campus** para a realización de actividades que integren o PUM na súa contorna (por exemplo, os paseos interxeracionais ou o catálogo de plantas invasoras de Pontevedra).

Promoveremos e continuaremos coa difusión do **Ciclo integrado do PUM** como eixe da integración interxeracional que a institución defende.

Impulsaremos a **participación do estudantado do PUM** dos diversos campus nas actividades de difusión, investigación e culturais do global da universidade (cátedras, proxectos de difusión, programa de embaixadores, e xornadas de portas abertas dos centros de investigación entre outros)

No proceso de mellora da comunicación interna e externa, **melloraremos a web do PUM** cunha actualización de contidos, que responda á realidade dos estudos.

Medida 7. Normalización lingüística e promoción do galego

Impulsaremos unha **política activa de normalización lingüística** que incremente e consolide o uso efectivo do galego na docencia, na investigación e na vida universitaria, reforzando o seu papel como lingua propia da Universidade de Vigo e garantindo condicións reais para o seu emprego en todos os ámbitos cun compromiso claro coa cultura e a lingua galega.

Accións

Institucional

Garantiremos a aplicación real e efectiva do **Regulamento do uso da Lingua Galega** da Universidade de Vigo.

Potenciaremos o papel da **Área de Normalización Lingüística (ANL)**, fortalecendo a súa coordinación coas comisións de política lingüística e os enlaces de galego dos centros, revitalizando os órganos institucionais nesta materia.

Manteremos o **Observatorio Permanente da Situación do Galego na Universidade de Vigo** que parta do estudos actuais realizados pola ANL e outras vicerreitorías e consiga manter unha conciencia activa sobre a evolución do galego, permitindo adoitar medidas específicas en base a datos reais.

Impulsaremos, seguindo a senda actual, **actuacións conxuntas no Sistema Universitario de Galicia**, incluíndo campañas de promoción dirixidas ao estudantado e o desenvolvemento dunha normativa con obxectivos, calendarios e mecanismos de seguimento.



<p>Estableceremos colaboracións con administracións locais e outras institucións para accións conxuntas de difusión e visibilización do galego.</p>
<p>Promoveremos a colaboración entre a universidade e os distintos niveis educativos para reforzar a presenza e o ensino do galego.</p>
Docentes
<p>Valoraremos a competencia en lingua galega e a formación en contextos plurilingües nos procesos de selección e acreditación do profesorado, especialmente nas titulacións vinculadas á educación.</p>
<p>Facilitaremos as condicións de obtención do CELGA 3 e o CELGA 4.</p>
<p>Manteremos un programa de formación en lingua galega para a docencia que permita o desenvolvemento de habilidades lingüísticas e a implementación de novas propostas.</p>
<p>Realizaremos unha análise do programa de incentivos e recoñecementos ao profesorado polo uso do galego na docencia universitaria, valorando a súa evolución e buscando melloras que permitan unha incorporación de falantes.</p>
<p>Impulsaremos medidas de apoio á tradución de materiais docentes e de servizos de asesoramento para iniciativas formativas en galego.</p>
<p>Estableceremos un plan de traballo para xerar glosarios terminolóxicos específicos por áreas, contando coa colaboración dos centros.</p>
<p>Daremos prioridade ás publicacións en galego no Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.</p>
Formación
<p>Establecerase un plan de traballo que, de xeito secuencial, permita conseguir o obxectivo mínimo do 25% de docencia nos títulos de Grao en galego.</p>
<p>Retomando iniciativas anteriores e, de xeito paulatino, establecerase un curso O de galego para estudantes foráneos e propios que garanta o acceso á universidade con competencias en galego.</p>
<p>Traballarase para conseguir a oferta de materias de galego profesional asociadas a todas as titulacións da universidade.</p>
<p>Crearemos un marco real de convivencia lingüística, facendo parte ao galego do proceso de internacionalización da universidade, poñendo en marcha plans de formación concienciación e fomento o uso de galego entre o estudiantado entrante e saínte.</p>



Esixirase a existencia obrigatoria de **probas e avaliacións en lingua galega** no conxunto das titulacións, garantindo que o estudiantado que o desexe poida realizar as probas nesa lingua.

Fomentaremos a elaboración de **manuais e materiais docentes en lingua galega** en todas as áreas/especialidades de coñecemento, mediante acordos con obxectivos e prazos definidos.

Garantiremos, mediante desenvolvemento normativo, a incorporación de **medidas de normalización lingüística no Practicum** das titulacións orientadas á docencia.

Incentivarase a elaboración de **TFG, TFM e Teses de doutoramento en galego** ampliando as medidas para ese fin.





Bloque 40. COMPROMISOS





40. Compromisos

Compromiso 1	<i>Impulsaremos a estabilidade e a promoción do persoal docente e investigador (PDI).</i>
Compromiso 2	<i>Melloraremos as condicións do persoal técnico de xestión, de administración e de servizos (PTXAS).</i>
Compromiso 3	<i>Apoiaremos o desenvolvemento do Persoal Investigador (PI) e o Persoal de Apoio á Investigación (PAI) en todas as etapas.</i>
Compromiso 4	<i>Garantiremos un entorno universitario saudable e centrado no benestar das persoas.</i>
Compromiso 5	<i>Reforzaremos as bolsas e axudas para asegurar a igualdade de oportunidades do estudantado.</i>
Compromiso 6	<i>Facilitaremos a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.</i>
Compromiso 7	<i>Atraeremos e reteremos talento con programas específicos e oportunidades reais e concretas.</i>
Compromiso 8	<i>Promoveremos a formación continua para toda a comunidade universitaria.</i>
Compromiso 9	<i>Fomentaremos a participación activa na toma de decisións.</i>
Compromiso 10	<i>Avanzaremos nunha universidade máis igualitaria, diversa, inclusiva e comprometida co galego.</i>
Compromiso 11	<i>Transformaremos a docencia para poñer ao estudantado no centro do proceso de aprendizaxe.</i>
Compromiso 12	<i>Impulsaremos a innovación educativa e o uso intelixente da tecnoloxía no contexto formativo.</i>
Compromiso 13	<i>Simplificaremos os procesos académicos para facelos máis áxiles e claros.</i>
Compromiso 14	<i>Ampliaremos a oferta de titulacións internacionais e programas compartidos.</i>
Compromiso 15	<i>Reforzaremos a investigación con impacto real na sociedade.</i>
Compromiso 16	<i>Incrementaremos a captación de fondos para investigación e innovación.</i>
Compromiso 17	<i>Melloraremos os servizos de apoio á actividade investigadora.</i>
Compromiso 18	<i>Potenciaremos a transferencia de coñecemento ao tecido social e produtivo.</i>
Compromiso 19	<i>Apoiaremos os grupos emerxentes e novas liñas de investigación.</i>
Compromiso 20	<i>Consolidaremos unha cultura de calidade e mellora continua.</i>
Compromiso 21	<i>Modernizaremos a gobernanza para facela máis áxil e participativa.</i>



Compromiso 22	<i>Simplificaremos a xestión administrativa para facilitar o día a día.</i>
Compromiso 23	<i>Garantiremos un modelo de financiamento sostible e transparente.</i>
Compromiso 24	<i>Renovaremos e adaptaremos as infraestruturas ás necesidades actuais.</i>
Compromiso 25	<i>Desenvolveremos unha estratexia dixital útil e accesible.</i>
Compromiso 26	<i>Reforzaremos a transparencia e a rendición de contas.</i>
Compromiso 27	<i>Melloraremos a comunicación interna e externa da universidade.</i>
Compromiso 28	<i>Fortaleceremos os servizos universitarios esenciais.</i>
Compromiso 29	<i>Impulsaremos unha universidade máis sostible e comprometida coa contorna.</i>
Compromiso 30	<i>Optimizaremos os recursos para mellorar a eficiencia institucional.</i>
Compromiso 31	<i>Abriremos a universidade á súa contorna social e territorial.</i>
Compromiso 32	<i>Reforzaremos a colaboración co tecido empresarial e institucional.</i>
Compromiso 33	<i>Impulsaremos o emprendemento estudantil e a innovación.</i>
Compromiso 34	<i>Internacionalizaremos a universidade con máis mobilidade e alianzas.</i>
Compromiso 35	<i>Desenvolveremos campus conectados, accesibles e integrados.</i>
Compromiso 36	<i>Proxectaremos o papel social da universidade como motor de cambio.</i>
Compromiso 37	<i>Potenciaremos a cultura e a extensión universitaria.</i>
Compromiso 38	<i>Participaremos activamente en redes e proxectos internacionais.</i>
Compromiso 39	<i>Promoveremos a innovación social con impacto no territorio.</i>
Compromiso 40	<i>Posicionaremos a Universidade de Vigo como referente global.</i>

Estas páxinas recóllese un conxunto de compromisos que sintetizan o modelo de universidade proposto, centrado nas persoas, na mellora das condicións laborais e na igualdade de oportunidades, ao tempo que aposta por unha docencia innovadora e de calidade, unha investigación con impacto e unha xestión máis áxil e participativa. Estes compromisos tamén reforzan a captación de talento, a internacionalización, a transferencia de coñecemento e a simplificación administrativa, configurando unha universidade máis inclusiva, sostible e conectada coa sociedade.



Bloque. CAMPUS





Campus OURENSE

Medida 1. Gobernanza e fortalecemento institucional
<i>Impulsaremos unha gobernanza de proximidade, participativa e transparente no Campus de Ourense, reforzando a capacidade de xestión da vicerreitoría e mellorando a coordinación cos centros, departamentos e servizos universitarios. Traballaremos por unha organización máis desconcentrada e eficiente, cunha maior presenza institucional e capacidade de resposta, adaptada ás necesidades reais do campus e aliñada co conxunto da UVigo.</i>
Accións
<i>Reforzaremos a capacidade de xestión da vicerreitoría do Campus de Ourense e impulsaremos unha maior presenza do equipo reitoral e da Xerencia no Campus.</i>
<i>Avanzaremos na desconcentración dos servizos universitarios, con especial atención á implantación presencial daqueles servizos aínda non dispoñibles no campus de Ourense.</i>
<i>Reforzaremos as áreas de apoio cunha maior dotación de PTXAS no campus.</i>
<i>Potenciaremos a relación da vicerreitoría cos centros, departamentos e diferentes niveis administrativos do Campus mediante xuntanzas periódicas de análise, diálogo e seguimento.</i>
Medida 2. Simplificación administrativa e transformación dixital
<i>Avanzaremos cara a un modelo de xestión máis áxil, eficiente e accesible mediante a simplificación administrativa e a transformación dixital dos procedementos do Campus de Ourense. Promoveremos a integración nas plataformas electrónicas e a coordinación coas vicerreitorías competentes para reducir a burocracia, mellorar os tempos de resposta e facilitar a relación coa comunidade universitaria.</i>
Accións
<i>Impulsaremos a simplificación administrativa e a transformación dixital dos procedementos do campus, incorporándoos ás plataformas de tramitación electrónica para reducir burocracia e mellorar a eficiencia institucional.</i>
<i>Colaboraremos coa vicerreitoría correspondente para garantir un desenvolvemento coordinado e eficaz da transformación dixital e a redución da burocracia no campus.</i>



Medida 3. Persoal, formación e organización académica

Reforzaremos o **desenvolvemento do persoal e a organización académica** do Campus de Ourense, promovendo a formación continua, a remuda xeracional e a consolidación das estruturas docentes e investigadoras. Apoiaremos a implantación de novas titulacións e o fortalecemento dos departamentos, garantindo os recursos necesarios e avanzando cara a modelos máis autónomos, sostibles e adaptados á realidade do campus.

Accións

Promocionaremos a **formación presencial para o PDI e o PTXAS** no Campus de Ourense, en colaboración coas vicerreitorías correspondentes.

Impulsaremos a **remuda xeracional** das persoas traballadoras mediante o plan REXE en colaboración coas vicerreitorías correspondentes.

Reforzaremos os **programas de contratos predoutorais e posdoutorais** vinculados aos **Campus de Especialización**.

Apoiaremos a correcta implantación de **novas titulacións**, asegurando as condicións administrativas, organizativas e de recursos necesarios para un desenvolvemento exitoso das mesmas.

Colaboraremos coa vicerreitoría correspondente para garantir un desenvolvemento coordinado e eficaz da **transformación dixital** e a redución da burocracia no campus.

Promocionaremos **departamentos con sede no Campus de Ourense** en colaboración coas vicerreitorías correspondentes.

Xogaremos un papel fundamental na **revisión dos modelos de dotación orzamentaria** dos centros e departamentos buscando unha maior autonomía.

Medida 4. Benestar, equidade e vida universitaria

Promoveremos un Campus de Ourense **centrado nas persoas**, inclusivo e comprometido coa igualdade de oportunidades, co benestar e coa convivencia universitaria. Impulsaremos servizos e programas que melloren a experiencia do estudiantado e do conxunto da comunidade, reforzando as políticas de apoio social, a atención ás necesidades específicas e a calidade da vida universitaria.

Accións

Prestaremos atención a **saúde mental do estudiantado da universidade** mediante o Programa de Apoio Psicolóxico e Emocional. Realizarase un acompañamento especializado en psicoloxía clínica e psicopedagogía con atención á xestión do estrés e da ansiedade.



Impulsaremos **medidas de política social** de apoio á equidade e á investigación, mediante a creación de bolsas de aloxamento para estudantado con recursos económicos limitados, así como o fornecemento das bolsas “Ourense rural”.

Recuperaremos, cunha perspectiva plurianual de continuidade, o **programa de mentoría**, incorporando estudantado mentor de últimos cursos para acompañar ao novo estudantado.

Melloraremos a sensibilización da comunidade universitaria cara á **diversidade**, reforzaremos a atención ao estudantado con diversidade funcional e con necesidades específicas de apoio educativo, e facilitaremos as adaptacións necesarias de acordo cos principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.

Medida 5. Cultura, lingua e compromiso social

Potenciaremos o Campus de Ourense como espazo de dinamización cultural, compromiso social e promoción da lingua galega, fortalecendo a súa conexión coa contorna. Impulsaremos unha programación cultural estable, actividades de divulgación científica e iniciativas participativas que contribúan á cohesión da comunidade universitaria e á proxección social do campus.

Accións

Potenciaremos o **Campus de Ourense** como referente en **responsabilidade social**, fomentando a participación do PDI, PI, PAI, PTXAS e estudantado en iniciativas solidarias e de voluntariado.

Impulsaremos e ampliaremos os **eventos culturais** e as actividades de **divulgación científica** do Campus en **lingua galega**.

Ampliaremos a nosa **programación cultural estable** de calidade, participaremos na creación dunha liga de debate universitaria e facilitaremos a posta en marcha da **radio universitaria** para favorecer a integración da Universidade de Vigo na rede nacional de radios universitarias.

Medida 6. Inclusión, igualdade e participación

Avanzaremos na construción dun campus máis inclusivo, accesible e participativo, reforzando as políticas de igualdade, diversidade e accesibilidade universal. Promoveremos a implicación activa da comunidade universitaria e desenvolveremos programas específicos que favorezan a equidade, a participación e a integración de todos os colectivos na vida académica e social do campus.



Accións
<i>Traballaremos para unha incorporación real, sen discriminación, das mulleres ás titulacións do ámbito das STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas) en condicións de igualdade.</i>
<i>Melloraremos as medidas de información, prevención e seguimento en materia de convivencia universitaria, reforzaremos o cumprimento da Lei de Convivencia e os protocolos de actuación en defensa do estudantado fronte o acoso e ante situacións machistas ou discriminatorias.</i>
<i>Potenciaremos o Programa Universitario de Maiores, garantindo unha oferta académica axeitada, a dotación dos recursos necesarios e a promoción da súa participación activa nos órganos de goberno.</i>
Medida 7. Infraestruturas e mellora de espazos
<i>Impulsaremos a mellora continua das infraestruturas do Campus de Ourense, orientando os espazos cara a criterios de accesibilidade, sustentabilidade e benestar. Traballaremos na humanización do campus e na adecuación dos seus recursos e contornas para garantir condicións óptimas de estudo, traballo e convivencia, adaptadas ás necesidades actuais e futuras da comunidade universitaria.</i>
Accións
<i>Afondaremos na humanización, tanto do Campus Norte coma do Campus Sur, promovendo espazos máis habitables, accesibles e orientados ao benestar da comunidade universitaria.</i>
<i>Melloraremos a senalética do Campus e dos seus edificios para garantir a accesibilidade das persoas con diversidade funcional.</i>
<i>Melloraremos as infraestruturas e os medios tecnolóxicos dispoñibles, co obxectivo de promover contornas de aprendizaxe seguras, eficientes e sostibles.</i>
<i>Melloraremos a conectividade wifi nos centros, as aulas e outros espazos de docencia e estudo para adaptalos ás necesidades tecnolóxicas, de seguridade e ergonómicas, incluíndo as condicións térmicas, de iluminación, acústica e mobiliario.</i>
<i>Fomentaremos a ampliación da residencia universitaria para facer fronte ao problema do incremento do custo da vivenda nas cidades.</i>
<i>Avaliaremos, en colaboración con outras administracións, a creación dunha nova residencia universitaria e doutros espazos de alugueiro accesible no casco histórico da cidade.</i>



<p>Unha vez rematado o novo edificio da escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, avaliaremos un plan de usos dos espazos docentes e de investigación de tódolos centros cara a unha reorganización dos mesmos, e estudaremos as necesidades dentro do campus para planificar os futuros edificios.</p>
<p>Participaremos coa vicerreitoría correspondente na revisión dos criterios das partidas dos centros destinadas ao mantemento e dotación dos laboratorios docentes.</p>
<p>Incrementaremos a dotación para o mantemento e remodelación dos edificios e instalacións máis avellentadas, coa finalidade de mellorar o benestar e a eficiencia do campus.</p>
<p>Dotaremos o Campus con espazos autoxestionados e equipados con medios audiovisuais para o desenvolvemento de actividades, tanto de carácter lúdico como asociativo.</p>
<p>Buscaremos un acordo dos horarios de apertura das bibliotecas e doutros espazos de estudo coa representación do estudantado, así como a implantación de procedementos de monitorización do seu acceso para favorecer un uso eficiente.</p>
<p>Modernizaremos e electrificaremos os postos de lectura da biblioteca, e remodelaremos parte dos seus espazos para crear zonas de traballo en grupo, salas multimedia e salas de videoconferencia para estudantes, avanzando no modelo de Centro de Recursos para a Aprendizaxe e a Investigación (CRAI).</p>
<p>Actualizaremos as instalacións deportivas, con especial atención ao pavillón polideportivo de Ourense, para completar a actualización da sala de cardio-fitness e as canchas, e a construción de novas pistas de pickleball.</p>
<p>Impulsaremos a renovación do campo de rugby e a pista de atletismo en cooperación con outras administracións.</p>
<p>Fomentaremos a mobilidade sostible mediante a dotación de novos postos de recarga para vehículos eléctricos no campus, así como de aparcadoiros e estacións de carga para bicicletas e patinetes eléctricos.</p>
<p>Construiremos un anfiteatro ao aire libre no campus sur que sirva como espazo de intercambio, e de realización de actividades culturais de todo o PDI, PI, PAI, PTXAS e estudantado no campus de Ourense.</p>
<p>Impulsaremos o soterramento da rúa Otero Pedraio no tramo entre o campus norte e a residencia universitaria. Reforzaremos a comunicación coa Xunta de Galicia e o Concello de Ourense para desenvolver esta singular actuación na vía pública.</p>
<p>Melloraremos o parque móbil do Campus para a renovación dos vehículos obsoletos de máis de 25 anos.</p>



Reforzaremos o **servizo de seguridade do Campus**, especialmente durante o día.

Impulsaremos o **CITI como espazo de transferencia** do coñecemento.

Medida 8. Consolidación e proxección estratéxica do Campus Auga

Potenciaremos a **especialización do Campus Auga** como proxecto estratéxico da UVigo, consolidando a súa identidade académica e investigadora, como un foco de especialización multidisciplinar e un referente internacional en docencia, investigación e transferencia de tecnoloxía e coñecemento, en temáticas relacionadas coa **agroalimentación e auga termal..**

Accións

Coordinaremos o **plan estratéxico do Campus Auga** para lograr a consecución dos diferentes obxectivos establecidos no convenio asinado coa Xunta de Galicia, e acadar así a renovación do mesmo, potenciando o papel do Campus Auga como **xerador de coñecemento no territorio**.

Reforzaremos o **liderado do campus Auga** como motor de desenvolvemento na **eurorrexión Galicia-norte de Portugal** a través das súas capacidades en innovación e transferencia do coñecemento.

Optimizaremos a incorporación e o acceso de todos os centros do campus aos **fondos acadados no marco do campus de especialización**.

Ampliaremos a **oferta académica en inglés** e impulsaremos as **dobres titulacións**, reforzando a política lingüística, a interculturalidade e a proxección internacional do Campus.

Promocionaremos **novas dobres titulacións e titulacións conxuntas internacionais**, especialmente en áreas estratéxicas para o Campus Auga e de alta empregabilidade.

Consolidaremos a **cooperación co espazo iberoamericano e lusófono**, aproveitando o valor estratéxico do galego e do castelán na proxección académica e institucional do Campus.

Continuaremos coas **xornadas de captación "Coñece o Campus de Ourense"** para facilitar que o estudantado coñeza a universidade e os seus servizos desde o inicio da súa vida universitaria.

Promocionaremos **iniciativas para a inserción laboral das persoas tituladas** do campus no **tecido empresarial e profesional** da provincia, mediante o impulso das feiras de emprego no campus e das prácticas curriculares e extracurriculares remuneradas.



Incrementaremos a **mobilidade do PDI, PI, PAI, PTXAS e o estudiantado**, garantindo a igualdade de oportunidades mediante o reforzo das bolsas e doutros mecanismos de apoio á mobilidade.

Implantaremos medidas orientadas á **captación, retención e promoción de persoal** no campus, consolidando unha comunidade docente e investigadora estable apoiada por unha estrutura adecuada de xestión e servizos.

Consolidaremos ao **PI e ao PAI, do Campus** mediante convocatorias de proxectos e medidas de apoio que favorezan a **obtención de acreditacións e a súa estabilización**.

Reforzaremos a **visibilidade dos grupos de investigación** vinculados ao Campus de Ourense e o apoio aos grupos con potencial de crecemento para favorecer a transferencia de coñecemento e a **obtención de selos de excelencia (GRC ou GPC)**.

Impulsaremos os **institutos de investigación do Campus de Ourense** para que acaden os **selos de centros CIGUS**.

Difundiremos as **capacidades investigadoras e de transferencia** dos grupos vinculados ao campus de Ourense entre o sector empresarial e institucional, promovendo a **colaboración con institucións e empresas**.

Potenciaremos a **organización de eventos e conferencias** que favorezan o encontro entre investigación e empresa.





CAMPUS

Pontevedra

Medida 1. Gobernanza participativa e fortalecemento institucional

Impulsaremos un **modelo de gobernanza de proximidade**, participativo e transparente no Campus de Pontevedra, reforzando a capacidade de xestión da súa vicerreitoría, mellorando a **coordinación interna** e avanzando cara a unha **organización máis desconcentrada**, eficiente e adaptada ás necesidades propias do campus.

Accións

Reforzaremos a capacidade de xestión da Vicerreitoría do campus de Pontevedra e incrementaremos a **presenza efectiva do equipo reitoral e da xerencia** no campus.

Ampliaremos a frecuencia das reunións do **Consello de Campus**.

Formalizaremos as **reunións periódicas cos decanos e decanas** e os directores e directoras de departamentos.

Avanzaremos na **desconcentración dos servizos universitarios**, garantindo a implantación presencial daqueles servizos aínda non dispoñibles no campus de Pontevedra.

Reforzaremos as **oficinas de apoio** mediante unha **maior dotación de PTXAS**, contribuíndo a unha xestión máis áxil e próxima.

Potenciaremos a **coordinación institucional** cos centros, departamentos e estruturas administrativas a través de **xuntanzas periódicas** de análise, diálogo e seguimento.

Impulsaremos a **simplificación administrativa** e a **transformación dixital** dos procedementos, **reducindo a burocracia** e mellorando a eficiencia.

Medida 2. Persoal, formación e organización académica

A consolidación dun campus dinámico e competitivo require reforzar de maneira decidida o seu **capital humano** e a súa **organización académica**. Nesta liña, resulta prioritario impulsar a **formación continua do persoal**, favorecer a **remuda xeracional** e garantir as condicións necesarias para o desenvolvemento dunha oferta formativa actualizada e de calidade.



Accións
<i>Promoveremos a formación presencial do PDI e do PTXAS no Campus, en colaboración coas vicerreitorías correspondentes.</i>
<i>Impulsaremos a remuda xeracional do persoal no marco do Plan REXE, favorecendo a continuidade e a renovación institucional.</i>
<i>Apoiaremos a implantación de novas titulacións, garantindo as condicións organizativas, administrativas e de recursos necesarios para o seu desenvolvemento.</i>
<i>Colaboraremos coa vicerreitoría correspondente para asegurar un desenvolvemento coordinado e eficaz das ferramentas e servizos dixitais no campus.</i>
Medida 3. Benestar, equidade, accesibilidade e vida universitaria
<i>Promoveremos un campus de Pontevedra inclusivo, accesible e cohesionado, comprometido coa igualdade de oportunidades, o benestar da comunidade universitaria, a convivencia, a cultura galega e a mellora da experiencia universitaria.</i>
Accións
<i>Prestaremos especial atención á saúde mental, desenvolvendo programas de apoio psicolóxico e emocional con acompañamento profesional para os colectivos máis vulnerables.</i>
<i>Impulsaremos medidas de equidade, incluíndo a creación de bolsas de aloxamento para estudantado con limitacións económicas.</i>
<i>Reforzaremos os programas de contratación predoutoral e posdoutoral, vinculados ao campus de especialización.</i>
<i>Acordaremos cos órganos de representación estudantil uns horarios máis acaídos de bibliotecas e espazos de estudo, incorporando sistemas de monitorización para optimizar o seu uso.</i>
<i>Melloraremos a sinalética e a accesibilidade dos espazos e edificios, garantindo unha orientación clara e inclusiva.</i>
<i>Recuperaremos e consolidaremos o programa de mentoría, favorecendo a integración do novo estudantado mediante o acompañamento entre iguais.</i>
<i>Reforzaremos a atención ao estudantado con diversidade funcional, garantindo as adaptacións necesarias conforme aos principios de accesibilidade universal.</i>



<p>Impulsaremos accións de sensibilización en diversidade, igualdade e convivencia, fortalecendo unha comunidade universitaria máis inclusiva.</p>
<p>Faremos melloras nos servizos do campus tales como o comedor universitario, o transporte e o apoio psicolóxico entre outros.</p>
<p>Promoveremos programas de benestar e actividade física para toda a comunidade universitaria.</p>
<p>Impulsaremos máis actividades culturais, deportivas e de participación estudiantil.</p>
Medida 4. Infraestruturas, espazos e medios
<p>Desenvolveremos unha estratexia de mellora progresiva das infraestruturas do campus orientada cara a humanización dos espazos, a modernización tecnolóxica, a sostibilidade e a creación de contornas axeitadas para a docencia, a investigación e a vida universitaria. Traballaremos nun modelo de campus sostible e habitable.</p>
Accións
<p>Acometeremos un plan de infraestruturas global para o campus, que teña en conta a evolución a futuro e as necesidades do estudiantado, e que sexa traballado coa participación de todos os centros.</p>
<p>Afondaremos na humanización do campus, promovendo espazos máis habitables, accesibles e orientados ao benestar da comunidade universitaria.</p>
<p>Melloraremos as infraestruturas e os medios tecnolóxicos, favorecendo contornas de aprendizaxe seguras, eficientes e sostibles.</p>
<p>Realizaremos unha diagnose integral das aulas e os espazos de docencia e estudo para adaptalos ás necesidades tecnolóxicas, ergonómicas e de seguridade.</p>
<p>Melloraremos a conectividade wifi en todos os centros do campus, garantindo un acceso fiable e de calidade.</p>
<p>Adequaremos as condicións dos espazos tales como a iluminación, a acústica, a climatización e o mobiliario, asegurando contornas confortables e axeitadas para o estudo e o traballo.</p>
<p>Contaremos cunha residencia universitaria pública que atenda á demanda residencial do campus.</p>
<p>Crearemos novos espazos de creación artística, laboratorios multimedia e estudos audiovisuais.</p>



<p>Melloraremos as instalacións deportivas universitarias, tanto as vinculadas ás ciencias do deporte como as dispoñibles para a comunidade universitaria.</p>
<p>Ampliaremos as zonas de estudo abertas e espazos de <i>coworking</i> para o estudantado.</p>
<p>Abordaremos proxectos que melloren a conectividade entre o campus e a cidade a través do transporte público, os carrís bici e a mobilidade sostible.</p>
Medida 5. Identidade e desenvolvemento estratéxico do Campus CREA
<p>Impulsaremos o Campus de Pontevedra como un campus especializado, reforzando a súa identidade singular arredor das industrias culturais e creativas, e consolidando un modelo de desenvolvemento baseado na interdisciplinabilidade, a innovación e a conexión co territorio.</p>
Accións
<p>Reforzaremos a identidade do Campus CREA como eixe estratéxico de especialización do campus de Pontevedra.</p>
<p>Impulsaremos a creación e desenvolvemento dun Centro de Industrias Culturais e Creativas (ICC) como estrutura de referencia.</p>
<p>Promoveremos proxectos de docencia, investigación e transferencia interdisciplinar vinculados aos ámbitos creativos.</p>
<p>Fomentaremos a colaboración entre centros, titulacións e grupos de investigación para consolidar unha oferta académica coherente coa especialización do campus.</p>
<p>Potenciaremos a captación de proxectos e iniciativas vinculadas ás industrias culturais e creativas.</p>
Medida 6. Integración co territorio e proxección do campus
<p>Reforzaremos o papel do campus de Pontevedra como motor cultural, social e económico, fortalecendo a súa relación coa cidade e coa súa contorna institucional e produtiva.</p>
Accións
<p>Impulsaremos a apertura do campus á cidade mediante programas de actividade cultural, científica e social.</p>
<p>Fortaleceremos a colaboración co concello de Pontevedra e coas institucións do territorio en proxectos estratéxicos.</p>



<p>Promoveremos alianzas co tecido cultural, creativo e empresarial, reforzando o papel do campus como axente dinamizador.</p>
<p>Fomentaremos a participación do campus en eventos e iniciativas de proxección externa.</p>
<p>Consolidaremos o campus como un espazo de referencia para a innovación cultural e social.</p>
<p>Crearemos o programa anual "Campus na Cidade" con actividades culturais, científicas e deportivas abertas á sociedade.</p>
Medida 7. Impulso á investigación no campus de Pontevedra
<p>Partindo dos logros acadados en investigación por parte dos grupos e centros do campus acometeremos un programa de apoio específico que permita a proxección e consolidación da estrutura investigadora do campus de Pontevedra.</p>
Accións
<p>Promoveremos liñas estratéxicas vinculadas ao territorio, como creatividade e comunicación dixital; deporte, saúde e rendemento; sostibilidade forestal; e educación e innovación pedagóxica.</p>
<p>Incentivaremos proxectos interdisciplinares entre os centros do campus.</p>
<p>Aportaremos recursos técnicos e humanos que faciliten a captación de proxectos europeos e contribúan á participación en redes internacionais de investigación.</p>
Medida 8. Oportunidades para o estudantado
<p>Colocaremos ao estudiantado no centro da actividade do campus, ofrecendo oportunidades académicas pero tamén investigadoras, culturais e de desenvolvemento profesional.</p>
Accións
<p>Desenvolveremos un programa de emprendemento creativo e cultural.</p>
<p>Crearemos unha incubadora de proxectos nas áreas de audiovisual, arte dixital, comunicación, deporte, educación e benestar.</p>
<p>Reforzaremos as prácticas en empresas e institucións da contorna a través de convenios de colaboración por medio da representación institucional da vicerreitoría do Campus.</p>



Participaremos no **programa de mentorización da comunidade *alumni*** cun capítulo específico para o campus de Pontevedra.

Medida 9. Internacionalización do campus

En colaboración coa vicerreitoría correspondente, formularemos un **programa específico de internacionalización** que teña en conta as peculiaridades académicas e investigadoras do campus.

Accións

Incrementaremos os **convenios internacionais** nas áreas de Belas Artes, Comunicación e Ciencias da Educación e do Deporte, atendendo ás necesidades específicas da súa formación práctica.

Traballaremos na **atracción de profesorado visitante**, artista e investigadores en todas as disciplinas do campus.

Organizaremos **Escolas de Verán** e programas BIP internacionais no campus.

Medida 10. Creatividade no campus

Tomando como referencia o **Campus CREA** e contando con todos os centros do Campus, consolidaremos as **posibilidades do Campus de Pontevedra en termos de docencia, investigación e transferencia**

Accións

Reforzaremos a **marca "Campus CREA"** como campus de creatividade, cultura e innovación social e como **proxecto integrador do campus**.

Impulsaremos o **centro transversal de Industrias Culturais e Creativas** que conecte Belas Artes, Deseño, Comunicación e Educación.

Promoveremos **proxectos interdisciplinares** entre arte, tecnoloxía, deporte, xestión e sostibilidade.



Campus VIGO

Medida 1. Mobilidade e accesibilidade
<i>Melloraremos a conectividade do campus coa cidade e a súa contorna</i>
Accións
<i>Reforzaremos as liñas de transporte público en frecuencia, horarios e cobertura e impulsaremos o sistema de lanzadeiras directas campus-centro mediante as negociacións coa empresa concesionaria e co apoio das institucións públicas.</i>
<i>Melloraremos os accesos viarios e a sinalización do campus para permitir o acceso en transportes diferentes e sostibles.</i>
<i>Promocionaremos a movilidade sostible mediante carrís bicis, postos de patinetes eléctricos, ou transporte autónomo entre outros.</i>
Medida 2. O campus como espazo de vida
<i>Debemos traballar para transformar o campus nun espazo activo máis alá da actividade lectiva, recuperando os espazos para o estudantado e a vida académica na universidade.</i>
Accións
<i>Mediante as correspondentes negociacións, ampliaremos os horarios e usos das infraestruturas (bibliotecas, instalacións deportivas, espazos comúns).</i>
<i>Crearemos espazos de encontro, descanso e socialización que permitan unha convivencia universitaria plena.</i>
<i>Manteremos unha programación estable de actividades culturais, deportivas e científicas con propostas innovadoras e mobilizadoras que fomenten a presenza participativa do estudantado no Campus.</i>
<i>Buscaremos solucións para o fomento dos servizos básicos do campus (restauración, comercio de proximidade, atención ao estudantado).</i>
Medida 3. Sostibilidade e contorna natural
<i>A peculiaridade medioambiental do campus de Vigo debe ser explotada e fomentada, converténdoo nun referente en sostibilidade medioambiental.</i>



Accións
<i>Desenvolveremos un plan integral de sostibilidade do campus que aborde cuestións como o aforro enerxético, a xestión de residuos ou a redución do consumo de auga.</i>
<i>Seguiremos traballando para a integración da contorna natural no Campus de Vigo, mantendo o coidado das especies autóctonas e loitando contra as especies invasoras.</i>
<i>Revitalizaremos e ampliaremos os itinerarios verdes e os espazos de uso comunitario.</i>
<i>Poñeremos en marcha un proxecto piloto de campus sostible (Laboratorio Vivo).</i>
Medida 4. Infraestruturas e planificación
<i>Adaptaremos as infraestruturas ás necesidades actuais e futuras, tendo en conta unha planificación realista e con capacidade de adaptación.</i>
Accións
<i>Elaboraremos o Plan Director de Infraestruturas do Campus de Vigo, que teña en conta a modernización de edificios e espazos docentes e de investigación.</i>
<i>Traballaremos na optimización do uso dos espazos, aplicando criterios de flexibilidade e compartición.</i>
<i>Seguiremos avanzando para conseguir unha accesibilidade universal.</i>
Medida 5. Integración coa cidade e co territorio
Reforzaremos a relación entre o campus e a cidade de Vigo.
Accións
<i>Estableceremos acordos institucionais para mellorar os servizos e a mobilidade.</i>
<i>Desenvolveremos un programa de actividades anual aberto á cidadanía no campus, mediante o programa "Campus Cidade".</i>
<i>Impulsaremos proxectos conxuntos co tecido empresarial e social da área metropolitana.</i>
<i>Melloraremos a visibilidade do campus como activo estratéxico da cidade.</i>



Medida 6. Identidade e proxección do campus

É preciso dotar ao campus de Vigo dunha **identidade propia** dentro da Universidade de Vigo.

Accións

Crearemos o **Consello de Campus de Vigo** como espazo estable de coordinación, participación e análise das necesidades específicas do campus.

Definiremos unha estratexia de **marca específica do campus de Vigo**, (Campus do Mar e Vigo Tecnolóxico) poñendo en valor a súas áreas de especialización académica e investigadora.

Reforzaremos a **comunicación e a visibilidade das actividades do campus**, chegando a un posicionamento como espazo de referencia internacional.





Bloque CENTROS





CENTROS

Centros da Universidade de Vigo

Os centros –Facultades e Escolas– constitúen o eixe vertebrador da actividade académica da Universidade de Vigo. O programa H2040 reforza o seu papel como unidades clave de gobernanza, docencia, investigación e vida universitaria, dotándoos de maior capacidade de decisión, mellores recursos e unha estrutura máis eficiente para responder aos retos actuais. A continuación realizamos unha síntese daquelas medidas presentadas no programa que supoñen un recoñecemento específico de do seu papel vertebrador.

PROPOSTAS XERAIS

1. Gobernanza e papel dos centros

Reforzaremos do papel dos centros da universidade na toma de decisións (modelo de “desconcentración”)

Melloremos da coordinación entre reitoría, centros e departamentos.

Clarificaremos as competencias e estableceremos canles de diálogo estables.

2. Docencia e titulacións

Apoiaremos aos centros na actualización dos plans de estudo.

Reformaremos o sistema de calidade das titulacións e docencia.

Simplificaremos os procedementos de acreditación e seguimento.

3. Infraestruturas e espazos docentes

Deseñaremos un plan global de infraestruturas coa participación dos centros.

Realizaremos unha diagnose para a adaptación das aulas e espazos docentes.

Melloraremos a conectividade wifi en todos os centros.

Contribuiremos á renovación dos laboratorios docente e os equipamentos.

Crearemos novos espazos especializados.

Realizarase unha revisión dos criterios de reparto de recursos aos centros.

Poremos en marcha convocatorias específicas para a renovación das infraestruturas docentes.



4. Investigación e actividade académica nos centros
<i>Impulsaremos proxectos interdisciplinares entre centros.</i>
<i>Aportaremos apoio técnico e administrativo á captación de proxectos.</i>
<i>Marcaremos estándares de calidade para centros de investigación.</i>
<i>Simplificaremos a xestión da investigación.</i>
5. Apoio administrativo e de xestión
<i>Reforzaremos o apoio administrativo aos centros.</i>
<i>Avanzaremos na dixitalización e automatización de procesos.</i>
<i>Traballaremos na simplificación administrativa e na interoperabilidade.</i>
6. Vida universitaria e servizos nos centros
<i>Melloraremos as bibliotecas avanzando cara o modelo CRAI.</i>
<i>Ampliaremos os horarios e usos dos espazos.</i>
<i>Crearemos novos espazos de encontro e socialización.</i>
<i>Melloraremos os servizos (restauración, atención etc.)</i>
7. Internacionalización e proxección
<i>Incrementaremos os convenios internacionais vinculados a titulacións.</i>
<i>Atraeremos profesorado e persoal visitante.</i>
<i>Desenvolveremos programas internacionais (BIP, escolas de verán)</i>
8. Comunicación e identidade dos centros
<i>Unificaremos os criterios de iso das redes sociais dos centros.</i>
<i>Apoiaremos institucionalmente á comunicación dos centros.</i>



O programa H2040 recoñece a diversidade e singularidade dos centros, así como as súas necesidades específicas, que requiren respostas diferenciadas e adaptadas á súa realidade.

Neste sentido, complementamos as propostas xerais cun conxunto de medidas concretas orientadas a dar solución ás demandas trasladadas polos propios centros, reforzando a súa capacidade de acción, mellorando as súas condicións de funcionamento e contribuíndo ao seu desenvolvemento académico, investigador e institucional.

A continuación, recóllense propostas específicas para cada centro, formuladas desde o diálogo coa comunidade universitaria e recollidas durante as reunións mantidas nas fases previas e co obxectivo de garantir unha resposta eficaz, realista e aliñada co modelo de universidade que queremos construír.

PROPOSTAS ESPECÍFICAS

1. Escola Superior de Enxeñaría Informática

Dotaremos ao centro de persoal técnico informático que dea soporte estable á súa actividade.

Implantaremos un sistema unificado e áxil de datos de calidade e transparencia.

Reforzaremos o apoio psicopedagóxico para dar resposta ao incremento de necesidades do estudantado.

2. Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Avanzaremos na dotación de persoal de apoio á calidade e xestión académica.

Buscaremos alternativas para mellorar os procesos de matrícula dos mestrados que eviten a perda de estudantado.

Impulsaremos a ampliación dos programas académicos (PARS) vinculados ao centro.

3. Escola de Enxeñaría Forestal

Desenvolveremos un plan específico de captación de estudantado con apoio institucional en feiras e accións de difusión.

Melloraremos as condicións das infraestruturas básicas do centro, incluíndo a climatización.

Impulsaremos solucións de mobilidade e transporte público para o campus.

4. Escola de Enxeñaría de Telecomunicación



<i>Desenvolveremos un plan específico de captación e promoción das titulacións do centro.</i>
<i>Reforzaremos os servizos informáticos e de xestión de datos académicos.</i>
<i>Actuaremos sobre as deficiencias de infraestruturas e accesibilidade do edificio.</i>
5. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
<i>Buscaremos solucións para que o centro dispoña de apoio técnico para laboratorios e soporte informático.</i>
<i>Colaboraremos na renovación do equipamento docente dos laboratorios.</i>
<i>Estableceremos mecanismos de participación do centro nas campañas de comunicación institucional.</i>
6. Escola de Enxeñaría Industrial
<i>Formularanse programas específicos de captación de talento.</i>
<i>Traballarase na opción da separación das unidades docentes.</i>
7. Facultade de Ciencias
<i>Buscaremos opcións para o apoio na xestión e administración do centro.</i>
<i>Impulsaremos a mellora e reorganización dos espazos docentes e de investigación do centro.</i>
<i>Promoveremos proxectos estratéxicos como o Museo de Ciencias Naturais.</i>
8. Facultade de Historia
<i>Traballar na presenza social dos estudos do centro, incentivando as propostas de transferencia de coñecemento.</i>
<i>Establecer programas específicos de captación de estudantado.</i>
9. Facultade de Dereito
<i>Avanzaremos na creación dun departamento propio que reforce a autonomía académico.</i>
<i>Buscaranse solucións para a dotación de profesorado a tempo completo.</i>
10. Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
<i>Incrementaremos os recursos destinados a prácticas externas e internacionalización.</i>



<i>Homoxeneizaremos e simplificaremos a xestión das prácticas en colaboración co FUVI.</i>
<i>Reforzaremos a oferta de formación en linguas estranxeiras.</i>
11. Facultade de Educación e Traballo Social
<i>Buscaremos solucións para apoiar ao centro en materia de calidade.</i>
<i>Melloraremos a accesibilidade e eliminaremos barreiras arquitectónicas.</i>
<i>Impulsaremos mecanismos estables de colaboración co terceiro sector.</i>
12. Facultade de Relacións Internacionais
<i>Optimizarase o contido en inglés das webs para facilitar o proceso de matrícula.</i>
<i>Apoiaranse os dobres graos.</i>
<i>Buscarase unha mellor xestión dos espazos.</i>
13. Facultade de Belas Artes
<i>Desenvolveremos un plan de renovación de infraestruturas.</i>
<i>Estudaremos a ampliación de espazos en coordinación coa Escola de Restauración.</i>
14. Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
<i>Formularanse solucións para a ampliación de espazos no centro e melloraranse os espazos deportivos universitarios no campus.</i>
<i>Fomentaranse os dobres graos e as titulacións internacionais.</i>
<i>Traballarase na promoción dos títulos de educación, marcando unha estratexia de posicionamento diferenciadas.</i>
15. Facultade de Comunicación
<i>Melloraremos o apoio técnico á docencia.</i>
<i>Reforzaremos o apoio á investigación e aos laboratorios docentes.</i>
<i>Estableceremos criterios claros e transparentes de xestión económica.</i>
16. Facultade de Fisioterapia
<i>Abordaremos a ampliación e reorganización dos espazos docentes e asistenciais.</i>



<i>Reforzaremos o apoio e os recursos á investigación e aos laboratorios docentes.</i>
<i>Melloraremos o sistema de xestión de prácticas clínicas.</i>
17. Facultade de Deseño
<i>Estableceremos solucións concretas para os espazos do centro.</i>
<i>Garantiremos a dotación de profesorado a tempo completo e persoal de apoio.</i>
<i>Dotaremos ao centro de maior apoio administrativo para a xestión.</i>
<i>Corriremos a xestión do programa Erasmus.</i>
18. Facultade de Dirección e Xestión Pública
<i>Colaboraremos en accións específicas de captación de estudiantado.</i>
<i>Impulsaremos a virtualización de materias e o desenvolvemento dunha estrutura docente flexible.</i>
<i>Traballaremos na adecuada dotación de espazos e recursos.</i>
19. Facultade de Filoloxía e Tradución
<i>Desenvolveremos un plan integral de rehabilitación das infraestruturas do centro.</i>
<i>Dotaremos ao centro de maior apoio administrativo para a xestión.</i>
<i>Impulsaremos a modernización dos laboratorios de idiomas e recursos docentes.</i>
<i>Implicaremos o centro nos procesos de captación de alumnado.</i>
20. Facultade de Bioloxía
<i>Impulsaremos novas titulacións e dobre graos no ámbito de Ciencias da Vida.</i>
<i>Melloraremos as infraestruturas críticas do centro, incluíndo a subestación eléctrica.</i>
<i>Reforzaremos a coordinación institucional co centro e a súa participación nos órganos de goberno.</i>
21. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
<i>Apoiaremos o mantemento das instalacións do centro.</i>
<i>Melloraremos os programas de internacionalización.</i>



<i>Melloraremos a xestión de datos.</i>
22. Facultade de Comercio
<i>Realizaremos propostas específicas para a captación de talento.</i>
<i>Analizaremos a posibilidade de separación das unidades docentes.</i>
<i>Melloraranse os procesos vinculados coa internacionalización.</i>
23. Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
<i>Garantiremos unha dotación adecuada de recursos docentes e de apoio.</i>
<i>Promoveremos a consolidación da oferta formativa e a súa proxección institucional.</i>
24. Facultade de Ciencias do Mar
<i>Garantiremos espazos adecuados para prácticas especializadas (ECIMAT)</i>
<i>Impulsaremos a internacionalización da docencia.</i>
25. Facultade de Química
<i>Reforzaremos a estabilidade e planificación do profesorado.</i>
<i>Promoveremos dobres titulacións internacionais.</i>





Bloque GOBERNO





Goberno

Estrutura do Goberno da Universidade de Vigo


A proposta de estrutura de goberno que presentamos responde a unha visión estratéxica clara: construír unha universidade centrada nas persoas, capaz de integrar de maneira coherente os obxectivos institucionais coas necesidades reais da comunidade universitaria.

Esta organización artículase arredor dunha gobernanza moderna, flexible e coordinada, que permite aliñar as diferentes áreas de responsabilidade coas liñas estratéxicas do programa, garantindo unha acción de goberno eficaz, transparente e orientada a resultados.

Ao mesmo tempo, esta estrutura está deseñada para reforzar a colaboración entre áreas, fomentar a participación e facilitar a toma de decisións baseada no coñecemento e na planificación a medio e longo prazo.

Trátase dun modelo que aposta pola transversalidade, a innovación na xestión e a proximidade cos centros e campus, co obxectivo de anticipar retos, optimizar recursos e consolidar unha universidade aberta, dinámica e con capacidade de transformación. Esta estrutura de goberno concíbese tamén como unha ferramenta ao servizo da cohesión institucional e da identidade compartida da UVigo.

A través dunha distribución equilibrada de responsabilidades e dunha coordinación efectiva entre vicerreitorías, búscase reforzar a coherencia das políticas universitarias e garantir que todas as actuacións contribúan a un proxecto común. Deste xeito, promovemos unha gobernanza que non só xestiona, senón que lidera, mobiliza e acompaña á comunidade universitaria na construción dunha universidade máis sólida, inclusiva e preparada para os desafíos do futuro.







Proposta para o Goberno da Universidade de Vigo

Belén Rubio, candidata á Reitoría



Son catedrática de Estratigrafía no Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio da Facultade de Ciencias do Mar. Formo parte do grupo de investigación en Xeoloxía Mariña e Ambiental e do Centro de Investigación Mariña (CIM), ambos os dous recoñecidos pola Xunta de Galicia como grupos e centros de excelencia.

Desenvolvín a miña actividade docente en diversas titulacións –Enxeñaría de Minas, Química, Bioloxía e Ciencias do Mar– e en todos os niveis formativos (grao, mestrado e doutoramento), contribuindo á formación integral do estudiantado e á consolidación dunha docencia rigorosa e actualizada.

Ao longo da miña traxectoria na UVigo asumín diferentes responsabilidades de xestión académica e institucional. A miña actividade investigadora foi recoñecida por institucións de prestixio, e participei activamente en iniciativas de transferencia do coñecemento e divulgación científica, reforzando o vínculo entre universidade e sociedade.

Antes de expor os compromisos que propoñemos para a institución e para os seus distintos colectivos, considero necesario facer unha breve referencia ao traballo desenvolvido nos últimos anos, período no que asumín a responsabilidade da vicerreitoría de investigación, transferencia e innovación da nosa universidade. Este labor permitiunos ampliar as oportunidades da comunidade universitaria e incrementar o impacto social da nosa actividade.



Grazas ás iniciativas impulsadas no marco do anterior programa de goberno, construímos na UVigo un sistema sólido de investigación e transferencia, que favorece o desempeño do Persoal Docente e Investigador (PDI) e do Persoal Investigador (PI e PAI), apoiado polo labor esencial do Persoal Técnico de Xestión e de Administración e Servizos (PTXAS). Implantouse unha política aberta, transparente e baseada no mérito (OTM-R) para a captación e promoción de talento cun novo servizo de Recursos Humanos de Investigación.

No ámbito internacional, quintuplicamos o financiamento acadado por proxectos no Programa Marco da Comisión Europea con respecto ao período previo á creación da Oficina de Proxectos Internacionais (OPI). Tamén conquerimos máximos históricos na taxa de éxito nas convocatorias da Axencia Estatal de Investigación (AEI). En materia de transferencia de coñecemento, os resultados amosan unha evolución moi positiva, tanto no número de contratos como na captación de proxectos en convocatorias internacionais, nacionais e autonómicas, logrando ademais un equilibrio significativo na presenza de mulleres como investigadoras principais.

Impulsouse a creación de empresas baseadas no coñecemento, duplicando o número existente, e consolidouse unha carteira de case trescentas patentes activas. Potenciamos e creamos novas estruturas de investigación de carácter estratéxico, que aspiramos a que acaden en breve o recoñecemento externo pola súa excelencia. Aos centros CIGUS xa existentes (atlanTTic, CINBIO e CIM) sumáronse dous centros colaborativos (CINTECX e ECOBAS), así como centros interuniversitarios (CITMAGA e CISPAC). Durante este período creáronse tamén cinco institutos universitarios de investigación: IFCAE, IAA, IXEX, iLingua e CIDEGA.

Apostamos decididamente pola internacionalización da investigación, promovendo iniciativas de atracción e retención de talento internacional. Acadamos un 65 % de publicacións en colaboración internacional, mantivemos o selo HR Excellence in Research e consolidamos a UVigo como centro Euraxess.

Debemos continuar nesta liña. Queda camiño por percorrer e aspectos que mellorar, nun exercicio permanente de mellora continua, imprescindible en calquera proxecto de calidade, para construír a universidade do futuro que queremos que sexa a UVigo.

Asumo o compromiso de liderar e coordinar un proxecto sólido e ambicioso para a universidade de 2040, baseado na experiencia, a honestidade, a capacidade de traballo, a transparencia, o diálogo, a proximidade e a eficacia como sinais de identidade desta nova etapa.

Belén Rubio Armesto



María José Bravo Bosch, candidata á Secretaría Xeral



Son catedrática de Dereito Romano no Departamento de Dereito Privado da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo, institución á que estou vinculada desde o inicio da miña carreira académica e investigadora. A miña traxectoria estivo sempre guiada pola defensa da excelencia universitaria, pola responsabilidade institucional e polo compromiso coa universidade pública como motor de progreso social.

No ámbito investigador, son autora de máis de 150 artigos e capítulos de libro, cinco monografías e directora ou coordinadora de once obras colectivas. A miña actividade científica desenvolveuse en varios idiomas e en contextos internacionais diversos, e complementábase con estancias de investigación, profesora visitante e conferenciante en múltiples universidades europeas, sendo a única docente española no Curso Superior de Dereito Romano, impartido en italiano, na Università La Sapienza e sempre contribuíndo á proxección internacional da nosa universidade.

A formación de novo talento investigador constitúe unha das miñas responsabilidades máis destacadas. Dirixín sete teses doutorais, todas elas cualificadas con Sobresaliente cum Laude, varias delas recoñecidas con Premio Extraordinario de Doutoramento, e actualmente acompaño outras oito en desenvolvemento. Ao longo deste labor, procurei sempre garantir unha dirección baseada na responsabilidade, no rigor metodolóxico e na integridade académica, entendendo que a autoría, a honestidade intelectual e o respecto polo traballo alleo son principios esenciais que corresponden a cada investigador e investigadora asumir e cumprir.



A miña participación en órganos científicos e académicos internacionais complementábase coa pertenza a institucións de prestixio, como a Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación de España (correspondente), a Accademia Peloritana dei Pericolanti (Italia), así como diversos consellos editoriais e científicos: o Consello de Redacción de IVRA, revista internacional de referencia en Dereito Romano; o comité científico internacional de CODEX; o consello asesor internacional da revista Glossae; e o consello editorial da revista REGAP, entre outros. Esta actividade reforza a miña visión global da investigación e da función universitaria nun contexto internacional.

No ámbito da calidade universitaria, a miña experiencia abrangue un marco claramente internacional. Ao longo da miña carreira participei en procesos de avaliación en Italia, España, Portugal, México e Perú, colaborando con axencias como ACPUA, A3ES (Portugal), así como con comisións avaliadoras en diversos países. A esta traxectoria súmase a miña dilatada experiencia como membro da CGIACA, órgano superior de avaliación, responsable de garantir a calidade do profesorado universitario en Galicia, así como o meu labor continuado como avaliadora en ACSUG. Este percorrido permitíume adquirir unha visión comparada e profunda dos estándares e procedementos de garantía de calidade, así como da súa importancia estratéxica para o fortalecemento institucional e para o desenvolvemento dunha universidade moderna, sólida e recoñecida.

A miña actividade de transferencia complétase coa elaboración de diversos informes xurídicos no marco do artigo 60 da LOSU, realizados para entidades públicas e privadas, así como coa dirección de tres documentais de carácter divulgativo e científico con gran impacto. Estes proxectos permitiron achegar o coñecemento xurídico e histórico á sociedade, reforzando a dimensión pública da investigación universitaria e contribuíndo á proxección social da Universidade de Vigo.

A Secretaría Xeral é un espazo clave para garantir a seguridade xurídica, a coherencia normativa e o bo funcionamento dos órganos colexiados. Desde esta responsabilidade, considero esencial promover unha cultura de diálogo, mediación e conciliación, que permita resolver conflitos de maneira construtiva, fortalecer a confianza institucional e contribuír a unha gobernanza máis próxima, eficaz e respectuosa coa comunidade universitaria.

Presento a miña candidatura á Secretaría Xeral coa vontade de seguir contribuíndo ao fortalecemento da Universidade de Vigo desde a responsabilidade, o rigor e a visión estratéxica. Creo firmemente que a UVigo debe continuar avanzando cara a unha institución máis aberta, máis internacional, máis transparente e máis preparada para afrontar os retos dunha sociedade en constante transformación. O futuro constrúese cada día, e faino grazas ao esforzo colectivo, á profesionalidade e á ilusión de todas as persoas que formamos parte desta universidade.

María José Bravo Bosch



Emma Torres-Romay, candidata á Vicerreitoría de Comunicación e Normalización Lingüística



Son profesora titular de Estratexias da Comunicación da área de Comunicación Audiovisual e Publicidade na Facultade de Comunicación no Campus de Pontevedra. A miña traxectoria académica e profesional está marcada polo interese na comunicación publicitaria e institucional, na divulgación e na xestión. Son das primeiras promocións da Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas da Universidade de Vigo e realicei o meu doutoramento tamén na UVigo, tendo unha especial vinculación e sentimento de pertenza coa nosa institución.

Antes da miña entrada como docente na universidade desenvolvín a miña actividade profesional en medios de comunicación e gabinetes de prensa de institucións públicas, incluído un período de ao redor dun ano e medio como redactora do DUVI e membro do Gabinete de Prensa da Universidade. Posteriormente conseguín unha bolsa de investigación e pouco tempo despois incorporeime á Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación como profesora axudante doutora. Nese período de realización da tese tamén me formei en pedagogía e innovación docente e cursei estudos de xornalismo na Universidade de Santiago de Compostela.

A miña tese de doutoramento centrouse en comunicación institucional en procesos de crise e conflitos internacionais e obtivo varios premios de investigación (extraordinario de doutoramento da UVigo, de investigación en Ciencias Sociais da Deputación de Pontevedra e o Premio de Investigación sobre Comunicación da Fundación Caixa Galicia e a Asociación da Prensa de Galicia).



Dende ese punto de partida, participei en proxectos de investigación vinculados coa comunicación en colaboración con outras universidades ata a fundación do grupo de Investigación de Comunicación de Servizo Público (SEPCOM), do que actualmente formo parte. Manteño relación estable con universidades e centros de investigación internacionais, sendo socia fundadora do Foro Iberoamericano de Estratexias de Comunicación (Arxentina) e da Rede de Investigadoras e Investigadores do Tecnoceno (Chile).

Dende o ano 2020 marquei unha liña de investigación fundamental con perspectiva de xénero, dada a importancia da implicación da comunicación na defensa da igualdade, o que permitiu publicar numerosos traballos, colaborar en proxectos de investigación e desenvolver proxectos divulgativos e académicos en torno a esta temática. Esta actividade serviu para ser recoñecida co Premio Meninas do ano 2025 da Delegación do Goberno en Galicia polo compromiso na erradicación da violencia de xénero, o apoio ás vítimas e a loita pola igualdade.

Dende o meu primeiro ano de entrada na Universidade de Vigo exercín cargos de xestión, comezando como secretaria académica e sendo, ademais, a primeira directora do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade e coordinadora dos dous graos do centro, coordinadora de prácticas, de mobilidade internacional e de mestrado. Logo do meu primeiro período como decana da Facultade estiven dedicada á actividade política fóra da universidade. A experiencia externa en xestión pública, organización de eventos e promoción turística internacional supón un pulo fundamental ao meu desenvolvemento e experiencia profesional, encargándome de plans estratéxicos de comunicación e de dinamización comercial, ademais de deseñar programas culturais e implementar medidas de dinamización lingüística.

Nos últimos seis anos volvínc ocupar o decanato da Facultade de Comunicación acometendo proxectos e medidas que conseguiron notables melloras no centro a todos os niveis, recibindo o distintivo de galeguización e o de igualdade e poñendo en marcha novos títulos (dobres graos e graos internacionais). Especialmente importante é o pulo na visibilidade do centro como punto de referencia en formación universitaria en Comunicación en Galicia e centro de desenvolvemento creativo en termos de investigación e transferencia. Tamén conseguín, por primeira vez, a presidencia da Asociación Española de Universidades con Titulacións de Información e Comunicación (ATIC), antiga conferencia de decanas e decanos, para a Universidade de Vigo.

Toda a miña traxectoria caracterízase por un fondo compromiso coa Universidade de Vigo e unha firme crenza na proxección e potencial futuro da nosa institución. A posibilidade de poder aportar o meu traballo e esforzo na mellora dun aspecto tan transversal e crucial como é a comunicación supón un reto motivador e que enlaza de xeito natural con ese compromiso institucional. Nunha dinámica xa experimentada en todos os anos de xestión académica, o diálogo, a transparencia e o traballo rigoroso son as claves da proposta de futuro na que, ademais, existe un fondo compromiso coa defensa da lingua e a cultura galega, na que a Universidade de Vigo debe ter un protagonismo fundamental.

Emma Torres-Romay



Pablo Cabanelas, candidato á Vicerreitoría de Economía, Estratexia e Emprendemento



Son catedrático de Comercialización e Investigación de Mercados no Departamento de Organización de Empresas e Marketing da Facultade de Comercio. Dirixo o grupo de investigación en Organización do Coñecemento dende 2014 e son director adxunto do centro de investigación interuniversitario ECOBAS (Economics and Business Administration for Society) dende comezos de 2025.

Fun estudante de ADE da Universidade de Vigo, onde cursei tamén o doutoramento e defendín a tese doutoral. Nesta universidade desenvolvín a miña actividade docente en diversas titulacións da Facultade de Comercio, da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, participando en todos os niveis formativos e contribuíndo á formación integral do estudiantado cunha especial énfase no marketing, a creación de valor e a competitividade empresarial e institucional, piares fundamentais no desenvolvemento económico dun país.

No eido da investigación, actúo como editor asociado de revistas de prestixio internacional no ámbito da economía da empresa, teño publicado e participado como revisor en múltiples revistas internacionalmente recoñecidas. Ademais, dirixín dez teses de doutoramento e participei en máis de corenta contratos de transferencia da investigación con institucións rexionais, nacionais e europeas, reforzando o vínculo entre universidade, empresa e sociedade. Tamén son vicepresidente da Academia Europea de Dirección da Economía da Empresa (AEDEM), responsable de investigación.



Unha das miñas principais liñas de traballo é a internacionalización. Neste sentido, coordinei durante case unha década (marzo de 2014 - xaneiro de 2024) o Mestrado en Comercio Internacional da Universidade de Vigo, ademais de colaborar con universidades doutros países en posgrao e ser docente convidado en universidades de Alemaña, Finlandia, Bélxica, Bosnia-Herzegovina, Italia e outros países, realizando estancias de investigación en Canadá, Portugal, México e Reino Unido. Así mesmo, son investigador principal e colaborador en proxectos europeos dentro do grupo de investigación e en colaboración con outros grupos da universidade. Fun investigador principal dos proxectos MoBAE (Interreg POCTEP), HEI4Future (EIT) e co-investigador principal dun proxecto do Ministerio de Ciencia e Innovación. Actualmente son investigador principal do proxecto FARCLIMATE, da Misión Clima da UE, e tamén participo como investigador principal de grupo no proxecto PROMISEANG da CBE JU.

Tiven a oportunidade de desenvolver unha investigación aplicada que xera impacto real no tecido empresarial galego, especialmente nas áreas de competitividade, internacionalización e novos modelos de negocio. Aposto decididamente pola internacionalización da investigación, promovendo iniciativas de colaboración que permiten consolidar redes académicas e empresariais en Europa e América, sempre cun enfoque estratéxico orientado a preparar un futuro mellor para as próximas xeracións.

Esta traxectoria permitíume afondar na importancia do traballo colaborativo entre persoas de diferentes departamentos, centros e servizos da Universidade de Vigo e doutras institucións. Este enfoque cooperativo é fundamental para acadar a excelencia científica, nun contexto cada vez máis interdisciplinar, no que as ciencias sociais poden desempeñar un papel aglutinador clave para o desenvolvemento económico, social e empresarial de Galicia. Con todo, debemos continuar nesta liña, xa que queda camiño por percorrer e aspectos que mellorar, nun exercicio permanente de mellora continua, imprescindible en calquera proxecto de calidade, para construír a universidade do futuro que queremos que sexa a Universidade de Vigo.

Fomo parte dun proxecto colectivo sólido e ambicioso para a universidade, baseado na experiencia, a honestidade, a capacidade de traballo, a transparencia, o diálogo, a proximidade e a eficacia como sinais de identidade desta nova etapa. Temos claro que o futuro non está escrito, senón que o estamos a construír, e a Universidade de Vigo debe seguir sendo clave nesta transformación.

Pablo Cabanelas Lorenzo



Eva María Lantarón, candidata á Vicerreitoría de Estudantado e Captación



Son profesora titular da Universidade de Vigo e iniciei a miña relación coa institución no ano 1991. A miña labor docente, consolidada coa titularidade obtida en 2010, fundaméntase na formación de profesionais críticos e altamente cualificados. A miña actividade científica, desenvolvida no seo do grupo de investigación de Fisioterapia Clínica (FS1), centrouse en xerar solucións clínicas de alto impacto nas áreas de fisioterapia respiratoria, deporte e oncoloxía, entre outras, baseándose na aplicación do exercicio terapéutico e poñendo o foco da investigación nas mulleres. Este compromiso coa excelencia investigadora tradúcese na coautoría de máis de 100 publicacións.

No ámbito da docencia, tiven o privilexio de acompañar ás novas xeracións a través da titorización de máis de 50 Traballos de Fin de Grao e de Máster, así como na dirección de teses doutorais, integrando sempre o coñecemento académico coas demandas da práctica clínica. Un eixo estratéxico da miña carreira, e que constitúe o vínculo máis sólido coa miña futura responsabilidade institucional, é a miña experiencia de máis de 18 anos como coordinadora de prácticas académicas externas. Esta labor permitíume coñecer de primeira man as necesidades formativas e as expectativas profesionais do estudantado, facilitando a súa transición ao mercado laboral. Completo esta actividade cun intenso labor de divulgación científica e formación continuada, reforzando a ponte indispensable entre a universidade e o sector profesional.



A miña traxectoria na xestión universitaria reflicte unha asunción progresiva de responsabilidades, sempre orientada ao fortalecemento institucional e á proxección nacional da nosa universidade. Na actualidade, desempeño o cargo de vicerreitora do Campus de Pontevedra para o mandato 2022-2026, formando parte do equipo de goberno liderado polo reitor Manuel Reigosa. Previamente, exercín como decana da Facultade de Fisioterapia durante tres mandatos (2013-2016 e desde 2018 ata o meu nomeamento como vicerreitora), tras ocupar postos de secretaria académica e vicedecana. Esta experiencia na xestión de centros proxectouse a nivel estatal ao asumir a presidencia da Conferencia Nacional de Decanos de Facultades de Fisioterapia (2020-2023), onde liderei a interlocución e coordinación da excelencia educativa en España. O meu compromiso coa organización profesional tamén se manifestou durante máis dunha década como vicepresidenta do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia (CoFiGa), unha etapa clave para entender a importancia da regulación e o prestixio das profesións sanitarias.

A coherencia e o impacto desta traxectoria foron recoñecidos recentemente por instancias profesionais e académicas como o Premio á Excelencia e Compromiso Profesional (2025), outorgado pola Unión Profesional de Galicia; o Premio CoFiGa á Traxectoria Profesional (2022), en recoñecemento a unha traxectoria de liderado e servizo no ámbito da saúde; e a Insignia de Ouro da CNDFF, máxima distinción concedida pola Conferencia Nacional de Decanos en recoñecemento á visión estratéxica e á dedicación demostrada ao servizo da formación académica nacional.

Asumo o desafío de integrarme na candidatura de Belén Rubio como vicerreitora de Estudantado coa determinación de situar ao alumnado como o eixo central de toda acción institucional. A miña experiencia previa na xestión de centros, o meu coñecemento profundo das prácticas académicas e o meu labor na representación nacional outórganme a perspectiva necesaria para afrontar este reto con garantías. Apostamos por un modelo de universidade baseado na mellora continua, indispensable para construír a Universidade de Vigo do futuro. Este compromiso co estudantado articularase a través dunha xestión definida polo diálogo constante, a proximidade real, a eficacia na resolución das súas necesidades e unha absoluta transparencia no servizo público.

A miña identidade profesional susténtase na honestidade e nunha sólida capacidade de traballo ao servizo da comunidade universitaria. Deste xeito, afronto a responsabilidade de liderar a Vicerreitoría de Estudantado e Captación aportando a experiencia acumulada en anos de xestión e unha visión estratéxica que prioriza a calidade institucional. Nesta nova etapa, mantereirei os valores de transparencia, diálogo e eficacia como motores para alcanzar as metas de excelencia que o noso estudantado e a nosa universidade merecen.

Eva María Lantarón Caeiro



Alma Gómez, candidata á Vicerreitoría de Extensión Universitaria



Son profesora titular da área de Linguaxes e Sistemas Informáticos no Departamento de Informática da Escola Superior de Enxeñaría Informática (ESEI) do Campus de Ourense. Formo parte do grupo de investigación LIA2, e pertenzo ao IFCAE (Instituto de Física, Computación y Ciencia Aeroespacial) da Universidade de Vigo.

A miña actividade docente desenvólvese nas titulacións da Escola Superior de Enxeñaría Informática e na Facultade de Relacións Internacionais e abrangue todos os niveis formativos (grao, mestrado e doutoramento), promovendo unha formación baseada no rigor técnico e o espírito analítico, centrada nunha tecnoloxía con propósito e impacto social.

A miña carreira posúe un matiz singular; no terceiro curso da Licenciatura en Informática inicié a miña andaina profesional a tempo completo, centrada no desenvolvemento de software para o sector bancario. Tras licenciarme, matriculeime no programa de doutoramento e, pouco despois, incorporeime como axudante na Universidade de Vigo. Na actualidade, no marco das miñas labores de investigación e difusión, participo en proxectos europeos e nacionais, así como en proxectos de transferencia tecnolóxica para empresas.

Ademais do anterior, asumín diversas tarefas de xestión na ESEI. Neste eido desenvolvín funcións de secretaria do centro, subdirectora de Mobilidade e Innovación e fun coordinadora dos mestrados impartidos na escola. Tamén veño colaborando ao longo dos anos con distintas axencias nacionais para acreditación e seguimento de títulos (ANECA, ACSUCYL, ACCUA).



No compromiso que a universidade debe ter coa súa contorna, considero a divulgación unha peza fundamental do meu compromiso. Son unha das coordinadoras das actividades de "eXXperimenta en feminino", colectivo que desde hai nove anos organiza unha feira de divulgación no campus de Ourense para visibilizar o papel da muller na ciencia e a tecnoloxía. Tamén impulsamos materiais (libros de divulgación, exposicións sobre mulleres científicas, vídeos, etc.) para o seu uso por parte de calquera colectivo non universitario. Esta colaboración activa pretende romper estereotipos e fomentar vocacións STEM entre a mocidade de Galicia a través de talleres e outros eventos. Nesta mesma liña son codirectora da cátedra ALDABA-WIB para a promoción da presenza da muller nas TIC.

O meu compromiso coa "tecnoloxía con propósito" esténdese tamén a outras idades. Son profesora do Programa Universitario de Maiores no campus de Ourense dende a súa creación en 2000 e, desde finais de 2023, asumín a súa coordinación no campus de Ourense.

Estas experiencias son a base da miña implicación nesta candidatura. Entendo que a universidade debe devolver á sociedade os seus investimentos, constituíndo un motor de cambio crítico e socialmente responsable, integrando as súas actividades como parte de dita sociedade e contribuíndo deste xeito á mellora profesional e científica da nosa contorna galega. Comprométome a ser axente facilitador deste cambio, pondo á disposición da cidadanía, con transparencia, responsabilidade e vocación de servizo, as múltiples capacidades da nosa universidade.

Alma Gómez Rodríguez



Félix Quintero, candidato á Vicerreitoría de Infraestruturas e Sostibilidade



Son profesor titular de Universidade do Departamento de Física Aplicada e estou acreditado a catedrático de universidade desde 2024. Formo parte do grupo de investigación Aplicacións Industriais dos Láseres, recoñecido pola Xunta de Galicia como grupo de referencia competitiva. Son tamén investigador no Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (CINTECX), que recentemente acadou o recoñecemento de centro colaborativo da Rede CIGUS.

Formado como doutor enxeñeiro industrial na Universidade de Vigo, completei a miña formación con diversas estadias internacionais, entre as que destaca a realizada como investigador posdoutoral en Rutgers University (EEUU), grazas a unha bolsa Marie Curie Outgoing. Son docente na Escola de Enxeñaría Industrial desde 2007, primeiro como investigador Parga Pondal e como profesor titular desde 2011, desenvolvendo a miña actividade docente nos graos da rama de enxeñaría industrial, en diversos másteres (enxeñaría industrial, automoción, nanociencia e nanotecnoloxía, entre outros) e no programa de doutoramento de Física Aplicada.

Sempre levei a cabo o meu labor docente con vocación e satisfacción, apoiado nun equipo de profesionais comprometidos que desenvolven o seu traballo con dedicación, rigor e compañeirismo, valores que considero fundamentais para o funcionamento da universidade.



Ocupo o cargo de vicerreitor de Planificación e Sostibilidade desde maio de 2025. Anteriormente, fun subdirector do CINTECX entre 2020 e 2025 e membro do Claustro Universitario entre 2000 e 2002 como estudante predoutoral.

Desempeño esta responsabilidade desde un profundo compromiso coa Universidade de Vigo, coa convicción de que os recursos destinados ás infraestruturas e aos equipamentos da universidade pública son limitados e pertencen á sociedade, polo que deben ser xestionados con eficacia, racionalidade e equidade. Formo parte da candidatura de Belén Rubio desde unha maneira de traballar baseada na transparencia, o diálogo e a responsabilidade. Así mesmo, asumo con orgullo o compromiso coa sostibilidade que define esta vicerreitoría, plenamente aliñado cos obxectivos de desenvolvemento sostible que a universidade promove, contribuíndo a unha visión responsable do futuro e á construción da universidade que queremos ser.

Félix Quintero Martínez



Iago Pozo, candidato á Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación ao Desenvolvemento



Son profesor titular na área de Explotación de Minas no Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Formo parte do grupo de investigación Xestión Segura e Sostible dos Recursos Minerais (XESSMin), integrado no Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (CINTECX) da UVigo.

Nesta universidade desenvolvo a miña actividade docente no Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, no Mestrado de Enxeñaría de Minas e no doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural. Tamén colaboro na docencia noutras universidades, como a Universidad de Granada. Son membro de grupos de innovación docente como Xeoloxía orientada á docencia (XEODA) e InnovAcción, ambos da Universidade de Vigo, e formo parte da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento.

A miña actividade investigadora céntrase na caracterización dos materiais que constitúen o patrimonio cultural tanxible, o seu deterioro e os tratamentos para a súa conservación, especialmente a limpeza e a consolidación. Son autor de máis de 100 publicacións en revistas SCI-JCR e de máis de 100 contribucións en congresos nacionais e internacionais, e actúo como editor asociado de revistas de prestixio nos ámbitos dos materiais, a conservación do patrimonio cultural e as tecnoloxías láser.



Desde 2018 dirixín cinco teses doutorais. Actualmente son presidente do Comité Internacional de LACONA (Lasers in Conservation of Artworks) e vocal do grupo especializado de Química para o Estudo e Conservación do Patrimonio Cultural da Real Sociedade Española de Química (GEQP-RSEQ). Fun investigador principal de tres proxectos de I+D+i do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e da Xunta de Galicia centrados na limpeza con láser do patrimonio pictórico e na conservación de arte urbano.

Desde o inicio da miña traxectoria investigadora realicei estadias internacionais a través de programas de mobilidade ERASMUS (KA131 e KA171) e de contratos posdoutorais. Entre as institucións de destino destacan o Getty Conservation Institute (Estados Unidos), o Instituto Superior Técnico (Portugal) e o Institute of Electronic Structure and Laser da Foundation for Research and Technology-Hellas (Grecia). Fun coordinador de tres proxectos europeos de mobilidade Erasmus+ (KA107 e KA171). Desempeñei o cargo de subdirector de relacións externas e mobilidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (2018-2022) e, desde 2023, son director da área de Promoción da Internacionalización da Universidade de Vigo. Conto tamén con experiencia en programas de fomento das vocacións científico-tecnolóxicas, como STEMBach, e formo parte do grupo Inspira STEAM da Universidade de Vigo.

A miña vocación pola internacionalización remóntase á miña etapa como estudante, entendéndoa como un elemento fundamental para o desenvolvemento persoal e profesional. O contacto con outras culturas e formas de traballo permite adquirir competencias clave e unha visión global imprescindible no contexto actual. Este enfoque levoume a asumir responsabilidades na área de mobilidade e internacionalización, convencido de que unha universidade debe estar aberta ao mundo e facilitar experiencias internacionais tanto ao persoal como ao estudiantado. Esta visión inclúe tamén unha conciencia das desigualdades globais e o compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, contribuíndo á formación de profesionais responsables e comprometidos.

Por todo isto, formo parte da candidatura de Belén Rubio como vicerreitor de Internacionalización e Cooperación ao Desenvolvemento, co obxectivo de integrar a dimensión internacional e a cooperación na docencia, na investigación, na xestión e na vida universitaria, converténdooas en elementos estruturais da Universidade de Vigo.

Iago Pozo Antonio



Javier Roca, candidato á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia



Son catedrático de universidade no Departamento de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Vigo. Defendín a miña tese de doutoramento no ano 2003 na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela, obtendo a cualificación de apto cum laude e o Premio Extraordinario de Doutoramento.

Fun docente nas tres universidades do SUG e desenvolvo a miña carreira académica na Universidade de Vigo desde o ano 2000, onde consolidei a miña traxectoria universitaria no seo do grupo SiDOR (Inferencia Estatística, Decisión e Investigación Operativa), un dos grupos de referencia da UVigo especializado en modelos e métodos estatísticos e en investigación operativa.

A miña experiencia docente universitaria comezou no curso académico 1999-2000 e, desde o curso 2007/2008 ata a actualidade, formo parte do profesorado en tres programas de mestrado: o Mestrado en Técnicas Estatísticas, o Mestrado en Bioloxía Mariña e o Mestrado en Enxeñaría Industrial.

A miña actividade científica céntrase na investigación metodolóxica e aplicada no ámbito dos modelos estatísticos, a análise de datos e a estatística computacional, con aplicacións en múltiples áreas científicas e tecnolóxicas. Esta actividade investigadora deu lugar a máis de noventa publicacións en revistas internacionais de impacto en ámbitos como a estatística, a informática, o medio ambiente, a biomedicina e a enxeñaría, entre outros, contando na actualidade con catro sexenios de investigación recoñecidos pola CNEAI.



Dentro da Universidade de Vigo desempeñei diversos cargos de xestión, sendo director do Departamento de Estatística e Investigación Operativa (2011–2017) e vicedecano de Organización Académica da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (2020–2021). Fun membro do Consello Executivo da SGAPEIO (Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións), asociación científica que promove a estatística e a investigación operativa tanto no ámbito académico como profesional. Tamén coordinei (2017–2022) o Mestrado Interuniversitario en Técnicas Estatísticas e, na actualidade, son membro da comisión académica do doutoramento en Estatística e Investigación Operativa.

Participei en diversos proxectos de investigación financiados polo Ministerio de Ciencia e Innovación, orientados ao desenvolvemento do coñecemento matemático básico e aplicado. Fun investigador principal en varios proxectos e contratos de investigación, así como en acordos de colaboración con empresas e institucións. Fun membro científico das comisións de goberno do ITMATI (Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial) desde 2017 ata a súa disolución en 2021. Na actualidade son director adxunto de transferencia do CITMAga (Centro Galego de Investigación e Tecnoloxía Matemática), centro interuniversitario creado polas tres universidades públicas de Galicia co obxectivo de integrar capacidades científicas no ámbito das matemáticas e potenciar a transferencia de coñecemento e tecnoloxía.

Asumo o compromiso de integrarme neste proxecto como candidato á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia coa vontade de seguir fortalecendo o sistema de I+D+i da Universidade de Vigo. A miña experiencia na investigación, na transferencia de coñecemento e na xestión académica permíteme afrontar este reto cunha visión estratéxica orientada a potenciar a calidade científica, a captación de recursos e o impacto social da investigación. Aposto por un modelo baseado na colaboración, na interdisciplinariedade e na conexión co tecido produtivo, co obxectivo de consolidar unha universidade máis competitiva, aberta e comprometida co desenvolvemento da sociedade.

Javier Roca Pardíñas



Adela Sánchez Moreiras, candidata á Vicerreitoría de Profesorado, Ordenación Académica e Titulacións



Son catedrática de Fisioloxía Vexetal no Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo da Facultade de Bioloxía. Formo parte do grupo de investigación en Agrobioloxía Ambiental, Calidade de Solos e Plantas, recoñecido pola Xunta de Galicia como grupo de referencia competitiva, e pertenzo ao Instituto de Agroecoloxía e Alimentación da Universidade de Vigo.

Desenvolvín a miña actividade docente en diversas titulacións e en todos os niveis formativos (grao, mestrado e doutoramento), contribuíndo á formación integral do estudiantado e á consolidación dunha docencia baseada no rigor, o espírito crítico e a proxección social. A miña vocación permitíume desfrutar sempre desta docencia e transmitir con motivación os meus coñecementos. No ámbito formativo tamén dirixín numerosas teses de doutoramento e traballos de fin de grao e de mestrado, contribuíndo á formación de novas xeracións de investigadores e investigadoras.

Inicieí a miña traxectoria investigadora na Universidade de Vigo, continuando a miña formación con estadías internacionais en centros de prestixio de Francia, Alemaña, Estados Unidos e España. O meu traballo foi recoñecido con galardóns como o Premio Rice e a Medalla de Prata da Sociedade Internacional de Alelopatía. Obtiven o doutoramento en Bioloxía con mención internacional e Premio Extraordinario, e posteriormente desenvolvín a miña etapa posdoutoral no Instituto Max Planck de Ecoloxía Química (Alemaña) grazas a un contrato Marie Curie e, de volta na UVigo, mediante un contrato Parga Pondal. Na actualidade, coordino proxectos europeos e nacionais de gran relevancia,



financiados por programas como Horizonte Europa e orientados cara a unha agricultura máis sostible e resiliente.

A miña implicación institucional inclúe responsabilidades como secretaria do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación, coordinadora durante anos dun programa de doutoramento, vogal de comisións académicas de mestrado, do Claustro e da Comisión de Estatutos, ademais da miña actual función como vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica. Así mesmo, quero destacar o meu compromiso coa defensa dos dereitos do profesorado da nosa universidade, exercendo durante sete anos como secretaria e, posteriormente, como presidenta do comité de empresa de PDI laboral, traballando sempre desde o diálogo e a responsabilidade na defensa das distintas figuras do persoal docente.

Presento esta candidatura coa vontade de seguir fortalecendo unha universidade pública de calidade, apostando pola excelencia docente, a estabilidade e o recoñecemento do profesorado, a innovación nas titulacións e a adaptación aos retos sociais actuais. Durante os anos nos que ocupei a vicerreitoría tiven a oportunidade de reducir o desequilibrio entre ámbitos mediante a convocatoria dun elevado número de prazas nas áreas máis deficitarias en capacidade docente, estabilizar e promocionar ao profesorado a través de prazas de profesorado permanente laboral, titular e catedrático de universidade, axilizar a contratación das distintas figuras de persoal docente, negociar melloras normativas, implementar automatizacións e dar acceso, desde a transparencia, á situación docente da nosa universidade.

Con todo, aínda queda moito por facer, e por iso comprométome a seguir traballando con transparencia, responsabilidade e vocación de servizo á comunidade universitaria, co obxectivo de consolidar unha Universidade de Vigo referente na calidade da docencia, no atractivo das súas titulacións e na vangarda do compromiso social.

Adela M. Sánchez Moreiras



Luis Álvarez Sabucedo, candidato á Vicerreitoría de Transformación Dixital



Son profesor titular no Departamento de Enxeñaría Telemática da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo desde 2021. Desenvolvo a miña actividade investigadora no Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos e no centroatlanTTic, integrado na Rede CIGUS da Xunta de Galicia.

A miña traxectoria docente permitíume acompañar ao estudiantado en todas as etapas da súa formación, desde os primeiros cursos de grao ata o doutoramento. Nos últimos anos centreime especialmente nas etapas máis avanzadas, onde a conexión coas tecnoloxías emerxentes resulta máis evidente. Participo activamente en grupos de innovación docente e considero a dirección de teses de doutoramento como unha das actividades máis enriquecedoras, ao permitir contribuír á culminación do proceso formativo do estudiantado. Defendo unha docencia baseada na transmisión de coñecemento significativo e na preparación das persoas para desenvolver todo o seu potencial persoal e profesional. Ao longo desta traxectoria, acadéi todos os quinquenios docentes posibles.

No ámbito investigador, desenvolvín o meu traballo arredor das tecnoloxías web, cun enfoque aplicado e orientado á resolución de problemas reais. Esta forma de entender a investigación permitíume participar en proxectos de ámbito autonómico, nacional e europeo, así como liderar iniciativas a nivel autonómico e nacional, nas que desenvolvín capacidades tanto científicas como de xestión. Os resultados acadados foron publicados en revistas de alto impacto e en congresos internacionais, o que me permitiu obter tres sexenios de investigación de forma consecutiva.



Desde 2024 desempeño tamén funcións de xestión como subdirector deatlanTTic. Esta experiencia permitíume coñecer de primeira man as dificultades, pero tamén as oportunidades, dunha universidade en proceso de transformación. Considero fundamental avanzar cara a estruturas máis áxiles, procesos máis sinxelos e unha dixitalización útil, orientada a facilitar o traballo da comunidade universitaria.

Decidín dar este paso coa convicción de que é necesario contribuír activamente á mellora da nosa institución. A proposta de Belén Rubio representa para min a oportunidade de avanzar cara a unha universidade que combine experiencia e capacidade de cambio, situando ás persoas no centro e consolidando os logros acadados sen renunciar á innovación.

Asumo este reto coa vontade de contribuír á mellora da dixitalización e da innovación docente, dous ámbitos clave para o futuro da Universidade de Vigo. Non se trata só de incorporar tecnoloxía, senón de transformar a forma de traballar, reducindo a burocracia e creando as condicións para que as persoas poidan desenvolver plenamente o seu potencial.

Creo nunha Universidade de Vigo que avance con estabilidade e ambición, máis áxil, máis moderna e máis conectada coa sociedade, capaz de consolidar os seus logros e de abrir novas oportunidades de futuro.

Luís Álvarez Sabucedo



Sara Domínguez Lloria, candidata á Vicerreitoría do Campus de Pontevedra



Son profesora titular da área de Didáctica da Expresión Musical na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo, no Campus de Pontevedra. A miña traxectoria académica e profesional desenvolveuse na intersección entre a educación, a música, a creación artística e a xestión, ámbitos que entendo como espazos inseparables.

Son doutora en Educación pola Universidade de Vigo, titulada superior en Música na especialidade de Piano, e completei a miña formación con estudos de posgrao en artes escénicas e en dirección e xestión de centros educativos. A miña actividade docente e investigadora céntrase na didáctica da música, a innovación educativa, a creatividade e a inclusión, con especial atención ao papel da educación artística na formación integral das persoas.

Ao longo da miña traxectoria combinei a docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento cunha dedicación constante á xestión educativa e cultural. Antes da miña incorporación á universidade asumín responsabilidades de dirección e organización que marcaron profundamente a miña maneira de entender o liderado institucional. En particular, como directora da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela, desenvolvín unha etapa clave na que traballei na planificación, a coordinación de equipos, a xestión de proxectos e a relación coa comunidade, consolidando un modelo educativo baseado na calidade, a proximidade e o acceso á formación musical.



Esa experiencia previa de xestión permitíume comprender que as institucións avanzan de maneira sólida cando combinan visión, escoita, responsabilidade e capacidade de traballo compartido. Tamén me ensinou que xestionar non consiste unicamente en administrar recursos, senón en crear as condicións para que as persoas, os proxectos e as ideas poidan medrar, unha convicción que segue guiando o meu traballo universitario.

Tras a miña incorporación á Universidade de Vigo, continuei esta liña de compromiso desde a docencia, a investigación e a colaboración con institucións do ámbito educativo, artístico e cultural. Participei e liderei proxectos de innovación educativa vinculados á formación do profesorado de música, á competencia cultural e artística e ao deseño e avaliación de programas de educación musical, así como iniciativas de transferencia con entidades como o Concello de Santiago de Compostela, a Real Filharmonía de Galicia ou o Museo Galego de Arte Contemporánea. Todo isto responde a unha concepción da universidade como unha institución aberta, conectada coa sociedade e xeradora de valor público.

A esta traxectoria súmase unha produción científica continuada, con numerosas publicacións en revistas e editoriais de referencia, a dirección de varias teses de doutoramento e achegas recentes en ámbitos como a motivación académica do futuro profesorado, a formación en educación superior, a creatividade e a intelixencia artificial xerativa, a identidade docente, a diversidade cultural ou a intervención artística en contextos de inclusión. Este conxunto de traballos reflicte unha liña de investigación comprometida cos retos contemporáneos da educación superior e da formación musical.

Do mesmo xeito, a miña actividade investigadora desenvolveuse en colaboración cunha ampla rede académica, con vínculos especialmente significativos coa Universidade de Santiago de Compostela e con outras universidades españolas e portuguesas. Esta dimensión colaborativa reforza unha concepción da investigación como un proceso compartido de construción de coñecemento, diálogo institucional e proxección interuniversitaria.

Creo firmemente no Campus de Pontevedra como un espazo de oportunidade, identidade propia e proxección de futuro, no que a formación universitaria dialoga coa creación, coa cultura, co deporte, coa educación e coas novas formas de innovación. Considero que este campus debe seguir fortalecendo a súa visibilidade, a súa cohesión interna e a súa capacidade para xerar orgullo de pertenza. O meu compromiso é contribuír a este proxecto desde a proximidade, o traballo rigoroso, a escoita activa e a cooperación con todos os centros, servizos e colectivos que dan vida ao campus cada día.

Sara Domínguez Lloria



Javier Rodríguez Rajo, candidata á Vicerreitoría do Campus de Ourense



Son Catedrático de Universidade na área de Botánica da Facultade de Ciencias, e preséntome na candidatura de Belén Rubio como Vicerreitor do Campus de Ourense coa vontade de seguir contribuíndo ao desenvolvemento, fortalecemento e proxección do noso campus. Formo parte do grupo de investigación en Sistemas Agroambientais (GISA) que pertence ao Instituto de Investigación de Agroecoloxía e Alimentación do Campus Auga (IAA) da Universidade de Vigo.

A miña traxectoria académica e profesional está estreitamente ligada o meu compromiso coa Universidade de Vigo e, en particular co Campus de Ourense, como membro do mesmo dende hai 37 anos, estudando, ensinando, investigando e asumindo responsabilidades de xestión en diferentes niveis. Esta experiencia permitíume adquirir un coñecemento profundo da súa realidade e coñecer de primeira man de onde vimos, onde estamos, pero sobre todo cara a onde debemos avanzar.

Despois de estudar a miña Licenciatura no Campus de Ourense e facer diversos cursos internacionais de posgrao nos Estados Unidos, Holanda e Italia, doutoreime en Bioloxía no ano 2001 para iniciar a miña carreira investigadora a través do programa Isidro Parga Pondal, o que me permitiu consolidar unha base científica sólida e comprometida coa excelencia. Posteriormente, desenvolvín unha progresión académica continua, pasando polas figuras de Profesor Contratado Doutor, Titular de universidade e, dende 2019, Catedrático de universidade.



Ao longo destes anos, desenvolvín unha actividade docente e investigadora constante e recoñecida, sendo autor de preto de 200 publicacións, das que 120 son en revistas SCI-JCR, mais de 300 comunicacións a congresos, director de 12 teses de doutoramento e IP en preto de 30 proxectos/contratos de investigación, tal e como acreditan os meus cinco quinquenios docentes e os catro sexenios de investigación, aos que se suma un sexenio de transferencia. Estes méritos reflicten non só a continuidade do meu traballo, senón tamén o compromiso coa calidade na docencia, a xeración de coñecemento e a súa transferencia á sociedade.

A miña experiencia en xestión universitaria proporcionoume unha visión integral e transversal do funcionamento institucional que me permite coñecer de primeira man os retos aos que nos enfrontamos. Fun Vicedecano e xefe de estudos da Facultade de Ciencias, Director da Área de Desenvolvemento de Infraestruturas do Campus de Ourense, e Director do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo durante varios anos. Posteriormente, asumín o cargo de Decano da Facultade de Ciencias, etapa na que traballei activamente na consolidación da oferta académica e na mellora da organización interna do centro. Desde xuño de 2023 teño a honra de exercer como Vicerreitor do Campus de Ourense, o que me permitiu afondar no coñecemento das necesidades, potencialidades e retos específicos do Campus. Este percorrido non é só unha suma de cargos, senón unha aprendizaxe continua que me capacita para liderar con responsabilidade e visión estratéxica.

A miña candidatura susténtase nun compromiso claro co desenvolvemento equilibrado do Campus Auga, co fortalecemento da súa identidade propia como Campus de Especialización dentro da Universidade de Vigo, e coa mellora continua das condicións para o alumnado, o profesorado e o persoal técnico de administración e servizos. Considero fundamental seguir avanzando con novas titulacións, a modernización das infraestruturas, na promoción da investigación e na captación de talento, na internacionalización así como no reforzo das relacións co tecido social e económico da contorna.

Defendo un modelo de campus con máis capacidade de decisión, apostando por un modelo de xestión baseado na proximidade, no diálogo, na transparencia e na participación da comunidade universitaria, entendendo que os mellores resultados so se acadan dende a colaboración e o traballo en equipo.

Todo isto lévame a formar parte da candidatura de Belén Rubio como candidato a Vicerreitor do Campus de Ourense coa ilusión de seguir traballando polo campus, dende a experiencia acumulada e coa vontade de afrontar novos retos que contribúan ao seu crecemento, á súa visibilidade e á súa excelencia académica e científica.

Javier Rodríguez Rajo



Anexos





Anexo 1. Relación de obxectivos e liñas estratéxicas

Obxectivos	Liñas estratéxicas relacionadas	Xustificación
1. Calidade	2. Xestión e organización administrativa 7. Calidade 6. Oferta académica	A calidade é transversal á docencia, xestión e organización institucional
2. Excelencia	8. Innovación docente 11. Investigación 12. Transferencia	A excelencia concrétese na investigación, innovación e impacto
3. Competitividade	10. Empregabilidade 13. Internacionalización 15. Financiamento	Ligada á captación de recursos, proxección internacional e inserción laboral
4. Estabilidade	2. Xestión e organización administrativa 3. Política de persoal 15. Financiamento	Require persoal estable, financiamento sólido e boa organización
5. Benestar e persoas	1. Gobernanza 4. Estudantado 5. Igualdade e saúde laboral	Sitúa ás persoas no centro e vincúlase coa participación e condicións de traballo
6. Innovación e dixitalización	2. Xestión e organización administrativa 8. Innovación docente 17. Transformación dixital	Afecta á docencia, administración e procesos internos
7. Comunicación	1. Gobernanza 19. Comunicación institucional	Transparencia, participación e relación coa comunidade
8. Internacionalización	13. Internacionalización 14. Cooperación	Proxección exterior e colaboración global
9. Desconcentración	16. Infraestruturas e campus 18. Sostibilidade	Relación co desenvolvemento sostible e o territorio
10. Identidade e proxección	16. Infraestruturas e campus 20. Extensión universitaria	Ligado á identidade institucional e proxección social



Anexo 2. Relación de líneas estratégicas con compromisos

Liñas estratégicas	Compromisos asociados
1. Gobernanza	1, 2, 3
2. Xestión e organización administrativa	4, 5
3. Política de persoal	6, 7, 8
4. Estudantado	9, 10
5. Igualdade e saúde laboral	11, 12
6. Oferta académica	13, 14
7. Calidade	15
8. Innovación docente	16, 17
9. Captación e permanencia	4, 6, 11
10. Empregabilidade	18
11. Investigación	19, 20, 21
12. Transferencia	22, 23
13. Internacionalización	24, 25
14. Cooperación	26
15. Financiamento	27, 28
16. Infraestruturas e campus	29, 30
17. Transformación dixital	31, 32
18. Sostibilidade	33
19. Comunicación	34, 35
20. Extensión universitaria	36, 37, 38, 39, 40



Anexo 2. Listaxe de acrónimos

AECID - Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento
AEI - Acción Estratéxicas de Investigación
ANL - Área de Normalización Lingüística
ATIC - Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions
BIP - Blended Intensive Programs
BoUVigo - Boletín da Universidade de Vigo
CACTI - Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación
CEISHMA - Comité de Ética de Investigación en Humanos e Medio Ambiente
CESGA - Centro de Supercomputación de Galicia
CIGUS - Centros de Investigación del Sistema Universitario de Galicia
CITI - Centro de Investigación, Transferencia e Innovación
COIL - Collaborative Online International Learning
CoARA - Coalition for Advancing Research Assessment
CPFP - Centro de formación permanente do profesorado
CRAI - Centro de Recursos para a Aprendizaxe e a Investigación
CRUE - Conferencia de Rectores e Rectoras das Universidades Españolas
CU - Catedrático de Universidad
DGPOLDES - Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sostible
ECIMAT - Estación de Ciencias Mariñas de Toralla
EIDO - Escola Internacional de Doutoramento
EIT - European Institute of Innovation and Technology
ERC - European Research Council
ESC - Erasmus Student Card
ESN - Erasmus Student Network
ETEA - Escola de Transmisións e Electricidade da Armada
GAIN - Axencia Galega de Innovación
GE4 - Global Education: Exchanges for Engineers and Entrepreneurs
GPC - Grupo de Potencial Crecimento
GRC - Grupo de Referencia Competitiva
HELA - Higher Education Lecturing Accreditation
HR - Human Resources
HRS4R - Human Resources Strategy for Researchers
I+D+i - Investigación, desenvolvemento e innovación
I3 / R3 - [Programa de] Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora
IA - Intelixencia Artificial
IAX - Intelixencia Artificial Xenerativa
ICC - Industrias Culturais e Creativas
ICTS - Infraestrutura Científica e Técnica Singular
ISEP - International Student Exchange Programme
KA2 - Key Action 2
LCTI - Lei da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación
LGTBIQA+ - Lesbianas, Gays, Trans, Bisexuales, Intersexuales, Queer, Asexuales e outras identidades
LOSU - Ley Orgánica do Sistema Universitario
MICO - Microproxectos competitivos



MUVERS – Programa de actividad física
NEAE - Necesidades Específicas de Apoio Educativo
ODS - Obxetivos de Desenvolvemento Sostible
OEPM – Oficina Española de Patentes e Marcas
OMA - Oficina de Medio Ambiente
ONGD - Organización No Gubernamental para el Desarrollo
ORI - Oficina de Relacións Internacionais
PAI – Persoal de Apoio á Investigación
PAP – Programa de Acompañamento Psicológico
PDI – Persoal Docente e Investigador
PI – Persoal Investigador
PIPA - Plan Integral de Preparación e Acreditación do Inglés
PIUNE – Programa de Integración para os Universitarios con Necesidades Especiais
POD – Plan de Ordenación Docente
PPL – Profesor Permanente Laboral
PTXAS – Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos
PUM – Programa Universitario de Maiores
REXE – REmuda XEneracional
RGCUD - Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento
RLD – Recursos Liberados Disponibles
RPT – Relación de Postos de Traballo
RyC - Ramón y Cajal
STEM – Science, Technology, Engineering, and Mathematics
TFG / TFM – Traballo Fin de Grao / Mestrado
TSAS - Terceiro Sector de Acción Social
TU - Titular de Universidad
UCC-i – Unidad de Cultura Científica e de Innovación
UMI – Unidades Mixtas de Investigación
UNISF - Universidade sen Fronteiras
XUX - Xanela Única de Xustificación





Universida_{de}Vigo